

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 4

SESION ORDINARIA DO 26 DE MARZO DE 2012

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velooso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Egerique Mosquera, Teresa

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día vinte e seis de marzo do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias

Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está ausente a concelleira Sra. Egerique Mosquera (xustifica a ausencia). Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

A PRESIDENCIA: Comezamos o Pleno ordinario correspondente ao presente mes coa orde do día que obra en poder das señoras e señores concelleiros. Ábrese sesión pública, constátase quórum e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1.- (41). ACTA ANTERIOR. (SESIÓN 27.02.12)

(Está ausente a Sra. Egerique Mosquera do Grupo Popular).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno da Corporación que tivo lugar o día 27 de febreiro de 2012.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non se realizaron.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1.- (42).- RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN PRESENTADA NO PERÍODO DE INFORMACIÓN PÚBLICA REFERENTE AO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DO RAMAL 5 DA ESTRADA DE FRAGOSELO. DESESTIMACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 18822/240 (136/1101)

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 15 de febreiro de 2012, o xefe do Servizo de Patrimonio, coa conformidade da concelleira delegada e máis do secretario de Administración Municipal, informa do que segue:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto do 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

1º.-Por acordo do Pleno Municipal en sesión do 8 de setembro de 2011 resolveuse aprobar inicialmente a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición e grafía (folla 11-36) como vía pública, no epígrafe I Inmóbles-Vías, do ramal 5 da Estrada Fragoselo e someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes aos efectos de resolver eventuais reclamacións.

2º.- Acordo notificado aos interesados no expediente e sometido polo prazo regulamentario a información pública mediante edito (BOP núm. 203 do 21 de outubro de 2011).

3º.- Segundo certificación da secretaria do Goberno Local do 30.11.2011, durante o prazo de exposición pública do expediente presentouse reclamación por D^a M^a Carmen Santos Dopeso. A reclamante no seu escrito de data

S. Ordinaria 26.03.12

18/11/2011 oponse ao acordo adoptado alegando que con iso prexudícase o seu dereito a gozar dunha vivenda digna ó negárselle o alumeado público no camiño, considerando que se trata dun camiño público por destinarse ao uso xeral e ao servizo público, polo que solicita se resolva deixando o tramo como ben de dominio público.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- As alegacións formuladas por dona Mª Carmen Santos Dopeso ao acordo do Pleno municipal do 08.09.2011 de aprobación inicial da rectificación do IMBD dando de baixa como vía pública o ramal 5 da estrada Fragoselo, carecen da motivación necesaria para poder desvirtuar os fundamentos xurídicos que xustifican o acordo adoptado, limitándose a facer mención ao dereito constitucional a unha vivenda digna e ao feito da previa constancia no IMBD dese ramal, circunstancias que en modo ningún afectan á competencia municipal para adoptar acordos sobre o seu Inventario Municipal.

O Inventario municipal, como documento administrativo onde se reflicten e rexistran os bens e dereitos das entidades locais, a que están obrigadas estas á súa formación, de acordo coa normativa vixente (art. 17 do RBEL), é un documento suxeito a unha continúa mutación co fin de adecuar os seus rexistros á realidade e actualizándoos coas novas incorporacións e baixas orixinadas na xestión do patrimonio municipal e que da actividade administrativa teñan acontecidas.

Consonte a estes principios de verificación e rectificación, de ser o caso, acometeuse a tramitación do presente expediente, e trala súa instrución da que resultou a incorrección dos datos do Inventario municipal referente a dito ramal -de acordo cos informes e documentación achegada ao expediente- deu lugar a adopción do acordo plenario polo que en base aos feitos e fundamentos de dereitos que constan no mesmo, resolveuse aprobando inicialmente a rectificación do IMBD dando de baixa ao ramal 5 da estrada do Fragoselo ao non reunir a condición de camiño de uso público.

2º.- A teor do exposto, procede a desestimación das alegacións formuladas por Dª Mª Carmen Santos Dopeso ao acordo de rectificación do IMBD adoptado e conseguintemente aprobar definitivamente a baixa no inventario como vía pública municipal do ramal 5 da estrada do Fragoselo.

3º.- Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

Polo anteriormente exposto, o xefe do Servizo de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

S. Ordinaria 26.03.12

A comisión informativa de Economía, Facenda, Educación e Patrimonio, na súa sesión do 19 de marzo de 2012, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a concelleira Sra. Egerique Mosquera do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Desestimar as alegacións formuladas por dona M^a Carmen Santos Dopeso contra o acordo do Pleno municipal do 8 de setembro de 2011, da aprobación inicial da rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos do ramal 5 da Estrada Fragoselo.

Segundo.- Aprobar a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición e grafía (folla 11-36) como vía pública, no epígrafe I Inmobles-Vías, do ramal 5 da Estrada Fragoselo.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Xerencia Municipal de Urbanismo, Servizo de Vías e Obras e demais servizos municipais que corresponda.

3.2.- (43).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO PLENARIO DO 26..07.11 REFERENTE AO RAMAL 1 DO CAMIÑO DE TRONCALES EN BEMBRIVE. ESTIMACIÓN. EXPTE. 18745/240 (192/1101).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 13 de febreiro de 2012, o xefe do Servizo de Patrimonio, coa conformidade da concelleira delegada e máis do secretario de Administración Municipal, informa do que segue:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

S. Ordinaria 26.03.12

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 do xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto do 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

1º.- Polo Pleno Municipal, en sesión do 26 de xullo de 2011, acordouse: 1º.- *Estimar parcialmente a reclamación administrativa formulada por D. José Carollo Riveiro referente ao ramal 1 do camiño. Troncales-Bembrive, aprobando inicialmente a rectificación da súa inscrición no Inventario municipal de bens e dereitos, debendo constar no epígrafe I Inmobles-Vías (ficha técnica e folla cartográfica 20-31) cunha lonxitude de 37 metros e unha sección de 3 metros lineais, de acordo coa proposta do Servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo de data 10.02.2011. 2º.- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes aos efectos de resolver eventuais reclamacións. 3º.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral.*"

2º.- Notificada a resolución ao interesado en data 10 de agosto do 2011, formulouse por este recurso de reposición o 02.09.2011 contra o acordo plenario adoptado, solicitando a súa revisión ó considerar que non é un camiño publico, si non que tratase dunha servidume de paso, debéndose adaptar dito ramal 1 á lonxitude de 29 ms. correspondente coa distancia ata o límite da propiedade nº 8, tal e como consta nas fichas de características aprobadas e coincidente co sistema viario do plan xeral.

3º.- Dado traslado do recurso formulado ao arquitecto de Patrimonio para informe, emítase por este en data 19.12.2011.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- Procede admitir a tramite o recurso de reposición interposto por canto se fai en tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.

2º.- En relación ao alegado, o arquitecto de Patrimonio en data 19.12.2011

S. Ordinaria 26.03.12

sinala que dito ramal presenta unha diferenza entre a súa grafía nos planos do Inventario (50 ml) e os datos cos que consta na ficha de características dese inventario (40 ml con orixe no camiño Troncales e final na propiedade nº 8), polo que nestes casos, nos que se marca un claro final do camiño, debe prevalecer ese dato sobre a lonxitude grafiada, propoñendo a supresión dese tramo do camiño posterior grafiado tralo inicio da propiedade nº 8, eliminando os 16 últimos metros do ramal, que quedaría dunha lonxitude de 29 ml (a teor da medición efectuada polo servizo de Cartografía). Conclúe considerando totalmente correcto o alegado polo recorrente en canto á lonxitude do ramal que é coincidente coas dimensións marcadas polas aliñacións do sistema viario do Plan xeral vixente.

3º.- O Inventario Municipal de bens e dereitos é un rexistro administrativo, que se ben por si mesmo non proba, crea, nin constitúe dereito ningún a prol da Administración (neste sentido o art. 33.4 da LPAP sinala, en relación á Administración Xeral do Estado que, o Inventario non ten a consideración de rexistro público e os datos nel reflectidos non producen efectos fronte a terceiros nin poden ser empregados para facer valer dereitos fronte á propia Administración), sen embargo si constitúe unha ferramenta básica de información e na xestión interna do patrimonio das administracións públicas, así como para o exercicio das facultades que o ordenamento xurídico recoñece ás AAPP respecto ao seu patrimonio.

A inclusión de bens e dereitos en dito rexistro municipal, tal e como dispón a normativa patrimonial de aplicación, acadarase en función daquela documentación en virtude da cal se atribúa a súa titularidade ao Concello, e conseguintemente referende os datos reflectidos no inventario. Dita documentación deberá archivarase de xeito separado do resto da documentación administrativa e o seu lugar de arquivo constará consignado no propio inventario (art. 30 do RBEL).

Para o correcto cumprimento de ditos fins, requírese dunha constante actualización e revisión dos seus rexistros, adecuándoos á realidade resultante da propia actuación administrativa, de tal xeito que os seus datos sexan reflexo da realidade patrimonial da Administración, prevéndose regulamentariamente unha rectificación anual e a súa comprobación cada vez que aconteza a renovación da Corporación (art.33 RBEL).

4º.- Circunscíbndose ao que é obxecto da resolución administrativa a adoptar na correcta inclusión no inventario municipal de viais do tramo final (dende a propiedade nº 8) do ramal 1 ó camiño dos Troncales, pódese estimar pertinente, de acordo co informado polo arquitecto de Patrimonio, a rectificación da lonxitude e grafía dese ramal, figurando nas fichas de características técnicas e grafiado na folla cartográfica 20-31, cunha lonxitude de 29 ml e sección 3 ms.

Conseguintemente preséntase neste caso a necesidade de proceder á

S. Ordinaria 26.03.12

rectificación do inventario de viais, actualizando os seus datos e planimetría coa finalidade de axustar dito rexistro á realidade patrimonial do Concello resultante do expediente tramitado, e sen que en modo ningún supoña un recoñecemento da propiedade ou titularidade dominical do camiño a prol do reclamante, cuestión esta cuxa resolución compete á xurisdición ordinaria tal e como xa se pronunciou esta administración no acordo adoptado, desestimatorio da reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil presentada polo interesado.

Rectificación que en todo caso e consonte o disposto polo Pleno Municipal o 30.11.94, segundo o cal todos os expediente de rectificación do Inventario municipal deberán levar unha cláusula xeral no sentido de que as rectificación se farán menos naquelas porcións de terreo que o plan xeral recolla como viario, axustaríase a dita premisa ao non verse afectado o tramo sinalado como viario no PXOM.

5º.- Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).”

Polo anteriormente exposto, o xefe do Servizo de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda, Educación e Patrimonio, na súa sesión do 19 de marzo de 2012, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a concelleira Sra. Egerique Mosquera do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición interposto por D. José Carollo Riveiro contra o acordo adoptado polo Pleno municipal na súa sesión do 26 de xullo do 2011, sobre o ramal 1 do camiño Troncales-Bembrive, no termo municipal de Vigo, rectificando a súa inscrición no Inventario municipal de bens e dereitos, debendo constar no epígrafe I Inmobles-Vías (ficha técnica e folla cartográfica 20-31) cunha lonxitude de 29 metros e unha sección de 3 metros lineais, consonte coa fundamentación xurídica exposta nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais

S. Ordinaria 26.03.12

correspondentes e a Xerencia Municipal de Urbanismo.

3.3.- (44).- RESOLUCIÓN DO RECURSO E APROBACIÓN DEFINITIVA DE RECLAMACIÓN INVENTARIAL RESPECTO DO RAMAL 1 DO CAMIÑO DE CEÁN EN CORUXO. DESESTIMACIÓN. EXPTE. 1136/244 (331/1101).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 16 de febreiro de 2012, o xefe do Servizo de Patrimonio, coa conformidade da concelleira delegada e máis da xefa da área de Réxime Interior, informa do que segue:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto de 24 do xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

1º.- Polo Pleno Municipal, en sesión do 31 de outubro do 2011, acordouse: *Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por Dª Mª Luz Fernández Mariño mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 29.03.2011, ao non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a desafectación e rectificación inventarial solicitada respecto do tramo final do ramal 1 do camiño Cean, na parroquia de Coruxo, reflectido no Inventario municipal de bens e dereitos.*

2º.- Notificada a resolución ao interesado en data 21 de novembro de 2011, formulouse o 20.12.2011 por este recurso de reposición contra o devandito acordo plenario.

S. Ordinaria 26.03.12

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- Procedo admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai en tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.

O interesado no seu recurso manifesta que non é un camiño público, tratándose dun terreo de propiedade privada segundo a documentación achegada, sen que o feito de que dispoña de servizos públicos o rebata, nin se usa polos veciños, solicitando a rectificación da lonxitude co que figura nas fichas técnicas do inventario debendo constar cunha lonxitude de 45 ml.

2º.- Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto ademais de non fundamentarse en ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts 62 e 63 da LRXAP E PAC, coma así se esixe no art. 107 do dito texto legal, non se observa tampouco dita concorrencia.

No recurso formulado límitase a incidir en cuestións que xa constan na instrución do expediente, informadas e resoltas no acordo adoptado e, neste sentido, nos fundamentos xurídicos que serven de base ao mesmo, faise unha delimitación do ámbito de competencia desta administración en relación ás cuestións presentadas polo interesado respecto aos dereitos dominicais sobre o terreo afecto, que ao referirse a cuestións de dereito privado son competencia dos tribunais do orde xurisdiccional civil, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, non procedendo entrar nelas, *debéndose* centrar a controversia na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ao uso público en xeral e polo tanto dunha posesión pública e pacífica por parte do Concello, sinalándose ao respecto que *"...tratase dun ramal que partindo do camiño Cean que serve de acceso a distintas propiedades, cunha configuración física clara e delimitada polas fincas lindeiras, que dispón de servizos públicos, e reflectida tanto nos planos do Catastro, como na planimetría do Concello (plano escala 1:1000 do ano 1985, e no plano lecar 1/2000 do ano 1964 salvo nun tramo final) segundo resulta do informado polo Servizo de Cartografía, constando así mesmo coa oposición dos veciños manifestada pola Asociación Veciñal de Coruxo na instrución do expediente á dita desafectación..*

Por outra banda, faise constar, que de acordo co informado polo arquitecto de Patrimonio, no vixente plan xeral atópanse marcadas aliñacións dun vial que afecta ao camiño nunha lonxitude de 75 metros lineais dende o seu inicio, concorrendo con isto o suposto de feito contemplado no acordo plenario de data 30.11.94, segundo o cal todos os expedientes de rectificación do Inventario municipal deberán levar unha cláusula xeral no sentido de que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o plan xeral recolla como viario.

3º.- A teor do exposto, estimándose correcto o acordo adoptado, procedo a desestimación do recurso formulado.

S. Ordinaria 26.03.12

4º.- Corresponde ao Pleno Municipal, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo do 25.01.2010, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.”

Polo anteriormente exposto, o xefe do Servizo de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda, Educación e Patrimonio, na súa sesión do 19 de marzo de 2012, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a concelleira Sra. Egerique Mosquera do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar o recurso de reposición interposto por dona M^a Luz Fernández Mariño contra o acordo do Pleno Municipal do 31 de outubro de 2011 ao non resultar desvirtuados, polos razoamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos técnicos e xurídicos que motivaron a súa adopción.

3.4.- (45).- SOLICITUDE DE MANUEL PÉREZ DOMÍNGUEZ REFERIDA Á BAIXA DOS CAMIÑOS RÚA REDONDO R-4-1 E R-4-2 NA PARROQUIA DE NAVIA. EXPTE. 650/244 (414/1101).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 2 de marzo de 2012, o xefe do Servizo de Patrimonio, coa conformidade da concelleira delegada e máis da xefa da área de Réxime Interior, informa do que segue:

“1º.- No Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo plenario do 4 de maio de 1993, constan no seu epígrafe I-Vías Públicas, as seguintes rúas: RU REDONDO R-4.1 con orixe na rúa Redondo-4 e remate en finca particular, dunha lonxitude de 44 m.; e así mesmo a RU REDONDO R-4-2 con orixe na rúa Redondo-4 e remate en finca particular nº 59, dunha lonxitude de 27 m., sitas na parroquia

S. Ordinaria 26.03.12

de Navia e grafiadas como vías públicas na folla 10-31 da cartografía de viais.

2º.- O Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no procedemento ordinario 378/2010, seguido no recurso contencioso administrativo interposto por D. Manuel Pérez Domínguez contra o acordo do Pleno Municipal do 30.11.2010, desestimatorio da reclamación de rectificación inventarial formulada respecto dos camiños rúa Redondo R-4-1 e rúa Redondo R-4-2 , ditou sentenza en data 1 de setembro de 2011 na que, estimando dito recurso, anula o acordo adoptado e condena a esta administración a rectificar o Inventario municipal no sentido de excluír do mesmo os sinalados camiños, procedendo á súa baixa inventarial.

Sentenza da que se deu conta á Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 21 de outubro do 2011.

3º.- A teor do contido da sentenza, estimando a rectificación inventarial instada polo recorrente, o que ven afectar a consideración de vía pública que resulta do Inventario municipal deses ramais da rúa Redondo, interesouse do servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo proposta de rectificación da cartografía municipal de viais (folla 10-31) aos efectos de proceder á rectificación inventarial en cumprimento e execución desa resolución xudicial.

O topógrafo municipal emite informe o pasado 27 de febreiro, achegando plano da folla cartográfica 10-31 do Inventario Municipal de Bens-Viais, coa rectificación gráfica de ditos ramais resultante.

4º.- Consecuentemente co que antecede, e dado o deber das administracións públicas e demais entidades públicas e privadas do respecto e cumprimento das sentenzas e demais resolucións xudiciais que sexan firmes ou executivas de acordo coas leis, tal e como dispón o art. 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, cumpre nos termos sinalados na sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, proceder á rectificación no IMBD do seu Ep. I Vías, dando de baixa aos camiños rúa Redondo R-4-1 e rúa Redondo R-4-2, e rectificando a grafa da folla 10-31 de acordo coa proposta do Servizo de Cartografía que consta no expediente.

5º.- Resulta competente para a adopción do acordo de rectificación do Inventario Municipal o Pleno Municipal, de acordo co disposto no artigo 34 do RD 1372/86 de Bens das Entidades Locais.”

Polo anteriormente exposto, o xefe do Servizo de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda, Educación e Patrimonio, na súa sesión do 19 de marzo de 2012, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

S. Ordinaria 26.03.12

(Está ausente a concelleira Sra. Egerique Mosquera do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a rectificación do Epígrafe I Vías Públicas do Inventario Municipal de Bens 100033695 e Dereitos, dando de baixa os camiños rúa Redondo R-4-1 e rúa Redondo R-4-2, sitos na parroquia de Navia (C. rueiro 09980) e anulando a súa grafía reflectida na folla 10-31 da cartografía de viais, de acordo coa proposta do Servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo de data 27 de febreiro de 2012.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados, servizos municipais correspondentes e á Xerencia Municipal de Urbanismo.

3.5.- (46).- APLICACIÓN EN EXECUCIÓN DE SENTENZA DO 02.02.10 DO XULGADO DO MERCANTIL NÚM. 2 DE PONTEVEDRA, DA QUITA E ESPERA DOS CRÉDITOS MUNICIPAIS EXISTENTES NO CONVENIO CONCURSAL DA MERCANTIL “ASTILLEROS Y VARADEROS MONTENEGRO”. EXPTE. 18094/700 (417/1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe de data 17 de febreiro de 2012, emitido polo tesoureiro municipal e coa conformidade do interventor xeral:

“LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT).
- (LC).
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais en materia orzamentaria (RD 500/1990).

INFORME:

S. Ordinaria 26.03.12

PRIMEIRO.- En data 4 de decembro de 2009, o Xulgado do Mercantil nº 2 de Pontevedra ditou Auto no procedemento de concurso abreviado 709/2009, declarando o concurso voluntario da entidade "ASTILLEROS Y VARADEROS MONTENEGRO, S.A.", con NIF A36683662.

Na devandita data, a entidade "ASTILLEROS Y VARADEROS MONTENEGRO, S.A." era debedora á Facenda municipal do Concello de Vigo polas débedas que se indican máis adiante.

SEGUNDO.- O apartado 2º do art. 164 da LXT establece que "En caso de concurso de acredores aplicárase o disposto na Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal e, no seu caso, na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, sen que iso impida que se dite a correspondente providencia de prema e se devenguen as recargas do período executivo se se desen as condicións para iso con anterioridade á data de declaración do concurso ou ben se trate de créditos contra a masa".

TERCEIRO.- O 7 de abril de 2010 comunicáronse á Administración concursal os créditos que a Facenda Municipal ostentaba fronte á mercantil concursada, sendo recoñecido a favor do Concello de Vigo un crédito por importe total de 6.683,88 € correspondentes aos recibos 085000261 por importe de 2.000,14 € e 085000262 por importe de 1.322,82 €, ambos polo IAE do exercicio 2008, xunto coa recarga de prema correspondente, e o recibo 090055965 por importe de 3.028,63 € polo IBI do exercicio 2009.

CUARTO.- Segundo o art. 55 da LC, declarado o concurso, non poderán iniciarse execucións singulares, xudiciais ou extraxudiciais, nin seguirse premas administrativas ou tributarias contra o patrimonio do debedor, aínda que poderán continuarse aqueles procedementos administrativos de execución nos que se ditou providencia de prema con anterioridade á data de declaración do concurso, sempre que os bens obxecto de embargo non resulten necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor, polo que, tendo en conta que a providencia de prema das débedas correspondentes aos recibos do IAE pendentes foi ditada con anterioridade á declaración de concurso, de acordo co citado precepto, para a recadación de devanditas débedas continuouse co procedemento administrativo de prema procedéndose, o 23 de setembro de 2010, ao embargo de contas correntes da concursada por importe de 4.309,80 €.

Pola súa banda, o apartado 2º do citado precepto dispón que as actuacións que se achasen en tramitación quedarán en suspenso dende a data de declaración de concurso, sen prexuízo do tratamento concursal que corresponda dar aos respectivos créditos, polo que, con respecto ao recibo do IBI, tendo en conta que non se ditou a providencia de prema con anterioridade á data de declaración do concurso, non se iniciou o procedemento de execución encamiñado á recadación de devandita débeda, sendo, ao día da data, o único crédito a favor do Concello

de Vigo integrado na masa concursal que se atopa pendente de ingreso.

QUINTO.- O 2 de decembro de 2010, polo Xulgado do Mercantil nº 2 de Pontevedra apróbase xudicialmente o convenio proposto pola entidade concursada, co seguinte contido:

“1.- Quita del 30% sobre la deuda reconocida, con un máximo de nueve mil (9.000) € para créditos superiores a treinta mil (30.000) € (...).

2.- Espera. pago en cinco años, con uno de carencia, según el siguiente calendario:

- *Año 1: 0*
- *Año 2: 10%*
- *Año 3: 30%*
- *Año 4: 30%*
- *Año 5: 30% (...).”*

SEXTO.- Mediante escrito presentado no rexistro xeral do Concello de Vigo o día 27 de decembro de 2011 (doc. 110165599), D. Angel L. Montenegro Montenegro, en nome e representación da entidade “ASTILLEROS Y VARADEROS MONTENEGRO, S.A.”, con NIF A36683662, solicita a aplicación da quita e a espera previstas no convenio aprobado xudicialmente pola sentenza referida no punto anterior.

SÉTIMO.- Conforme dispón o art. 91.4 da LC, considéranse créditos con privilexio xeral os créditos tributarios e demais de Dereito Público, ata o 50% do seu importe, polo que, no presente caso, o privilexio xeral alcanza o 50% da cota pendente de pagamento polo recibo do IBI número 090055965, isto é, 1.514,32 €, tendo o outro 50% (1.514,31 €) o carácter de crédito ordinario, ao non se atopar cualificado pola LC nin como privilexiado nin como subordinado (art. 89.3 LC).

OITAVO.- No que respecta á eficacia do convenio, o art. 134 da LC establece que o contido do convenio vinculará ao debedor e aos acredores ordinarios e subordinados, respecto dos créditos que fosen anteriores á declaración de concurso, quedando unicamente os acredores privilexiados vinculados ao seu contido se teren votado a favor da proposta ou se a súa firma ou adhesión a aquela computárase como voto favorable, circunstancia esta que non se produciu no presente caso.

Neste sentido, o art. 136 da citada LC dispón que os créditos dos acredores privilexiados que votasen a favor do convenio, os dos acredores ordinarios e os dos subordinados quedarán extinguidos na parte a que alcance a quita, aprazados na súa esixibilidade polo tempo de espera e, en xeral, afectados polo contido do convenio.

S. Ordinaria 26.03.12

En definitiva, como consecuencia do carácter privilexiado dos créditos tributarios, a Facenda Pública goza do dereito de abstención nos procesos concursais recoñecido no art. 164.4 da LGT, porque o convenio que se pode chegar a acordar en Xunta de Acredores non lles vincula, salvo que se adhiran voluntariamente ao mesmo, aínda que convén resaltar que dende a entrada en vigor da LC este dereito límitase ao 50 por cento do importe dos créditos tributarios co ánimo de fomentar a igualdade de trato dos acredores e a necesidade de evitar que o concurso se consuma co pagamento dalgúns créditos en prexuízo doutros que tamén integran a masa concursal.

NOVENO.-Xa que logo, o Concello de Vigo, no caso que nos ocupa, ostenta un privilexio xeral para o cobramento do 50% da cota pendente de pagamento polo recibo de IBI Urbana número 090055965, que ascende a 1.514,32 €, importe que non se ve afectado polo contido do convenio, polo que a mercantil "ASTILLEROS Y VARADEROS MONTENEGRO, S.A.", con NIF A36683662, ten de proceder ao pagamento inmediato de devandito importe.

O restante 50%, como crédito ordinario ao non se atopar cuberto polo privilexio xeral, atópase vinculado ao contido do convenio por mandato do art. 134 da LC antes citado, polo que debe aplicarse a quita aprobada do 30% do seu importe, isto é, unha quita de 454,29 € (1.514,31 * 30%), e, sobre o 70% restante, 1.060,02 €, aplicar unha espera segundo o calendario seguinte:

- Ano 2011: 0
- Ano 2012: 10% = 106,00€
- Ano 2013: 30% = 318,01€
- Ano 2014: 30% = 318,01€
- Ano 2015: 30% = 318,00€

DECIMO.- Conforme dispoñen os arts. 23.1.e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, así como o 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, corresponde ao Pleno da Entidade Local as concesións de quita e espera..."

Polo anteriormente exposto o tesoureiro municipal emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do día 19 de marzo, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular, Sra. Egerique Mosquera)

S. Ordinaria 26.03.12

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aplicar, en execución da sentenza do 2 de decembro de 2010 ditada polo Xulgado do Mercantil nº 2 de Pontevedra, pola que se aproba xudicialmente o convenio proposto pola entidade concursada "ASTILLEROS Y VARADEROS MONTENEGRO, S.A.", con NIF A36683662, unha quita de 454,29€ correspondente ao 30% do importe do recibo de IBI Urbana número 090055965, e, sobre o 70% restante, 1.060,02 €, aplicar unha espera segundo o calendario seguinte:

- Ano 2011: 0
- Ano 2012: 10% = 106,00€
- Ano 2013: 30% = 318,01€
- Ano 2014: 30% = 318,01€
- Ano 2015: 30% = 318,00€

Segundo.- Notificar o acordo adoptado á entidade "ASTILLEROS Y VARADEROS MONTENEGRO, S.A.".

3.6.- (47).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DA TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGAMENTO DAS OBRIGAS DO CONCELLO 3º TRIMESTRE DE 2011. EXPTE. 11550/541 (415/1101).

ANTECEDENTES.- O tesoureiro municipal, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda, con data 17 de febreiro de 2012, emitiu o seguinte informe:

"LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

S. Ordinaria 26.03.12

- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os tesoueiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pagamento das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

A estes efectos, o apartado 4º do artigo 200 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, na súa redacción dada pola Lei 15/2010, establece que “A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sen prexuízo do prazo especial establecido no artigo 205.4, e, se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento de devandito prazo de trinta días, os intereses de demora e a indemnización polos custes de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Cando non proceda a expedición de certificación de obra e a data de recibo da factura ou solicitude de pagamento equivalente se preste a dúbida ou sexa anterior á recepción das mercancías ou á prestación dos servizos, o prazo de trinta días contarase dende devandita data de recepción ou prestación.”

Agora ben, segundo o disposto na disposición transitoria oitava da citada Lei de Contratos, o prazo de trinta días ao que se refire o apartado 4º do artigo 200 desta Lei aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2013, pois dende o 7 de xullo de 2010, data da entrada en vigor da Lei 15/2010, e ata o 31 de decembro de 2010, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200, será dentro dos cincuenta e cinco días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Pola súa banda, entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2011, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Finalmente, entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se

refire o apartado 4 do artigo 200, será dentro dos corenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

De conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 15/2010, a Lei aplicarase a todos os contratos realizados con posterioridade á súa entrada en vigor, polo que, en aplicación da normativa transcrita, o presente informe avalía os prazos de pagamento das facturas presentadas no 3º trimestre do exercicio 2011, isto é, dende o 1 de xullo ata o 30 de setembro do ano 2011, que supuxeron o recoñecemento dunha obriga a cargo do Concello de Vigo así como a correlativa ordenación do pagamento correspondente.

Non avalía, polo tanto, o presente informe, a tramitación e pagamento daquelas facturas rexistradas no citado trimestre das que non se tramitaran polos órganos xestores, xustificadamente ou non, os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga, con independencia do seu estado de tramitación.

Baixo as premisas anteriores, os datos necesarios para a realización do presente informe foron obtidos da base de datos de xestión de expedientes, seleccionando os expedientes tipo *facturas* rexistrados no rexistro xeral dende o día 1 de xullo de 2011 ata o 30 de setembro de 2011 nos que conste o trámite *orden de pagamento*. A información sobre os prazos de pagamento é a que consta nas bases de datos municipais a 17 de febreiro do ano 2011, data de emisión do presente informe.

Tendo en conta o exposto con anterioridade, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

INFORME:

1.- Obrigas recoñecidas no 3º trimestre do ano 2011.

No 3º trimestre do ano 2011 se teñen rexistrado un total de 1.699 facturas respecto das que consta a súa aprobación e posterior ordenación do pagamento, ascendendo o importe global das obrigas recoñecidas a 28.071.723,88 euros. De ditas facturas, 1.697 (99,88%) foron pagadas con anterioridade ao 17 de febreiro do ano 2012, e 2 atopábanse pendentes de pagamento en dita data.

2.- Obrigas pagadas en prazo.

Polo que respecta ás facturas aboadas, un total de 917 facturas (54,04% do total), por importe total de 12.914.591,97 euros (que representa o 46,05% do importe total) foron pagadas dentro do prazo legal de 50 días establecido na Lei

de Contratos do Sector Público.

3.- Obrigas pagadas fóra de prazo.

Pola contra, en 780 ocasións (45,96%) por un importe total de 15.131.060,97 euros (53,95% do importe total), o pagamento realizouse nun prazo superior a 50 días dende a data na que tivo entrada a correspondente factura no rexistro xeral, incumpríndose deste xeito a obriga de aboar o prezo no prazo establecido na Lei de Contratos do Sector Público.

4.- Información sobre os prazos de pagamento.

Con respecto aos prazos de pagamento das obrigas satisfeitas, poden observarse resumidamente no cadro seguinte:

PRAZOS PAGAMENTO DAS OBRIGAS	Nº FACT.	%	IMPORTE	%
IGUAL OU INFERIOR A 30 DÍAS	216	12,73%	4.533.979,31	16,17%
ENTRE 31 E 40 DÍAS	319	18,80%	2.283.724,33	8,14%
ENTRE 41 E 50 DÍAS	382	22,51%	6.096.888,33	21,74%
ENTRE 51 E 65 DÍAS	481	28,34%	9.498.636,39	33,87%
ENTRE 66 E 80 DÍAS	176	10,37%	4.383.884,27	15,63%
SUPERIOR A 80 DÍAS	123	7,25%	1.248.540,31	4,45%
TOTAIS	1.697	100%	28.045.652,94	100%

OBRIGAS PAGADAS EN PRAZO	917	54,04%	12.914.591,97	46,05%
OBRIGAS PAGADAS FÓRA DE PRAZO	780	45,96%	15.131.060,97	53,95%

5.- Prazo medio de pagamento.

O prazo medio de pagamento durante o 2º trimestre do ano 2011, calculado dende a data de rexistro da factura no rexistro xeral do Concello ata a data do pagamento, foi de 53,36 días.

6.- Obrigas pendentes de pagamento nas que se está incumprindo o prazo.

Con respecto ás obrigas pendentes de pagamento a 17 de febreiro do ano 2012, un total de 2 obrigas recoñecidas ata o 30 de setembro de 2011, por un importe global de 26.070,94 euros, teñen unha antigüidade superior aos 50 días establecido na DT 8ª Lei de Contratos do Sector Público para o aboamento efectivo do prezo correspondente, se ben ambas atópanse retidas como consecuencia de procedementos administrativos de prema como consecuencia de resultar debedores á Facenda municipal do Concello de Vigo, polo que, na realidade, podemos afirmar que non existen obrigas pendentes de pagamento

nas que se está incumprindo o prazo por causas derivadas da morosidade.

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe deberá remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda así como á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Economía e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do día 19 de marzo, tomou coñecemento do anterior informe.

Coa conformidade da Corporación, a Alcaldía-Presidencia somete conxuntamente a debate os puntos 3.6 e 3.7, referentes a dar conta de informes de Tesourería correspondentes ao 3º e 4º trimestre relativo ao cumprimento dos prazos de pagamento das obrigas do Concello.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis estamos dando conta da situación da Tesourería do noso Concello e do cumprimento da Lei 2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade. Esta lei establece que entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2011 as administracións teñen un prazo de 50 días para aboar as súas facturas.

O que se di tanto no informe do terceiro como no do cuarto trimestre é que esta institución cumpre suficientemente con ese prazo.

No terceiro trimestre pagáronse facturas por un total de vinte e oito millóns e no cuarto trimestre pagáronse facturas por un total de trinta e oito millóns de euros.

No informe do cuarto trimestre recoñécese que o período medio de datas de pagamento de facturas é de 39,54, polo tanto estamos moi por debaixo dos 50 días.

Quero rematar este dar conta con dúas frases que se recollen tanto no informe do terceiro trimestre, como no do cuarto. O informe de Tesourería do terceiro trimestre remata dicindo: “Podemos afirmar que non existen obrigas pendentes de pagamento nas que se estea incumprindo o prazo por causas obrigadas da

morosidade". É dicir, estamos cumprindo perfectamente a lei.

Tamén o informe do cuarto trimestre remata dicindo: "Non existe ningunha obriga pendente de pagamento na que se estea a incumprir o prazo de pagamento establecido na Lei de contratos do sector público por causas derivadas da morosidade".

Isto ven confirmar unha vez máis a alta eficacia da Tesourería, a alta xestión de todo o servizo económico-financeiro para poder realizar todos os pagamentos e a capacidade que ten o Concello para realizar eses pagamentos. Polo tanto este é o Concello que mellor paga, un Concello que paga por debaixo dos 50 días. Non temos facturas pendentes e este é o Concello que mellor fai fronte ás débedas cos seus provedores.

Non incumprimos prazos, non existen obrigas pendentes de pagamento e temos unha ratio media no último trimestre inferior aos 40 días.

SRA. VELOSO RÍOS: Este asunto de pagamentos de débedas das administracións estase convertendo nos últimos tempos nunha lea política, fundamentalmente nos medios de comunicación. A realidade é que este é un tema de debate que se dá nos medios a partir de datos, suposicións, estimacións... sobre os pagamentos das administracións. Pero nestes momentos o que temos que ter moi claro é que é responsabilidade das administracións públicas pagar as súas facturas e débedas o máis axiña posible.

Isto sobre todo nun tempo de crise no que as débedas das administracións públicas supoñen unha carga enorme para moitas empresas que se ven afectadas por demoras nos cobros dos traballos que realizan para as administracións, chegando provocar en moitos casos, nunha situación económica como a que estamos atravesando, a o peche de empresas e por suposto provocando tamén a perda de empregos nelas.

No Bloque Nacionalista Galego pensamos que isto é unha responsabilidade das administracións e que non se pode permitir.

Por iso en todas as administracións, en todas as institucións nas que estamos presentes, esiximos sempre, por suposto claridade e transparencia nas contas

públicas, boa xestión e o pagamento en tempo e forma das débedas da administración.

Así o fixemos no Parlamento galego onde se aprobou por unanimidade que o Consello de Contas exerza un maior control sobre os pagamentos da Xunta de Galicia porque hai un problema evidente de atraso nos pagamentos que está provocando moitos problemas a moitos provedores da Xunta de Galicia. Estamos vendo ademais un nivel de falta de execución dos orzamentos que é realmente escandaloso fronte ese atraso no pagamento das débedas e estamos vendo decisións realmente tan inauditas como a de pechar o exercicio no mes de outubro como aconteceu o ano pasado.

Ao mesmo tempo tamén estamos vendo noutras administracións, como na Deputación de Pontevedra, onde se dan uns datos sobre os días medios de pagamento, pero tamén hai que mirar o número de facturas que se pagan dentro e fóra do período legal de pagamento.

Por exemplo, o venres pasado na Comisión informativa de Economía e Facenda da Deputación de Pontevedra, puidemos ver os datos sobre o cuarto trimestre e sobre os pagamentos e, tomando como referencia a data da factura que non a de Rexistro, vimos que se realizaron un total de 2.700 pagamentos dentro do período, pero 2.050 pagamentos fóra do período. É dicir, practicamente se realizou o mesmo número de pagamentos fóra do período, cun período medio de 76 días con respecto á data da factura, fronte a 2.700 dentro do período con 65 días entre a data da factura e o momento do pagamento.

Realmente esta é unha situación que cómpre estudar. Vai moito máis aló do anuncio dun anteproxecto de lei de transparencia que diga que se vai incriminar con xuízos penais aos malos xestores, etc. Esas poden ser declaracións de intencións nun momento determinado e mesmo xuízos de valor, pero realmente non son políticas que solucionen os problemas que están atravesando as empresas proveedoras das administracións públicas como por exemplo as da Xunta de Galicia. Imos insistir en seguir co control deste tipo de situacións.

Algo que tamén agradecemos é que se poidan consultar os expedientes nas administracións. Neste caso tivemos acceso ao expediente dende hai xa máis

S. Ordinaria 26.03.12

dunha semana, antes da comisión informativa.

Nese sentido tamén queremos lamentar que noutras administracións non poidamos realizar ese control porque de feito, nas comisións informativas da Deputación de Pontevedra das que falaba antes que se realizaron o venres pasado, leváronse fóra da orde do día dous expedientes de modificación orzamentaria e de suplemento de crédito, un deles de máis de 4.600.000 euros e outro de máis de 3.500.000 euros, que non puidemos consultar previamente, algo que o presidente da comisión lamentou e dixo que se ía corrixir.

Agardamos que así se faga porque é necesario traer ao Pleno das administracións, neste caso ao Pleno do Concello, da Deputación e tamén ao do Parlamento galego, as contas para que poidan ser realmente controladas por todos os grupos políticos.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

3.7.- (48).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DA TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGAMENTO DAS OBRIGAS DO CONCELLO 4º TRIMESTRE DE 2011. EXPTE. 11579/541 (416/1101)

ANTECEDENTES.-O tesoureiro municipal, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda, con data 1 de marzo de 2012, emitiu o seguinte informe:

“LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (vixente ata o 16 de decembro de 2011).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (vixente a partir do 17 de decembro de 2011).

S. Ordinaria 26.03.12

ANTECEDENTES.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pagamento das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

A estes efectos, o apartado 4º do artigo 200 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, na súa redacción dada pola Lei 15/2010, establece que "A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sen prexuízo do prazo especial establecido no artigo 205.4, e, se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento de devandito prazo de trinta días, os intereses de demora e a indemnización polos custes de cobamento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Cando non proceda a expedición de certificación de obra e a data de recibo da factura ou solicitude de pagamento equivalente se preste a dúbida ou sexa anterior á recepción das mercancías ou á prestación dos servizos, o prazo de trinta días contarase desde devandita data de recepción ou prestación."

Agora ben, segundo o disposto na disposición transitoria oitava da citada Lei de Contratos, o prazo de trinta días ao que se refire o apartado 4º do artigo 200 desta Lei aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2013, pois dende o 7 de xullo de 2010, data da entrada en vigor da Lei 15/2010, e ata o 31 de decembro de 2010, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta e cinco días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Pola súa banda, entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2011, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Finalmente, entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos corenta días seguintes á data

da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

En idéntico sentido pronúnciase o artigo 216 e a disposición transitoria 6ª do Real Decreto Legislativo 3/2011.

De conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 15/2010, a Lei aplicarase a todos os contratos realizados con posterioridade á súa entrada en vigor, polo que, en aplicación da normativa transcrita, o presente informe avalía os prazos de pagamento das facturas presentadas no 4º trimestre do exercicio 2011, isto é, dende o 1 de outubro ata o 31 de decembro do ano 2011, que supuxeron o recoñecemento dunha obriga a cargo do Concello de Vigo así como a correlativa ordenación do pagamento correspondente.

Non avalía, polo tanto, o presente informe, a tramitación e pagamento daquelas facturas rexistradas no citado trimestre das que non se tramitaran polos órganos xestores, xustificadamente ou non, os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga, con independencia do seu estado de tramitación.

Baixo as premisas anteriores, os datos necesarios para a realización do presente informe foron obtidos da base de datos de xestión de expedientes, seleccionando os expedientes tipo *facturas* rexistrados no rexistro xeral dende o día 1 de outubro de 2011 ata o 31 de decembro de 2011 nos que conste o trámite *orden de pagamento*.

Tendo en conta o exposto con anterioridade, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

INFORME:

1.- Obrigas recoñecidas no 4º trimestre do ano 2011.

No 4º trimestre do ano 2011 se teñen rexistrado un total de 2.696 facturas respecto das que consta a súa aprobación e posterior ordenación do pagamento, ascendendo o importe global das obrigas recoñecidas a 38.405.381,47 euros. Todas as facturas tramitadas neste trimestre (100,00%) foron pagadas con anterioridade ao 17 de febreiro do ano 2012.

2.- Obrigas pagadas en prazo.

Polo que respecta ás facturas aboadas, un total de 2.352 facturas (87,24% do total), por importe total de 30.549.351,86 euros (que representa o 79,54% do importe total) foron pagadas dentro do prazo legal de 50 días establecido na Lei

S. Ordinaria 26.03.12

de Contratos do Sector Público.

3.- Obrigas pagadas fóra de prazo.

Pola contra, en 344 ocasións (12,76%) por un importe total de 7.856.029,61 euros (20,46% do importe total), o pagamento realizouse nun prazo superior a 50 días desde a data na que tivo entrada a correspondente factura no rexistro xeral, incumpríndose deste xeito a obriga de aboar o prezo no prazo establecido na Lei de Contratos do Sector Público.

4.- Información sobre os prazos de pagamento.

Con respecto aos prazos de pagamento das obrigas satisfeitas, poden observarse resumidamente no cadro seguinte:

PRAZOS DE PAGAMENTO DAS OBRIGAS	Nº FACT.	%	IMPORTE	%
IGUAL OU INFERIOR A 30 DÍAS	517	19,18%	7.211.249,90	18,78%
ENTRE 31 E 40 DÍAS	1.041	38,61%	12.703.235,73	33,08%
ENTRE 41 E 50 DÍAS	794	29,45%	10.634.866,23	27,69%
ENTRE 51 E 65 DÍAS	244	9,05%	4.174.997,85	10,87%
ENTRE 66 E 80 DÍAS	46	1,71%	3.068.072,86	7,99%
SUPERIOR A 80 DÍAS	38	1,41%	556.912,41	1,45%
COMPENSADAS	16	0,59%	56.046,49	0,15%
TOTAIS	2.696	100%	38.405.381,47	100,00%
OBRIGAS PAGADAS EN PRAZO	2.352	87,24%	30.549.351,86	79,54%
OBRIGAS PAGADAS FÓRA DE PRAZO	344	12,76%	7.856.029,61	20,46%

5.- Prazo medio de pagamento.

O prazo medio de pagamento durante o 4º trimestre do ano 2011, calculado dende a data de rexistro da factura no rexistro xeral do Concello ata a data do pagamento, foi de 39,54 días.

6.- Obrigas pendentes de pagamento nas que se está incumprindo o prazo.

Non existe ningunha obriga pendente de pagamento na que se estea a incumprir o prazo de pagamento establecido na Lei de Contratos do Sector Público por causas derivadas da morosidade.

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe deberá remitirse aos órganos competentes do Ministerio de

Economía e Facenda así como á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Economía e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do día 19 de marzo, tomou coñecemento do anterior informe.

O presente punto debateuse xuntamente co punto anterior, 3.6 da orde do día, figurando o contido do debate no citado punto desta acta.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

3.8.- (49).- DAR CONTA DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2011. EXPTE. 101935/140 (413/1101)

ANTECEDENTES.- En cumprimento do previsto no artigo 191 do texto refundido da lei Reguladora das Facendas Locais e 89.1 e 92 do Real Decreto 500/1990, de 20 abril, con data 26 de febreiro de 2012, o interventor xeral emite informe relativo relativo á liquidación do orzamento do Concello de Vigo e dos seus organismos autónomos correspondente ao ano 2011. O devandito informe, composto de 26 páxinas numeradas e dilixenciadas por esta Secretaría Xeral do Pleno, figura no expediente.

Por decreto de data 20 de febreiro, a Alcaldía-Presidencia resolve aprobar a liquidación correspondente ao exercicio de 2011 proposta, segundo informe emitido polo interventor xeral do Concello, así coma a súa remisión á Comunidade Autónoma e á delegación provincial do Ministerio de Economía e Facenda.

O expediente de liquidación do orzamento do exercicio 2011 conta de catro tomos correspondentes á liquidación do orzamento do Concello, máis outros catro tomos correspondentes respectivamente aos organismos autónomos municipais

S. Ordinaria 26.03.12

Parque das Ciencias VigoZoo, Instituto Municipal dos Deportes, Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 19 de marzo, tomou coñecemento do presente expediente.

Coa conformidade da Corporación, a Alcaldía-Presidencia somete conxuntamente a debate os puntos 3.8 e 3.9, referentes a dar conta da liquidación do orzamento de 2011, así como do informe de estabilidade presupostaria de dita liquidación.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Hoxe estamos dando conta aquí da liquidación do orzamento do ano 2011, é dicir, o cuarto orzamento do anterior goberno sendo alcalde D. Abel Caballero e tenente de alcalde D. Santiago Domínguez. Ata ese momento ningún goberno fora capaz de presentar catro orzamentos seguidos durante catro anos consecutivos.

Durante catro anos estivemos suxeitos a moitas presións por parte do Partido Popular coa insistencia de que iamos ser incapaces de gobernar a cidade. A demostración foi que si fomos capaces de gobernar unha cidade con catro orzamentos que ao final se conseguiron executar na súa totalidade. Polo tanto esa dúbida sobre a estabilidade deste goberno caeu polo seu propio peso.

Foi un cuarto orzamento que se elaborou nun período de crise económica e que tiña un claro compromiso que era a creación de emprego, a defensa das políticas sociais e educativas e a transformación da cidade. Para iso apostamos polo investimento porque coidamos que era o principal xerador de emprego, apostamos pola redución da presión fiscal con taxas cero para algunhas actividades económicas ou pola conxelación de taxas como as das escolas infantís, pero tamén apostamos por unha consolidación dunhas contas saneadas a través dunha xestión austera e eficaz.

Os datos que aparecen na liquidación de 2011 volven ser unha vez máis claros e contundentes, demostran o cumprimento dos compromisos feitos neses orzamentos.

Por unha banda diminuíuse a presión fiscal: taxa cero por exemplo nas terrazas;

taxas conxeladas nas escolas infantís nun momento no que a Xunta sobe as taxas das escolas infantís nun 20%; diminución do bono-bus e diminución das taxas das escolas municipais. Pero tamén un compromiso no investimento con actuacións en Teis, na avenida de Castelao, na Praza da Independencia, nas rúas Brasil, Panamá, Aragón, no Casco Vello, Martínez Garrido, Ramón Nieto, a Pinacoteca. Tamén por suposto parques infantís e bio-saudables, a recuperación dos humidais, a construción de novas escolas infantís, dúas a piques de abriren como a de Casiano Martínez e a de Tomás Alonso, xunto con outras novas que están en construción. Investimentos en catorce comedores de colexios públicos, nos seus patios, nos accesos, nas aulas. Investimentos en instalacións deportivas, en mercados coma o do Progreso.

Fixemos unha clara aposta social, foi o maior volume de recursos destinados para axudas de libros e de comedor, para o servizo de asistencia domiciliaria, para a atención á infancia para a conciliación da vida familiar e laboral, para o número de bolsas de inglés para cincocentos rapaces que puideron estar tres semanas en Inglaterra de xeito gratuíto. E para comparar uns e outros orzamentos, teño que dicir que a Xunta ofrece vinte bolsas para toda Galicia pagando 1.700 euros. Tamén demos subvencións a colectivos veciñais e apostamos polo transporte público. Todo o anterior fixémolos mantendo unha facenda saneada.

No ano 2011 confirmábase unha vez máis que o Concello de Vigo é o concello con máis investimentos, o menos endebedado e o concello con menor carga fiscal, o que mereceu o recibimento de distintos premios para a cidade: recibiu o premio de cidade máis limpa, de cidade accesible, de cidade que defende o deporte e de cidade amiga da infancia.

Cando se sabe xestionar é posible ofrecer máis servizos aos cidadáns. Iso é o que arrojan os datos da liquidación.

Vou ler o que aparece nos cadros dos informes da liquidación. O orzamento a finais do ano 2011 sumou un total de 283 millóns de euros. Esa foi a cantidade que se executou na cidade: 283 millóns de euros dos que para investimentos foron 54 millóns de euros, case a cuarta parte destinouse a investimentos.

Pero podemos seguir dicindo tamén que o índice de execución tanto en gastos

como en investimentos situouse no caso dos ingresos nun 104% que é o índice de execución máis alto coñecido. E tamén podemos afirmar que as ratios máis relevantes que son os fondos líquidos, o estado de Tesourería, o que está nas distintas contas correntes a 31 de decembro, é de 82 millóns de euros. É dicir, malia executar 280 millóns de euros, malia os 50 millóns de euros en investimentos, aínda quedan en caixa 82 millóns de euros.

O aforro neto en total foi de 12 millóns de euros. Isto quere dicir que somos capaces de aforrar mesmo nun momento de crise.

Tamén quero dar outra serie de datos claros da evolución nestes últimos catro anos. O gasto por habitante era de 515 euros no 2006 e agora é de 646 euros. O investimento por habitante no ano 2006 era de 58 euros e agora é de 152 euros. A carga financeira da débeda era de 75 euros por habitante e agora é de 43 euros por habitante. O período medio de pagamento era de 50 días e agora estamos en 32 días.

Todos estes datos demostran a nosa xestión.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación.

3.9.- (50). DAR CONTA DO INFORME DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2011, EXPEDIDO POLO INTERVENTOR XERAL. EXPTE. 426/1101.

ANTECEDENTES.- Preséntase para coñecemento do Pleno o informe de estabilidade presupostaria da liquidación correspondente ao orzamento do Concello do exercicio de 2011, expedido con data 20 de febreiro de 2012 polo interventor xeral do Concello.

No expediente figura o citado informe, composto de 15 follas debidamente numeradas e dilixenciadas por esta Secretaría Xeral do Pleno.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 19 de marzo, tomou coñecemento do presente expediente.

S. Ordinaria 26.03.12

O presente punto debateuse xuntamente co punto anterior, 3.8 da orde do día, figurando o contido do debate no citado punto desta acta.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

3.10.(51).- DAR CONTA DA RELACIÓN CERTIFICADA EXPEDIDA POLO INTERVENTOR XERAL REFERIDA A DÉBEDAS PENDENTES CON PROVEDORES. CUMPRIMENTO DO RD LEI 4/2012, DO 24 DE FEBREIRO. EXPTE. 101931/140 (427/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 15 de marzo de 2012, o interventor xeral do concello emite o seguinte informe:

“Asunto: Informe sobre a certificación da relación de obrigas pendentes de pagamento.

Órgano ao que vai dirixido: Pleno da Corporación.

Emisión do Informe: Interventor Xeral.

Cumprimento de legalidade: Artigo 3.2 e 7 do Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro.

O Real Decreto-lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais (BOE nº 48 do 25 de febreiro), no seu artigo 3, establece a obriga da Entidade Local de subministrar determinada información en relación coas obrigas pendentes de pagamento que deberá remitir ao órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, con data límite 15 de marzo de 2012, que deberá conter unha determinada estrutura.

Identificación do contratista:

- CIF, NIF.
- Domicilio Social.
- Denominación Social.
- Importe da débeda referida a cada factura ou documento acreditativo da mesma, con inclusión do IVE.
- Data de entrada da factura no Rexistro Administrativo ou solicitude de pagamento.

S. Ordinaria 26.03.12

- Referencia a se o contratista instou o pagamento a través dos Tribunais de Xustiza.
- A relación das facturas estará certificada polo interventor, a remisión será telemática con sinatura electrónica.
- A relación comprenderá igualmente as obrigas pendentes de pagamento que reúnan os requisitos anteriores, correspondentes aos organismos autónomos e demais entidades dependentes que pertencen integralmente á Entidade local.
- Neste caso, a información que corresponde á unidade institucional ou grupo de consolidación Concello de Vigo, é a seguinte:
 - Entidade Local, entidade matriz.
 - Organismo Autónomo Administrativo Instituto Municipal dos Deportes.
 - Organismo Autónomo Administrativo Parque das Ciencias Vigo Zoo.
 - Organismo Autónomo Administrativo Escola Municipal de Artes e Oficios.
 - Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.

Unha vez remitida a relación certificada prevista no artigo 3 del RD-Lei, informárase ao Pleno da Corporación da mesma.

De non se efectuar o pagamento, o artigo 7 do RD-Lei, establece que o interventor, elevará ao Pleno da Corporación un plan de axuste nos termos que recolle o precitado artigo.

Distintas interpretacións xurdiron coa aplicación dos artigos 1 e 2 do Real Decreto-lei 4/2012, nos seus propios termos, e polo seu contexto, xa que se están a enumerar as obrigas pendentes de pagamento de obras, subministros e servizos, polo que cabería considerar non incluídos os contratos de xestión de servizos públicos, na súa modalidade de concesión e calquera outro que non se correspondan co regulamentado nos artigos 6, 9 e 10 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

O criterio maioritario de distintos colectivos, entre eles distintas delegacións provinciais de Colexios de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local, están a interpretar que non forman parte da relación, as obrigas pendentes de pagamento dos contratos de xestión de servizos públicos, é dicir, aplicación literal do que está a dicir o Real Decreto Lei 4/2012, nos seus artigos 1 e 2. De ser esta a interpretación, vai quedar fóra da relación a maioría da débeda que teñen os Concellos, xa que o volume máis importante, está precisamente nos contratos de xestión de servizos públicos.

Tamén é importante subliñar, que a Federación Española de Municipios e Provincias recibiu bastantes consultas sobre este extremo, téndolle remitido ao Goberno as mesmas para a súa delimitación e aclaración.

Hai posicionamentos que fan unha interpretación máis ampla, é dicir, incluíndo

os contratos de xestión de servizos públicos.

É posible que se amplíe o ámbito obxectivo, incluíndo expresamente tamén os contratos de xestión de servizos públicos, posición esta que se está a defender por esta intervención en todos os ámbitos.

Tamén está delimitada a función do interventor en canto ao papel que xoga na elevación ao Pleno da Corporación do Plan de axuste, xa que esa é a súa responsabilidade, non é responsable do resultado, é dicir, si se aproba ou non. Entendo que o normal é que o Plan se artelle tendo en conta determinados criterios que sexan asumibles pola Presidencia e polos Señores Concelleiros, de non ser así, o Plan está abocado ao fracaso.

Criterio que se adoptou pola intervención do Concello de Vigo.

Tomamos a interpretación dos devanditos artigos no sentido amplo e incluímos todas as débedas, coa excepción dos CIF que comezan por Q e E, (Asociación de Veciños e outras sen ánimo de lucro, Universidades, Comunidades de Bens, etc), aínda que como non había contía ningunha pendente de pagamento, as exclusións non tiveron incidencia ningunha, polo tanto, incluíuse todo, xa que entendo que cando o Real Decreto Lei enumera os contratos de servizos, estase a referir á totalidade dos mesmos, aínda que é certo que a norma non precisou un matiz moi importante que vai posibilitar o encubrimiento da maior parte da débeda non financeira.

En consecuencia co anterior, a información que se está a dar na certificación emitida polo Concello de Vigo, comprende a totalidade das facturas coñecidas sen exclusión.

En canto ao criterio que deben reunir as facturas para ter a condición de débedas vencidas, líquidas e esixibles, tendo en conta os prazos, non debería presentar dúbidas, xa que todas as facturas rexistradas con anterioridade ao 1 de xaneiro do ano 2012, a esta data, en aplicación do previsto na Disposición Transitoria Sexta do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, coa modificación introducida pola Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se modifican diversos aspectos da Lei 3/2004 do 29 de decembro, de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o prazo de pagamento para o ano 2012, é de 40 días dende a recepción da factura. Aquí hai que entender que a mesma estea conformada. Polo tanto, tendo en conta o anterior, a esta data todas as facturas teñen a condición de vencidas e esixibles.

Para obter a información e verificación dos datos que manexaba a intervención a través do módulo de tramitación de expedientes e da ferramenta que se instalou no ano 2010 para dar cumprimento aos requirimentos da Lei 15/2010, que está directamente relacionada co Rexistro Xeral, convocouse aos responsables dos

servizos a unha xuntanza, na que se se lles informou da necesidade de cooperar e de aflorar todas as facturas ou documentos cobratorios. Con posterioridade, en data de 28 de febreiro, 1 e 6 de marzo, se lles enviou distintos oficios-carta, nos que se explicaba o proceso de verificación dos datos que barallaba a intervención para a súa verificación ou incorporación se fose o caso de facturas que non estaban na relación. Así mesmo, foron consultados en todo o proceso de incorporación das facturas ao ficheiro que se foi conformando, polo que hai que considerar que cooperaron activamente en todo o proceso e que o resultado vaise axustar basicamente á realidade, todo isto sen prexuízo da posibilidade de emisión de certificacións individuais que se poidan emitir a solicitude de algún acredor que o solicite e se acredite que debe estar

incluído por cumprirse coa totalidade das condicións que esixe o Real Decreto Lei.

O proceso que se vai seguir para as certificacións individuais, será o seguinte: Unha vez que sexa solicitado por un acredor o seu dereito a estar na listaxe, notificaráselle ao centro xestor responsable da factura ou da débeda reclamada aos efectos de informe positivo ou negativo en cada caso. Á vista do mesmo, o interventor emitirá a certificación positiva ou negativa en cada caso.

A relación de facturas á que me estou referindo, toma en consideración todas as débedas non contabilizadas, xa que as contabilizadas ata 31 de decembro de 2011, en que o peche do exercicio xa estaban na Tesourería, foron pagadas na súa totalidade ata a data.

En resumen, o Concello de Vigo levantou todas as facturas que os servizos xestores coñecían, e a Intervención comprobou que as mesmas coincidían coa información que manexa a través dos distintos controles que ten instalados aos efectos de verificar o cumprimento da Lei de morosidade.

En cumprimento da obriga de remitir a información solicitada no Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro, con data 12 de marzo de 2012, certificouse e firmouse electronicamente a relación das facturas presentadas ante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. A información remitida ten a estrutura solicitada polo RD-L, axuntándose a devandita listaxe para coñecemento do Pleno e que contén a seguinte información:

A relación de facturas que estando rexistradas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2012, que se atopan pendentes de pagamento a esta data, está conformada dunha listaxe de 24 follas, que comeza co acredor, LÓPEZ LÓPEZ JOSE RUBÉN, por unha contía de 17.582,00 euros e remata, co acredor, ASOCIACIÓN CULTURAL MUSICAL CUNAJAZ, por unha contía de 4.580,00 euros, sumando un total de 4.613.993,05 euros.

Da relación anterior, unha contía de 4.609.989,30 euros, correspóndense con

S. Ordinaria 26.03.12

débedas xeradas sen cobertura presupostaria, e 4.003,75 euros, correspóndense con débeda contabilizada, que axustándose aos criterios do Real Decreto Lei 4/2012, está a esta data pendente de pagamento.

Para facer fronte á situación descrita, da información que está en poder desta intervención, o proxecto de orzamentos para o ano 2012, ten incluídos en distintos programas orzamentarios, con expresión diferenciada, Rec.Extr.Cred. aplicacións orzamentarias para dar cobertura ás obrigas nadas fóra do orzamento, por unha contía de 4.627.697,54 euros. A xustificación de que as contías sexan distintas está na posibilidade de que algunha factura de pequena contía non entrase no ano 2011, pero se corresponda cunha prestación dese ano, polo que é necesario dotar o crédito.

Paxina Web oficial

A partir do día xoves, 15 de marzo, na páxina web, está aberto un portal no que os acredores que teñan clave de acceso ou a soliciten, poderán facer a consulta directamente, contando coa información que está relacionada no Real Decreto Lei 4/2012. Tamén se lles informa nese portal que, de non ter clave nin solicitala, se lle está a facilitar unha liña telefónica de consulta para facilitar a información que lles afecte.

Ausencia da necesidade dun plan de axuste

O artigo 7 do Real Decreto 4/2012, do 24 de febreiro, establece que unha vez remitida a certificación prevista no artigo 3, o interventor, no caso de non terse efectuado o pagamento das obrigas recoñecidas, elevará ao Pleno da Corporación un plan de axuste nos termos que desenvolve o precitado artigo.

En relación co pagamento das obrigas recoñecidas infórmase sobre o seu estado a esta data que, como se pode comprobar na táboa que se amosa, non ten incidencia ningunha, xa que é habitual que ao peche do ano queden ordes de pagamento pendentes, xa que cando chegan a tesourería, esta está pechada en termos de pagamento, polo que é normal que se acumulen nestas datas, pero tamén é normal que entre os meses de xaneiro e febreiro, se fagan os pagamentos ordinarios dos meses do ano natural e se paguen as ordes de pagamento que quedaron pendentes do ano anterior.

As obrigas e liquidación dos orzamentos do ano 2011 para facer fronte ás débedas é a seguinte:

Obrigas orzamentarias pendentes de pagamento a 31/12/2011	Entidade Local	E. consolidados
De orzamento corrente	22.224.690,07	24.155.141,15
De orzamentos pechados	376.991,34	575.435,59

S. Ordinaria 26.03.12

Total obrigas pendentes de pagamento	22.601.951,41	24.730.576,76
Estado de tesourería	78.861.347,56	82.122.116,30
Liquidez inmediata (tesourería/obrigas presupostarias pendentes)	3,49	3,32

A situación das obrigas orzamentarias contabilizadas ata 31 de decembro de 2011 á data 12 de marzo de 2012, é a seguinte:

Obrigas orzamentarias pendentes de pagamento a 12/03/2012	Entidade Local
De orzamentos correntes e pechados	4.003,75
Estado de tesourería sen considerar os recursos do préstamo do ano 2011	52.667.223,28
Contía do préstamo, cuxas obrigas xa están pagadas e que hai que computalo como tesourería ¹	9.119.574,11
Tesourería total da Entidade a esta data	61.786.797,39

A situación dos organismos autónomos administrativos será obxecto de explicación noutro apartado deste informe.

Tendo en conta a información das táboas anteriores, non hai débedas recoñecidas pendentes de pagamento a esta data, polo que por este concepto non procede facer Plan de axuste ningún.

O Concello de Vigo non ten necesidade de liquidez para facer fronte as súas obrigas, xa que non só presenta unha ratio de tesourería fronte a acredores orzamentarios e non orzamentarios de 3,5, senón que tampouco ten concertada operación de tesourería ningunha dende hai 15 anos.

Débedas sen cobertura orzamentaria.

A diferenciación entre a fonte das obrigas e a súa esixibilidade que se recolle no ordenamento financeiro nos arts. 20 e 21 da Lei Xeral Orzamentaria, Lei 47/2003, e art. 173.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RDL 2/2004, aparece reforzada pola doutrina do Tribunal Constitucional nas Sentenzas número 63/1986, do 21 de maio e 13/1992, do 6 de febreiro, onde se recoñece a autonomía da fonte das obrigas respecto do crédito orzamentario, ao afirmar que os créditos consignados nos estados de gastos dos orzamentos non constitúen fonte ningunha de obrigas, son autorizacións lexislativas para que, dentro duns determinados límites, a Administración poida dispor dos fondos públicos necesarios para facer fronte ás súas obrigas.

A fonte das obrigas hai que buscala fóra das consignacións orzamentarias, na

¹ Cando se fan pagos con financiamento do préstamo, non se solicita o ingreso da entidade coa que se ten o préstamo ata que consolida, deste xeito, afórrase o custe financeiro das disposicións.

lei e nos negocios xurídicos ou nos actos ou feitos que, segundo Dereito, as xeran, tal e como prevé o art. 20 da LXP.

En consecuencia, debemos diferenciar a OBRIGA ECONÓMICA da OBRIGA DE PAGAMENTO. As obrigas económicas teñen autonomía, a súa orixe non son os orzamentos. As obrigas de pagamento só son esixibles da Facenda Pública se resultan da execución dos orzamentos, é dicir, se existe consignación orzamentaria adecuada e suficiente para facerlle fronte á obriga económica. A conversión dunha obriga económica nunha obriga de pagamento é mediante a preceptiva dotación orzamentaria e a tramitación do recoñecemento extraxudicial de crédito.

Polo tanto, tendo en conta a xurisprudencia do propio Tribunal Constitucional e a doutrina maioritaria, así como o contido do regulamentado na Lei Xeral Orzamentaria en canto a fonte do nacemento das obrigas, así como a diferenza entre as obrigas económicas e obrigas de pagamento e a súa esixibilidade, estas obrigas tan só son esixibles cando se dote a consignación orzamentaria.

A súa vez, o art. 173 do TRLRHL, en termos análogos prevé que as obrigas de pagamento só serán esixibles da Facenda Local cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos, cos límites sinalados das autorizacións feitas ou da sentenza firme.

Esta falta de esixibilidade da obriga ata que se dote consignación orzamentaria, non habilita á Administración actuante ao inmovilismo, xa que outras sentenzas tamén penalizaron esta omisión. Hai que entender que cando existe unha obriga nacida fóra do orzamento e a mesma está conformada polos servizos técnicos, debe e ten que ter preferencia nos orzamentos que se tramiten e aproben, de tal xeito que deben aparecer relacionadas no orzamento para posibilitar a conversión de obriga económica en obriga de pagamento.

En relación coa obriga de dar preferencia ás obrigas xurdidas fóra do orzamento, a sentenza do Tribunal Constitucional nº 294/1994, do 7 de novembro, é clara, *“El Estado no puede demorar indefinidamente el pago o cumplimiento de obligaciones legales y dejar sin efecto los derechos subjetivos de crédito de los particulares válida y legítimamente contraídos, escudándose simplemente en la no inclusión en los Presupuestos Generales del Estado de los fondos necesarios para ello”*. En su fundamento jurídico 3º, *“Y claro es que un Estado de Derecho no puede desconocer una situación jurídica perfecta, o una obligación legalmente contraída por el mero hecho de que no exista crédito presupuestario”*. En su fundamento jurídico 4º, *“De ningún modo, puede excluirse que el comportamiento inactivo u omisivo de la Administración Pública pueda incurrir en ilegalidad y afectar a los derechos e intereses legítimos de los ciudadanos”*

A actuación feita, en ningún caso debe orixinar un enriquecemento inxusto

para a Administración, máxime se o particular obrase de boa fe. Aínda cando o acto non teña validez, o prexudicado poderá exercer unha pretensión de responsabilidade ao amparo do art. 106.2 da Constitución e do art. 139 da LRJ-PAC. Esta obriga poderá ser recoñecida en vía administrativa aínda sen consignación orzamentaria.

O lexislador consciente da existencia de actos irregulares, pero as veces necesarios para a prestación de servizos indispensables, contempla a posibilidade de imputar ao orzamento corrente, aínda que isto supón unha actuación contraria ao principio de anualidade, os citados gastos, mediante a tramitación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Tratamento previsto no Real Decreto Lei 4/2012, para as obrigas sen cobertura orzamentaria

O apartado 5 do artigo 10 do Real Decreto 4/2012, regula esta situación, *“En el supuesto de que la operación de endeudamiento se destine, total o parcialmente, a la cobertura de obligaciones que quedaron pendientes de aplicar a presupuesto, éstas deberán reconocerse en su totalidad en el presupuesto vigente para el 2012, con cargo al importe que corresponda total financiado”*

Aos efectos de evitar o enriquecemento inxusto da Administración e de converter en esixibles as débedas xurdidas fóra do orzamento, o suposto previsto no artigo 10 apartado 5 do RDL, xa está recollido no proxecto do orzamento do ano 2012, aínda que o recurso que vai financiar o devandito recoñecemento extraxudicial de créditos, non ten a súa orixe nunha operación de débeda, os recursos que van financiar estas aplicacións terán a condición de ingresos correntes non financeiros, polo que a solución dada é mais prudente e non vai computar coma unha carga financeira adicional, polo tanto, tampouco xerará custe financeiro nin necesidade de devolución de débeda.

Polo tanto, tampouco ten o Concello de Vigo que recorrer a endebedamento para facer fronte aos gastos nados fóra do orzamento sen cobertura orzamentaria.

Non entanto o anterior, tamén hai que facer a advertencia de que as obrigas económicas que xurdan contra o Concello, teñen que ter a súa cobertura orzamentaria. O artigo 173.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, prohibe a adquisición de compromisos de gastos por contía superior co importe dos gastos autorizados, sendo nulos de pleno dereito, os acordos ou resolucións que infrinxan esta norma. Na mesma liña está redactado o artigo 32 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, declarando como causas de nulidade en dereito administrativo a carencia ou insuficiencia de crédito.

Polo tanto, requírese da autoridade política a necesidade de articulación e implantación de medidas firmes conducentes a impedir este tipo de prácticas,

S. Ordinaria 26.03.12

aínda que no caso do Concello de Vigo, con carácter xeral dende hai moitos anos, están a ser controladas estas formas de actuación e os resultados deste control tiveron e están a ter bos resultados, que quedan reflectidos no saneamento das súas contas e na liquidez da que dispón para facer fronte aos seus pagamentos dentro dos prazos legais.

O período medio de pagamento ao peche do ano 2011, calculado de acordo ao previsto na Orde EHA 4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, foi de 32,42 días.

Os principais indicadores da Entidade Local que se derivan da liquidación do ano 2011 e que xustifican que o Concello de Vigo non está suxeito á necesidade de presentación dun Plan de axuste, son os seguintes:

Indicadores

Indicador	Período					
	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Coefficiente de endebedamento (D.viva/ DRN.OCNF consolidadas)	33,03	21,56	19,76	19,09	28,52	37,87 ²
Débeda financeira por habitante	226,74	160,67	156,05	147,36	218,59	278,54
Débeda presupostaria por habitante (obrigas presupostarias/h)	90,49	80,06	150,71	161,19	106,11	76,04
Autonomía (Cap. ingresos:I,II,III,V,VI y VIII/DRNT)	0,83	0,98	0,91	0,77	0,80	0,92
Autonomía fiscal (Cap.i ngresos: I,II,III/DRNT)	0,55	0,61	0,57	0,48	0,51	0,61
Cobertura (Ingreso corrente/gasto corrente)	1,28	1,20	1,18	1,10	1,10	1,12
Financiamento (Cap.I a IIII, V ingresos/Ingresos correntes)	0,64	0,65	0,66	0,64	0,65	0,67
Período medio de pagamento, días	50,57	39,10	69,15	56,86	43,69	32,42
Tesourería/Acredores Presupostarios e Non Presup. (liquidez inmediata)	1,73	2,12	1,8	1,82	2,19	2,33

Magnitudes

Magnitude	Período					
	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Acredores pendentes de pago ³	44.204.245,30	40.690.920,30	63.398.442,20	60.429.866,50	46.165.174,25	33.813.725,57
Débeda viva ⁴	66.493.294,80	47.359.714,83	46.144.576,70	43.814.299,50	64.947.604,28	82.793.019,52

2 A liquidación negativa polas entregas a conta e a liquidación definitiva pola participación e cesión nos Tributos do Estado dos anos 2008-2009, supón un incremento no coeficiente de endebedamento de 12,07 puntos

3 Inclúe acredores orzamentarios e non orzamentarios.

Tesourería	76.506.358,90	85.683.697,20	114.275.020,50	110.109.376,30	100.948.439,60	78.861.347,56
------------	---------------	---------------	----------------	----------------	----------------	---------------

Real Decreto-lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o financiamento dos pagamentos a provedores.

Con data 10 de marzo, publicase no Boletín Oficial do Estado, o Real Decreto Lei 7/2012, onde se fai unha regulación do Fondo para o financiamento dos pagamentos a provedores. O devandito Fondo terá a condición de entidade pública das incluídas no artigo 2.1.g) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, e queda adscrito ao Ministerio de Economía e Competitividade a través da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa.

O Fondo concertará operacións de crédito coas Comunidades Autónomas que se acollan ao mecanismo extraordinario de financiamento para o pagamento a provedores e coas Entidades locais para o pagamento das obrigas pendentes das Entidades locais e Comunidades Autónomas.

A disposición do financiamento concedido ás Administracións territoriais farase mediante o pagamento directo aos provedores, subrogándose o Fondo nos dereitos que a dito provedor corresponderan fronte a ditas Administracións territoriais

As operacións de crédito previstas neste título que formalicen as Entidades locais estarán garantidas polas retencións previstas no artigo 11 do Real Decreto-lei 4/2012, do 24 de febreiro.

O Estado, transferirá ao Fondo para financiamento dos pagamentos a provedores as participacións nos ingresos do Estado retidas ás Entidades locais para satisfacer as obrigas derivadas da operación.

Se a Entidade local non concertara a operación de endebedamento, a retención prevista no artigo 11 do Real Decreto-lei 4/2012, do 24 de febreiro, compensará os gastos e custes financeiros incorridos.

Nova interpretación do artigo 1 e 2 do Real Decreto Lei 4/2012.

A Disposición Adicional Terceira do RD-lei 7/2012, do 9 de marzo, ven resolver as distintas interpretacións que se estaban a dar ao artigo 1 e 2 do Real Decreto Lei 4/2012, completando e dando a interpretación que xa se estaba interpretando por esta Intervención, é dicir, unha interpretación máis ampla, xa que de adoptarse o plantexamento xeneralizado que se estaba a dar, quedaban fora do cómputo a maioría das débedas cos acredores. *“Se entenderán incluídas en su ámbito de aplicación las obligaciones pendientes de pago derivadas de contratos*

4 Includa a liquidación negativa pola cesión nos ingresos do Estado e no Fondo Complementario do ano 2008 e 2009 por unha contía de 6.789.215,35 euros e 21.109.291,08 euros respectivamente

de gestión de servicios públicos en su modalidad de concesión, siempre que cumplan los requisitos previstos en el mencionado real decreto-ley”.

Os servizos públicos esenciais, como a recollida do lixo, limpeza viaria, xestión e tratamento dos residuos, abastecemento e saneamento, transporte público urbano e outros servizos que, sen ter a posibilidade de ser prestados en réxime de xestión indirecta, veñen adoptando a modalidade concesional, como o mantemento dos parques e xardíns, mantemento de redes semaforicas, mantemento de alumeados públicos, etc, representando máis do 60 por 100 do gasto executado do capítulo II, polo que o meu entender, a inclusión das débedas coas prestadoras polos contratos de xestión de servizos públicos coa modalidade de concesión, representa un matiz importante e un acerto do lexislador.

En todo caso, tendo en conta que o Concello de Vigo vai concluír coa ausencia de necesidade de acudir ao Plan de Axuste, o Real Decreto Lei 7/2012, do 9 de marzo, tan só nos vale para ratificarnos nas argumentacións que defendíamos inicialmente, pero non para a articulación da operación de endebedamento e os procesos de retención nos ingresos a conta pola participación ou cesión nos Tributos do Estado.

Organismos autónomos

En relación coas obrigas pendentes de pagamento, rexistradas antes do 1 de xaneiro, pendentes de pagamento a esta data correspondentes aos organismos autónomos administrativos, a situación é a seguinte:

- Organismo Autónomo Administrativo Instituto Municipal dos Deportes
Non ten débeda ningunha pendente de pagamento a esta data por obrigas rexistradas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2012.
- Organismo Autónomo Administrativo Parque das Ciencias Vigo Zoo
Non ten débeda ningunha pendente de pagamento a esta data por obrigas rexistradas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2012.
- Organismo Autónomo Administrativo Escola Municipal de Artes e Oficios
Non ten débeda ningunha pendente de pagamento a esta data por obrigas rexistradas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2012.
- Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo
Ten dúas facturas pendentes de pagamento, cuxos datos identificativos son os seguintes:
CIF: B36012102,
Denominación social: Consultora Gallega, SL
Domicilio social: r/San Martiño, nº3b, CP 36002, Pontevedra
Importe: 20.812,15 euros
Data entrada no rexistro: 06/11/2009

S. Ordinaria 26.03.12

Representa o 15 por 100 dos traballos correspondentes ao Plan do Ensanche para a súa aprobación inicial, pendente ata que se aprobe o Plan.

Teño que advertir, que esta factura non debería ter sido aceptada ata que se cumpriran os requirimentos do contrato, xa que o pagamento habería que facelo coa aprobación inicial. O feito de non devolvela, está a penalizar o tempo global de morosidade, aspecto este que haberá que coidar no futuro.

CIF: B36651487

Denominación social: Galaicontrol, SL

Domicilio social: P.T.L.C/ B Valladares, CP 36314, Vigo

Importe: 11.950 euros

Data entrada no rexistro: 21/02/2011

Corresponde a un control Xeotécnico para a proxección dos Parques Subterráneos da cidade, que no seu día foi obxecto dun trámite de proposta para recoñecemento extraxudicial de créditos, que non resultou aprobada.

Conclusiones

Tendo en conta a situación de pagamento das débedas recoñecidas ata 31 de decembro do ano 2011 e o pagamento na súa totalidade a esta data, esta Intervención Xeral, considera que, en aplicación do contido do Real Decreto 4/2012, non se dan as circunstancias de falta de liquidez en relación coas obrigas pendentes de pagamento para acometer un Plan de axuste por non existiren estas.

En canto ás facturas sen cobertura presupostaria, suposto este recollido no artigo 10 apartado 5 da precitada norma, xa está recollido no proxecto do orzamento do ano 2012 que está en trámite, aínda que o recurso que vai financiar o devandito recoñecemento extraxudicial de créditos, non ten a súa orixe nunha operación de débeda como prevé o precepto citado e a regulación dada polo Real Decreto Lei 7/2012, do 9 de marzo, os recursos terán a condición de ingresos correntes non financeiros, polo que a solución dada é mais prudente e non vai computar como unha carga financeira adicional nin xerará custes financeiros.

De non se aprobar o orzamento que recolle as débedas xurdidas de forma non axustada a Dereito, sería necesario adoptar outros acordos para a tramitación dunha modificación orzamentaria que tivese como aplicación dar cobertura a estas obrigas económicas que están relacionadas na certificación remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con data 12 de marzo de 2012, convertendo a obriga económica nunha obriga de pagamento, convertendo as mesmas en esixibles, condición que non teñen neste intre.

Aínda que a súa contía está controlada, sendo a porcentaxe maior das obrigas

S. Ordinaria 26.03.12

xurdidas sen cobertura orzamentaria, as que teñen orixe na liquidación de proxectos de obras correspondente ao Plan de Investimentos 2008-2011, incluíndo o Fondo Estatal de Investimento Local e o Fondo Estatal de Emprego e Sostibilidade Local, é necesario erradicar os compromisos de gastos sen cobertura orzamentaria, implantando medidas conducentes a impedir este tipo de prácticas, aínda que, como xa se advertiu neste informe, no caso do Concello de Vigo, con carácter xeral dende hai moitos anos por todos os gobernos, están a ser controladas, é na maioría dos supostos, están amparadas en supostos illados coa finalidade de seguir a prestar un servizo esencial que se quedou sen cobertura orzamentaria. Os resultados deste control tiveron e están a ter bos resultados que quedan reflectidos no saneamento das súas contas, no coeficiente de endebedamento, na escasa contía que representan os acredores non financeiros, na liquidez da que dispón a Entidade e na capacidade que está a ter para facer fronte ao cumprimento dos pagamentos en prazo en aplicación da Lei de morosidade.

Non entanto o anterior, ante a posibilidade que nalgún caso, poida xurdir algunha obriga sen cobertura orzamentaria, hai que asumir, dende o cumprimento da sentenza do Tribunal Constitucional citada, que se o órgano interventor ten coñecemento da existencia dalgunha débeda que reúna estas características, deberá informar sobre a necesidade da inclusión da mesma con carácter preferente sobre as demais, e dicir, sobre calquera dotación orzamentaria para gastos voluntarios.

Polo tanto, tendo en conta a situación das débedas, a liquidez que dispón o Concello de Vigo, o período medio de pagamento, o cumprimento da Lei de morosidade, a inclusión no proxecto do orzamento para o ano 2012 das débedas sen cobertura orzamentaria e non existencia de débedas que teñan legalmente a condición de esixibles, delimitación legal que xa se fixo no epígrafe definido como débedas sen cobertura orzamentaria, non concorre ningunha das circunstancias legais para que este interventor eleve ao Pleno da Corporación un Plan de axuste de acordo ao contido do previsto no artigo 7 do Real Decreto Lei 4/2012 e o regulado no Real Decreto 7/2012, do 9 de marzo, nin tampouco para ir a unha operación de endebedamento cuxa aplicación resultaría ficticia.

Este é o informe que presenta o interventor do Concello de Vigo ao Pleno da Corporación para dar cumprimento ao previsto no artigo 3.2 do Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro.”

No expediente figura a relación certificada de obrigas pendentes, composta de 24 follas debidamente numeradas e dilixenciadas por esta Secretaría Xeral do Pleno, que comeza por “López López José Rubén” e remata por “Asociación Cultural Musical Cunajazz”.

S. Ordinaria 26.03.12

No expediente también figura resguardo de sinatura electrónica co contido que se transcribe deseguido:

“Texto original que se firmó:

— comienzo del texto -

Este documento, destinado a ser firmado, se ha generado con fecha y hora: lunes, 12 de marzo de 2012, 13:21:18

Relación certificada de las obligaciones pendientes de pago de acuerdo con los artículos 2 y 3 del Real Decreto 4/2012, de 24 de febrero, por el que se determinan obligaciones de información y procedimientos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para el pago a los proveedores de las entidades locales.

D. Luis García Alvarez, en calidad de interventor o secretario-interventor del Ayuntamiento/Diputación Provincial/Consejo insular/cabildo insular de 'Vigo' y con DNI número: '36017888A.*

Certifico que he podido comprobar relación de obligaciones pendientes de pago a los contratistas y reúnen todos los requisitos siguientes:

- a) Ser vencidas, líquidas y exigibles.
MEH-resguardo-firma-digital-pagos-proveedores. Txt.*
- b) Que la recepción, en el registro administrativo de la entidad local, de la correspondiente factura, factura rectificativa en su caso, o solicitud de pago equivalente haya tenido lugar antes del 1 de enero de 2012.*
- c) Que se trate de contratos de obras, servicios o suministros incluidos en el ámbito de aplicación del texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público aprobado por el Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre.*

A continuación se muestra un resumen del grupo y por Entidad Local :

- Número de proveedores introducidos (para la entidad principal y dependientes): 103*
- Para la entidad 'Vigo' Número de facturas: 329
Total del importe principal: 4.613.993,05 E*
- Para la entidad 'F. Liste-Museo Etnográfico de Vigo'
Número de facturas: 0
Total del importe principal: 0,00 E*

S. Ordinaria 26.03.12

- Para la entidad 'Inst. M. Deportes'
Número de facturas: 0
Total del importe principal: 0,00 E
- Para la entidad 'O. Aut. M. Parque das Ciencias Vigo Zoo"
Número de facturas: 0
Total del importe principal: 0,00 E
- Para la entidad 'Esc. M. Artes e Oficios'
Número de facturas: 0
Total del importe principal: 0,00 E
- Para la entidad 'Gerencia M. urbanismo'¹
- Número de facturas: 2
- Total del importe principal: 32.762,15 E

Al firmar electrónicamente este documento, resumen de las entregas, declaro estar también presentando y firmando electrónicamente la lista completa de proveedores, facturas y pagos fraccionados indicados en un fichero aparte, cuyo resumen electrónico (en formato SHA-512) es el referido a continuación:

916C6AAF5F304BA1244FFF2302669EF09DC02A2DDA8FCFCB303C8132AAF
BE634B70A5CE99C6D8899203AD6E3C6609C6A9DDD4FE0D4DDC754ADF0
32429E 002AB1"

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 19 de marzo, tomou coñecemento do anterior.

DEBATE.- SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Quedamos un pouco atordados logo de escoitar á concelleira de Facenda, Sra. Díaz, porque algúns algo entendemos de números e cando nos falan de cifras que estiran como "chicle", non chegamos entender o por que desta manipulación que en moitas ocasións confunde aos cidadáns.

O sorprendente das cifras é que ás veces se convierten en realidade cando un técnico da casa, como o é o interventor municipal, reflicte o que reflicte nun documento asinado o 14 de novembro deste ano.

Parécenos moi ben que se fale de alta eficacia, que se paguen as facturas antes de 50 días, que se diga que hai 82 millóns en caixa cando hai quince días o

alcalde e a concelleira dicían que tiñan un 50 e a outra 55 millóns en caixa, de aí o meu comentario inicial.

No escrito que citei en relación co RD que obriga ás facendas locais a remitir un documento contable á administración do Estado, o interventor municipal di que convocou aos responsables dos servizos desta casa a unha reunión na que se lles informou da necesidade de cooperar para que aflorasen todas as facturas pendentes. Ao falaren de aflorar, fálase evidentemente de facer públicas facturas ocultas.

Segundo reza o documento do interventor hai unha relación de máis de catro millóns e medio correspondente a débedas xeradas sen cobertura orzamentaria. Isto quere dicir que estamos falando de facturas que este goberno municipal socialista que goberna a cidade de Vigo en minoría, tiña nos caixóns desta casa. Tiña facturas nos caixóns, maxinamos que algúns con chave, por máis destes catro millóns de euros.

Sr. alcalde, vostede nas súas declaracións é un falso. Voulle dicir por que. É un falso porque vostede manifestou que o Concello de Vigo non tiña débedas con provedores, pero o informe do Sr. Interventor relata en máis de vinte e cinco páxinas facturas por máis de catro millóns e medio de euros. Gustaríame que dixera o interventor como se chama isto porque ao mellor descoñecemos o nome destas facturas que estaban no caixón.

Isto ten que ver coa situación que ten este Concello, situación na que en nada lles preocupa o que poden estar vivindo nestes momentos as empresas da cidade.

Descubrimos que máis de trescentas cincuenta facturas as tiña este goberno metidas nun armario sen lle dar coñecemento aos provedores de cando, como e en que maneira se lles ían aboar. Foi o goberno da Nación quen lles obrigou a vostedes e a outras facendas locais a amosar esas facturas públicas e a ratificalas en documento por parte dos interventores das facendas locais.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sr. Concelleiro. A Madrid obrigáronlle por mil millóns, a Vigo por cero.

S. Ordinaria 26.03.12

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Queda claro quen manipula porque de súpeto di que nos esquezamos das cifras. Pero falemos das cifras e vexamos expresamente frases que se recollen no texto da Intervención. Conclusións: “Tendo en conta a situación de pagamento das débedas recoñecidas ata o 31 de decembro do ano 2011 e o pagamento na súa totalidade a esta data, esta Intervención Xeral considera que, en aplicación do contido do RD 4/2012, non se dan as circunstancias de falta de liquidez en relación coas obrigas pendentes de pagamento para acometer un plan de axuste por non existir estas”. Iso é o que di o informe da Intervención. Remata tamén dicindo: “Non concorre ningunha das circunstancias legais para que este interventor eleve ao Pleno da Corporación un plan de axuste, de acordo co contido no previsto no artigo 7 do RDL 4/12, nin tampouco para iren a unha operación de endebedamento cuxa aplicación resultaría ficticia”.

O interventor está negando todo o que acaba de dicir o Partido Popular. Non existía ningunha factura nun caixón. Estaba todo pagado e perfectamente controlado.

Si existían facturas nun caixón cando chegamos nós a este goberno hai catro anos, o que nos obrigou a facer unha modificación orzamentaria en xullo de 2007 por catorce millóns de euros por mor de facturas que estaban metidas nun caixón, entre elas as do despacho da D^a Corina Porro, pero algunhas xa viñan do ano 2005 e estamos falando do ano 2007. Tivemos que seren nós quen sacamos á luz as facturas que tiña no caixón o Partido Popular.

O que fai este RD precisamente é controlar esa actuación negligente que estaba facendo o Partido Popular acotío con facturas sen pagar metidas nun caixón.

O orzamento de Mos é de 5.000.000 e ten débedas pendentes por 5.000.000 millóns, é como se no Concello de Vigo existiran 200.000.000, maxinen o nivel de endebedamento do Concello de Mos. O Concello de Ponteareas ten 4.000.000 millóns de euros en débedas, O Porriño ten 3.500.000 millóns. Pero se imos ao nivel de España e situámonos nunha cidade onde goberna o Partido Popular hai recoñecida polo seu interventor unha débeda de 1.017.000 de euros, isto é o

grave porque é onde governa o Partido Popular.

Se collemos a lista dos concellos onde governa o Partido Popular todos os informes da Intervención falan de centos e centos de millóns de euros de débedas a provedores.

Aquí temos un informe da Intervención que di que todas as facturas están controladas, que todo está pagado, que pagamos en trinta días e que polo tanto este Concello non ten débedas con provedores de acordo co que di a lei.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidentencia da conta ao Pleno da Corporación.

3.11.(52).- DAR CONTA DA MEMORIA DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO ANO 2011. EXPTE. 422/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 17 de febreiro o presidente do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo emite a memoria do devandito Tribunal correspondente ao ano 2011 co seguinte contido:

“Cumprimentando o disposto na Disposición adicional terceira do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (RTEACV), aprobado por acordo plenario do 14 de xuño de 2004, elabórase a presente Memoria correspondente ao ano 2011, en base aos datos que obran no arquivo do Tribunal, da que se da conta ó Pleno da Corporación.

Despois de varios anos de funcionamento, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo tense consolidado como un órgano técnico e independente na garantía dos dereitos dos cidadáns e cidadás de Vigo, en tanto que contribuíntes, coa resolución das reclamacións económico-administrativas interpostas en relación aos tributos e outros ingresos de dereito público que nutren a facenda municipal.

Ademais, o Tribunal seguiu exercendo funcións de colaboración e asesoramento aos distintos órganos de xestión do Concello en relación coas normas e procedementos de xestión, recadación e inspección dos ingresos municipais de dereito público. Todo isto tense traducido nunha mellora da actividade municipal e nunha diminución da conflictividade fiscal.

S. Ordinaria 26.03.12

No ano 2011 consolidouse o coñecemento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo. Sen embargo, nalgúns casos obsérvase certa confusión á hora de dirixir as reclamacións presentadas ante este Tribunal, dirixindo as mesmas ao Tribunal Económico-Administrativo Rexional. Esta circunstancia xera certo atraso na tramitación destas reclamacións concretas, xa que dito órgano as remite, como é lóxico, ao Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, coa conseguinte demora na súa tramitación.

As reclamacións presentadas teñen unha mellor e individualizada fundamentación xurídica, tendo diminuído as presentadas baixo un mesmo modelo ou tipo sen ter en conta as peculiaridades de cada unha. Tamén apréciase non só un aumento dos motivos de impugnación tanto de dereito substantivo (suxeito pasivo, contribuínte, responsabilidade solidaria e subsidiaria, exencións, bonificacións, etc.), como de dereito procedemental (carencia ou notificacións defectuosas, caducidade, prescrición, etc.), senón tamén que a maioría das reclamacións presentadas baséanse en varios motivos.

O exercicio 2011, ao non ter tido modificacións legislativas sobre o financiamento das entidades locais que obrigasen a adoptar novos criterios sobre os distintos supostos da regulación dos ingresos que integran a Facenda local, pódese considerar coma unha continuación dos anteriores, no que se consolidan os criterios sostidos polo Tribunal nas resolucións das distintas reclamacións económico-administrativas, compartidos na súa case totalidade polos Tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

No exercicio 2011, realizáronse 28 sesións do Tribunal; nas que se trataron un total de 663 asuntos. Reflicte un incremento de asuntos respecto aos anos anteriores debido, por unha banda, á tramitación de asuntos pendentes pola paralización por un período de 8 meses, motivada pola xubilación do seu anterior presidente e as dificultades para o nomeamento dos novos membros; e por outra banda, por un incremento das reclamacións económico-administrativas ao longo do exercicio 2011.

Ao longo do exercicio 2011 tiveron lugar as sesións que se citan, no seguinte cadro, que reflicte o número da sesión, a súa data e os asuntos tratados. No que se pode comprobar que foron tratados un total de 663 asuntos, dos cales unha gran maioría son reclamacións económico-administrativas.

Sesión	Data da reunión	Asuntos
2011/01	trece de xaneiro de dous mil once	17
2011/02	dezasete de xaneiro de dous mil once	1
2011/03	trinta e un de xaneiro de dous mil once	25
2011/04	once de febreiro de dous mil once	30
2011/05	vinteito de febreiro de dous mil once	30
2011/06	catro de marzo de dous mil once	26

2011/07	dezaioito de marzo de dous mil oito	24
2011/08	un de abril de dous mil once	33
2011/09	quinze de abril de dous mil once	36
2011/10	vinteito de abril de dous mil once	37
2011/11	seis de maio de dous mil once	25
2011/12	vinte de maio de dous mil once	27
2011/13	dous de xuño de dous mil once	18
2011/14	vinte de xuño de dous mil once	21
2011/15	vinteito de xuño de dous mil once	24
2011/16	vinteún de xullo de dous mil once	25
2011/17	vinteseis de xullo de dous mil once	22
2011/18	Vinte e dous de agosto de dous mil once	27
2011/19	dezaioito de agosto de dous mil once	21
2011/20	trinta de agosto de dous mil once	33
2011/21	quinze de setembro de dous mil once	2
2011/22	vinteseite de setembro de dous mil once	20
2011/23	seis de outubro de dous mil once	24
2011/24	catorce de outubro de dous mil once	24
2011/25	vinteún de outubro de dous mil once	17
2011/26	catorce de novembro de dous mil once	34
2011/27	dezasete de novembro de dous mil once	21
2011/28	quinze de decembro de dous mil once	19
TOTAL		663

No cadro seguinte móstrase o número das reclamacións económico-administrativas, tanto pendentes a un de xaneiro de dous mil once, unhas 341; coma as presentadas durante o exercicio dous mil once, unhas 587; sumando ambas categorías, unhas 928 reclamacións económico-administrativas.

Reclamacións económico-administrativas	
Pendientes a 01/01/2011	341
Presentadas no exercicio 2011	587
Total	928

A tramitación das reclamacións económico-administrativas, reflíctese no cadro que se mostra a continuación, no que se pode observar o seguinte: as reclamacións acumuladas a outros expedientes anteriores, foron 26; as reclamacións arquivadas, devoltas, caducadas ou desestimadas, foron 32; as reclamacións resoltas, foron 640. Deste xeito veñen supoñer un total de 698 reclamacións económico-administrativas tramitadas. As reclamacións económico-administrativas pendentes á data de trinta e un de decembro de dous mil once, son 230. Entre as reclamacións tramitadas e as pendentes fan un total de 928.

Tramitación de reclamacións económico-administrativas	
Tramitadas no exercicio 2011	698
- Acumuladas a outros expedientes anteriores	26

- Arquivadas, devoltas, caducadas ou desestimacións	32	
- Resoltas	640	
Pendientes a 31/12/2011		230
Total		928

No cadro seguinte pódese observar a tramitación por órganos do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo.

Os asuntos tratados en *Sala* foron 663, dos cales houbo 23 ditames favorables sobre ordenanzas fiscais; e 620 ditames favorables sobre acordos de órganos unipersoais; e 20 reclamacións. Destas últimas foi estimada 1; estimada parcialmente 1; desestimadas 16; e inadmitidas 2.

Os asuntos tratados por *órganos unipersoais* foron 620, dos cales 615 foron reclamacións. Destas últimas foron estimadas 10; desestimadas 540; e inadmitidas 65. Tratáronse 2 recursos de anulación; sendo desestimados 2. E por último se tramitaron 3 recursos extraordinarios de revisión; sendo inadmitidos 3.

Tramitación por órganos			
Sala			663
Ditames ordenanzas fiscais		23	
- Favorables	23		
Ditames acordos órganos unipersoais		620	
- Favorables	620		
Reclamacións		20	
- Estimadas	1		
- Estimadas parcialmente	1		
- Desestimadas	16		
- Inadmitidas	2		
Órganos unipersoais			620
- <i>Reclamacións</i>		615	
Estimadas	10		
Desestimadas	540		
Inadmitidas	65		
- <i>Recursos de anulación</i>		2	
- Desestimados	2		
- <i>Recursos extraordinarios de revisión</i>		3	
Inadmitidos	3		
Total			1.283

O cadro seguinte amósanos as notificacións que acadaron un total de 1.605. Das cales 850 foron internas e 755 foron externas.

Notificacións	
Internas	850
Externas	755

Total 1.605

O cadro que amosamos a continuación, reflicte os recursos contencioso-administrativos interpostos, sendo esta cifra dun total de 10.

Recursos contencioso-administrativos interpostos	
Recursos contencioso-administrativos interpostos	10
Total	10

Ao igual que nos exercizos económicos anteriores, o Tribunal, de conformidade co disposto nos artigos 137-1-b da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 2º-b do Regulamento Orgánico do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, do 14 de xuño de 2004, emitiu o seu preceptivo ditame sobre os proxectos de modificación de vintetrés ordenanzas fiscais do Concello para o ano 2012.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do 19 de marzo, tomou coñecemento do anterior.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

3.12.(53).- DAR CONTA DA INSTRUCCIÓN INTERPRETATIVA SOBRE ADAPTACIÓN DO PROCEDEMENTO ESTABLECIDO NO REGULAMENTO DO PLENO RELATIVO Á TRAMITACIÓN DAS ORDENANZAS MUNICIPAIS. EXPTE. 423/1101.

ANTECEDENTES.- O secretario xeral do Pleno e máis o secretario do Tribunal Económico-Administrativo do Concello, con data 15 de marzo, informan do seguinte:

“PRIMEIRO.- Coma anexo á Memoria do Tribunal Económico Administrativo do ano 2011 figura recomendación do seguinte literal:

ANEXO: RECOMENDACIÓNS DO TRIBUNAL SOBRE AS ADAPTACIÓNS NO PROCEDEMENTO XERAL NO RELATIVO ÁS PROPOSTAS DE APROBACIÓN OU MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS.

S. Ordinaria 26.03.12

A fin de conciliar a potestade do Pleno para a aprobación das normas regulamentarias (ordenanzas fiscais) coa iniciativa para a súa proposta e a necesidade do ditame previo á remisión ao Pleno das mesmas polo Tribunal Económico Administrativo en virtude do establecido no artigo 137 da LRBRL, considérase necesario interpretar o establecido polo artigo 90.3 do vixente Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo para o ámbito das emendas presentadas relativas ás normas fiscais, sen prexuízo do ditame previo que teña efectuado o Tribunal Económico Administrativo aos proxectos de ordenanzas fiscais aprobados pola Xunta de Goberno Local.

Así, enténdese que polo presidente da Comisión (na súa facultade en relación coas emendas presentadas de "...poder solicitar respecto das formuladas ao articulado os correspondentes informes técnicos ou xurídicos...") e no prazo que media entre o remate do establecido para a proposición de emendas e a sesión da comisión que teña lugar, deben ser remitidas para o preceptivo ditame polo Tribunal Económico Administrativo as mesmas, ditame este que será emitido e incorporado ao expediente antes de que teña lugar a correspondente sesión da comisión informativa.

Deste xeito, e recordando sempre que o ditame non é vinculante, asegúrase que o texto proposto ao Pleno, calquera que sexa o resultado do debate na comisión, foi ditaminado polo Tribunal Económico Administrativo e con isto se ten cumprimentado o trámite esixido tanto polo artigo 137 da LRBRL como polo Regulamento Orgánico do Tribunal. Así mesmo, e toda vez que o artigo 90 do Regulamento Orgánico do Pleno non permite a presentación de emendas con posterioridade ao dito prazo, asegúrase que o texto aprobado foi en todo caso ditaminado polo Tribunal.

Así mesmo, tamén se entende que deberán ser remitidas para ditame as alegacións ás que se refire o artigo 93 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo e que poidan chegar formar parte do texto obxecto de aprobación definitiva."

SEGUNDO.- O Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo (BOP nº 180, do 17 de setembro de 2010) establece no seu Título VI (artigos 88 e seguintes) o procedemento xeral para a elaboración e aprobación de ordenanzas, regulamentos e orzamento.

En materia fiscal, sen embargo, existe unha especialidade establecida polo artigo 137 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, cuxo artigo 137 (introducido por Lei 57/2003) crea os órganos para a resolución das reclamacións económico administrativas e, entre outras, asígnalle a función de ditaminar os proxectos de ordenanzas fiscais.

En consecuencia, e de conformidade cós artigos 38 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo e 4.3 do Regulamento Orgánico do Tribunal Económico

Administrativo do Concello de Vigo, faise necesaria a conciliación de ambos textos e na súa virtude ditar a seguinte Instrución interpretativa en relación coa tramitación dos proxectos de aprobación, modificación ou supresión das ordenanzas fiscais:

- a) En relación co establecido no artigo 90.3 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, no prazo que media entre o remate do establecido para a proposición de emendas e a sesión da comisión que teña lugar, deben ser remitidas as ditas emendas para o preceptivo ditame polo Tribunal Económico Administrativo, ditame este que será emitido e incorporado ao expediente antes de que teña lugar a correspondente sesión da comisión informativa.
- b) Nos supostos referidos no artigo 93 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo deberán ser remitidas para ditame nos prazos indicados no apartado anterior as reclamacións, suxestións ou emendas que poidan chegar formar parte do texto obxecto de aprobación definitiva.
- c) O anterior enténdese sen prexuízo do ditame aos proxectos de ordenanza que realiza o Tribunal Económico Administrativo en todo caso
- d) Dar conta ao Pleno do Concello, á Sala do Tribunal Económico Administrativo e aos servizos afectados do contido da presente”.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do día 19 de marzo, tomou coñecemento do anterior informe.

De todo o anterior a Alcaldía Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

3.13.(54).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 7 DO PXOM, EN EXECUCIÓN DE SENTENZA DO TSXG NÚM. 25/2011, RELATIVA Á DEFINICIÓN DE ALIÑACIÓNS NO CAMIÑO DE Balsa (MATAMÁ). EXPTE. 13312/411 (436/1101).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 29 de febreiro de 2012, o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión, coa conformidade do xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico e máis da xerente, informa do que segue:

S. Ordinaria 26.03.12

“1.- O 13.01.2011, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou no procedemento ordinario 4653/2008 a sentenza 25/2011, cuxo fallo é do seguinte teor literal:

“Que debemos estimar y estimamos el recurso contencioso-administrativo interpuesto por JOSE LUIS ABALDE GONZÁLEZ contra la Orden de la CPTOPT de 16 de mayo de 2008, sobre aprobación definitiva del PXOM del Concello de Vigo, refiriéndose exclusivamente la impugnación a la cuestión sobre omisión del trazado con alineaciones y retranqueos, del vial con inicio en el Ramal 4 del Camiño de Balsa y final en la finca particular nº 48 y en consecuencia anulamos parcialmente dicha Orden en el único y concreto extremo relativo a la denunciada omisión de alineaciones del vial al que se refiere el presente litigio, debiéndose proceder por la Administración competente a trazar dichas alineaciones; sin hacer especial condena en costas”

2.- O 21.02.2011, o arquitecto municipal emitiu informe a petición do Departamento de Asesoría Xurídica, no que tras recoller dúas posibles alternativas sinala que *“[...] sen embargo, non se pode considerar a determinación de aliñacións abordable coma unha simple “corrección de erros materiais” do PXOM ao ter omitido tal determinación [...]”* apuntando que *“[...] a determinación das aliñacións en solo urbano consolidado aparece reservado na lexislación urbanística ao instrumento de planeamento xeral (artigo 54.f da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia), entre as determinación do Plan Xeral de Ordenación Municipal en solo urbano consolidado [...]”* concluíndo que a determinación e definición concreta da aliñación debe efectuarse *“[...] a través dunha Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal sometida ao indicado nos artigos 93 e 94 da LOUGA [...]”*.

Indica así mesmo no último parágrafo do seu informe que *“[...] As razóns de interese público esixidas no artigo 94.1 da LOUGA xustificanse no cumprimento da sentenza do TSXG 00025/2011”*.

3.- O 15.09.2011, de conformidade do informe-proposta de igual data do arquitecto municipal director da Oficina de Planeamento-Xestión e do técnico de administración xeral, a concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos ditou resolución na que ordenou iniciar a modificación puntual nº 7 do PXOM en cumprimento da sentenza 25/2011 do TSXG, relativa á definición de aliñacións no camiño de Balsa (Matamá), encomendando aos servizos técnicos e xurídicos da XMU a redacción da documentación técnica e a tramitación administrativa desta modificación (exp. 13312/411).

4.- En atención ao disposto no art. 84 da LOUGA, o 09.11.2011 (nº de saída 16135-2011) a concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes

S. Ordinaria 26.03.12

Proxectos remitiu á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) un informe da oficina técnica de Planeamento e Xestión do 08.09.2011, xunto co anteproxecto de planeamento da modificación puntual nº 7 do PXOM, como documento de inicio para a avaliación ambiental estratéxica (AAE).

5.- O 27.01.2012 (DOC. 120009605) tivo entrada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo un oficio do subdirector xeral de avaliación ambiental da CMATI, ao que xunta copia compulsada da Decisión do Secretario xeral de calidade e avaliación ambiental do 12.01.2012, pola que se acorda non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica a modificación puntual nº 7 do PXOM do Concello de Vigo.

Xunta así mesmo dous informes recibidos na fase de consultas aberta polo órgano ambiental:

- Informe do 28.11.2011 da xefa do servizo de planificación e programación hidrolóxica de Augas de Galicia, no que indica que segundo a súa consideración non existe incidencia sobre bens baixo a tutela ou xestión de Augas de Galicia, e que non se prevén efectos adversos significativos no medio hídrico
- Informe sen datar nin asinar, emitido nunha folla co anagrama impreso da Cámara Oficial Mineira de Galicia, no que se solicita que o equipo redactor consulte o Rexistro Mineiro e teña en conta na súa redacción os dereitos mineiros vixentes dentro do ámbito, así como que se teña en consideración e se respecte o perímetro de protección das augas minerais existentes no Concello de Vigo, así como que se incorpore no apartado do marco normativo normativa de minería e augas minerais de Galicia

O 08.02.2012 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* -DOG- nº 27 un anuncio de 16.01.2012 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se fai pública a decisión de non someter a modificación puntual nº 7 do PXOM a AAE.

6.- Con data 27.02.2012, os servizos técnicos da Oficina de Planeamento e Xestión emitiron o documento denominado «V.1 DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL» da «MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 7 DO PXOM/ALIÑACIÓN NO CAMIÑO DE Balsa (MATAMÁ)», no que se toma en consideración e adopta a solución técnica proposta polos Servizos Técnicos por informe do enxeñeiro técnico de obras públicas do 17.02.2012, no que se expresa o seguinte criterio:

“Una vez estudiadas las características existentes del camino, de las edificaciones y de los servicios, se proponen unas alineaciones para el vial con un ancho de 6 m, con un fondo de saco en “martillo” definido por un cuadrado de lado 10 m. La alineación por el este será la definida por el lateral oeste del cobertizo existente en el número 48, la alineación por el oeste a 6 m de la

S. Ordinaria 26.03.12

anterior y el martillo para el cambio de sentido se situará también para el oeste. Sobre la rasante del camino se propone mantener la existente.

Sobre los servicios existentes: el vial camino de Balsa con ancho definido de 10 m presenta canalización municipal de abastecimiento y saneamiento, instalación de alumbrado público y canalización aérea de energía eléctrica [...]"

7.- O 28.02.2012, con base no citado documento denominado "V.1", os servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión emitiron informe sobre a legalidade e calidade técnica da ordenación proxectada, aos efectos do disposto no art. 85.1 da LOUGA.

8.- O 28.02.2012 pasa o expediente a informe do técnico de administración xeral que subscribe, a fin de redactar a proposta de aprobación inicial da modificación puntual nº 7 ao órgano competente.

II.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; *Boletín Oficial do Estado* -BOE- nº 154, do 26.06.2008 (TRLS 2008)
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; *Diario Oficial de Galicia* -DOG- nº 252, do 31.12.2002 (LOUGA)
- Real decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE nº 221, do 15.09.1978 (RPU)
- Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE nº 27, do 31.01.1979 (RXU)
- Real decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE nº 175, do 23.07.1997
- Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente; BOE nº 102, do 29.04.2006
- Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia; DOG nº 94, do 16.05.2007
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; DOG nº 139, do 18.07.2008 (LPPG)
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia; DOG nº 214, do 08.11.1995 (LPCG)
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia; DOG nº 206, do 23.10.2008

S. Ordinaria 26.03.12

- Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia; DOG nº 109, do 06.06.2008
- Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia; DOG nº 118, do 21.06.1995
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo do 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes do 16 de maio de 2008 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* -BOP- nº 151, do 06.08.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP nº 175, de 10.09.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009) (PXOM)
- Código civil; BOE nº 206, 25.07.1889 (CC)
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; BOE nº 167, do 14.07.1998 (LXCA)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE nº 285, do 27.11.1992
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local; BOE nº 80, do 03.03.1985 (LBRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG nº 149, do 05.08.1997 (LALGA)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo do 6 de setembro de 2010 (BOP nº 193, do 06.10.2010)

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A.- MODIFICACIÓN DO PLANEAMENTO XERAL

Segundo dispón o art. 92.1, os plans de ordenación terán vixencia indefinida, sen prexuízo da súa modificación ou revisión; modificación que, en atención ao disposto no art. 94.1 da LOUGA, deberá fundamentarse en todo caso en razóns de interese público debidamente xustificadas.

As razóns de interese público que concorren no presente expediente, tal e como se puxo de manifesto no informe-proposta de incoación do mesmo e no informe técnico evacuado para o Departamento de Asesoría Xurídica aos que se fixo referencia nos antecedentes do presente informe, derivan da Constitución e da Lei por tramitarse a mesma en execución da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 25/ 2011, cuxo fallo se transcribe no expositivo primeiro deste informe; así o prevé o art. 118 da Constitución española, ao dispor a obrigatoriedade de cumprir as sentenzas e demais resolucións firmes dos Xulgados e Tribunais, que ten plasmación directa na lexislación procesual de cada ámbito xurisdiccional (aos nosos efectos a LXCA, nos arts. 103.2, 104.1, seguintes e concordantes).

S. Ordinaria 26.03.12

B.- TRAMITACIÓN

Polo que respecta á súa tramitación, o art. 93.4 da LOUGA preceptúa que a revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e ordenanzas se suxeitarán ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación:

B.1) Avaliación ambiental estratéxica

O art. 84.3 da LOUGA, integra na fase de elaboración do planeamento a tramitación da AAE, que comezará coa elaboración dun anteproxecto de planeamento como documento de inicio, que será remitido ao órgano ambiental para que no prazo de dous meses se pronuncie sobre a necesidade ou non de someter o proxecto á AAE; en caso afirmativo, o órgano promotor deberá elaborar un informe de sustentabilidade ambiental (ISA), cuxa amplitude e nivel de detalle -en atención ao disposto no art. 9 da Lei 9/2006- se especificarán no documento de referencia que deberá remitir o órgano ambiental, no que se incluírán ademais os criterios ambientais estratéxicos e indicadores dos obxectivos ambientais e principios de sustentabilidade aplicables, así como, no seu caso, da congruencia cos instrumentos establecidos na LPPG (art. 84.5 '*in fine*' da LOUGA).

Consta no expediente a tramitación da AAE, e a súa terminación por medio de Decisión da Secretaría de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI de 13.01.2012, pola que se acorda non someter a Modificación Puntual nº 7 á AAE.

B.2) Informes sectoriais previos á aprobación inicial

Pola súa banda, a normativa sectorial reguladora do dominio público esixe a remisión aos organismos competentes do proxecto de planeamento para a emisión dun informe previo á aprobación inicial no ámbito das súas competencias; así o prevé expresamente a normativa sectorial de costas (art. 117 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas; art. 210 do Real decreto 1471/1989, do 1 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de costas), a lexislación sectorial estatal e autonómica de estradas (art. 10.2 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas; art. 15.4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia), a normativa sectorial de ferrocarrís (art. 7.2 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario); a normativa sectorial aeroportuaria (Disposición adicional Segunda do Real decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo); e a normativa sectorial de augas (art. 39.1 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia).

A modificación puntual nº 7 non ten incidencia no dominio público regulado na normativa sectorial indicada, polo que non é necesario recabar dos órganos competentes os ditos informes.

S. Ordinaria 26.03.12

B.3) Informe da CMATI previo á aprobación inicial

Terminada a fase de elaboración, de conformidade co disposto no art. 85.1 da LOUGA, os servizos técnicos e xurídicos municipais emitirán informe sobre a legalidade e calidade técnica da ordenación proposta, que será remitido xunto con copia completa do expediente ao Conselleiro da CMATI para que evacúe informe previo á aprobación inicial no prazo de dous meses.

Neste procedemento, por non tratarse dunha modificación que implique nin a reclasificación do solo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona, nin que altere os sistemas xerais previstos no planeamento, en aplicación da excepción recollida no parágrafo segundo do art. 93.4 da LOUGA, non resulta preciso obter o dito informe da CMATI previo á aprobación inicial.

Polo que respecta ao informe sobre a legalidade e calidade técnica da ordenación proxectada, consta no expediente informe de 28.02.2012 dos servizos técnicos e xurídicos da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo.

B.4) Aprobación inicial.

a) De conformidade co previsto no art. 85.2 da LOUGA, realizados os trámites anteriores o Concello procederá á aprobación inicial da proposta de modificación, e a continuación someterá o expediente simultaneamente ás consultas indicadas no documento de referencia -se o houber-, ao trámite de información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous dos diarios de maior circulación da provincia, e darase audiencia aos concellos limítrofes durante o mesmo prazo; por previsión expresa do artigo indicado, non será necesaria a notificación individual da apertura do trámite de información pública ás persoas propietarias de terreos no ámbito.

Ao mesmo tempo que o trámite de información pública, a administración municipal deberá recabar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que serán emitidos no prazo dun mes, salvo que a lexislación sectorial sinal outro prazo (art. 85.3 da LOUGA).

No cumprimento deste apartado é necesario facer certas apreciacións relativas ás alegacións da Cámara Oficial Mineira de Galicia das que se deu traslado polo órgano ambiental como anexos da decisión de non sometemento á AAE.

En primeiro lugar, cómpre traer a colación que o propio órgano ambiental non ten en conta as ditas alegacións; no apartado 3 das consideracións técnicas que motivan a decisión, denominado "*Período de exposición pública e consultas do documento de inicio*", a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental relaciona do seguinte modo o resultado do citado período, de cuxa lectura

signifícase a falta de interese para o órgano ambiental do escrito da Cámara Oficial Mineira de Galicia para a tramitación da AAE:

“Durante o período de consultas recibíronse informes do organismo autónomo Augas de Galicia nos que, de xeito resumido, manifestan o seguinte:

Augas de Galicia

Analizada a documentación dispoñible considérase que non existe incidencia sobre bens baixo a tutela ou xestión do Organismo Autónomo Augas de Galicia, non prevíndose efectos adversos significativos sobre o medio hídrico.

En todo caso, o escrito recibido será remitido ao órgano promotor da modificación para que o teña presente dentro da tramitación para a súa aprobación definitiva.”

En segundo lugar, da lectura do escrito da Cámara cabe inferir un erro na valoración das dimensións do ámbito afecto á modificación puntual -limitado ao establecemento dunha aliñación nun vial dunha largura de 28 metros en execución de sentenza-, xa que na súa redacción indica que *“[...] a pesar da importancia do sector, non consta a solicitude, por parte do Concello de Vigo, do pertinente informe da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nin a preceptiva consulta previa ao Rexistro Mineiro correspondente á delegación de Pontevedra da Consellería de Economía e Industria, tal e como esixe o artigo 14.1 da Lei 3/2008 de 23 de maio, de Ordenación da Minería de Galicia [...]”*.

O citado art. 14.1 da Lei 3/2008 refírese á participación da consellería competente en materia de minas na elaboración de instrumentos de planeamento con incidencia na minería e establece a obrigatoriedade de solicitar da citada consellería un informe dos datos reflectidos no Rexistro Mineiro de Galicia.

Pese ao carácter que pretende darlle a Cámara Oficial Mineira de Galicia -que en ningún caso xustifica nin manifesta que a ordenación proposta teña incidencia na minería- a dita Lei non prevé o informe da Consellería de Economía e Industria como previo á aprobación inicial do planeamento, polo que o mesmo será recabado durante o trámite previsto no art. 85.3 da LOUGA; por non establecer a norma sectorial de minería un prazo para a evacuación do informe, opera o prazo supletorio dun mes establecido polo art. 85.3 da LOUGA, transcorrido o cal entenderase por emitido en sentido favorable.

b) Segundo dispón o art 77.2 da LOUGA, o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determina, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas nos ámbitos obxecto do planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente, preceptuando a obrigatoriedade de que o acordo de aprobación inicial determine

expresamente as áreas afectadas pola modificación a estes efectos.

A área afectada pola modificación puntual nº 7 ven definida polo vial do camiño de Balsa no que se trazan as aliñacións, e circunscríbese ás parcelas catastrais lindantes co citado vial, que son as de referencias catastrais 54057A088003480000AI, 54057A088003520000AJ, 1320801NG2712S0001OD e 1320819NG2712S0001YD, segundo consta no axexo 5 do documento 3 da "V.1" da modificación puntual nº 7.

B.5) Aprobación provisional.

O art. 85.7 da LOUGA prevé que cumpridos os trámites precedentes, previo informe do resultado do trámite de información pública e consultas, o Concello en Pleno aprobará provisionalmente o contido da modificación puntual nº 7 na redacción que resulte das modificacións que fosen pertinentes e someterá o expediente completo debidamente dilixenciado ao órgano autonómico competente para outorgar a aprobación definitiva.

C) CONTIDO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 7

A modificación puntual nº 7 está integrada pola seguinte documentación, de cuxa legalidade e calidade técnica responde o informe do 28.02.2012 ao que anteriormente se fixo referencia:

- Documento 1. Memoria informativa e xustificativa
- Documento 2. Contido da modificación/planos
- Documento 3. Anexos:
 - Anexo 1. Copia da sentenza 00025/2011 do TSXG que obriga a trazar aliñacións no vial obxecto deste expediente
 - Anexo 2. Documento de Inicio de AAE
 - Anexo 3. Resolución do 13.01.2012 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI sobre non necesidade de AAE
 - Anexo 4. Copia dos planos 16-I e 16-J do PXOM, aprobados e dilixenciados polo Concello de Vigo e a Xunta de Galicia
 - Anexo 5. Fichas catastrais das parcelas incluídas

3.- COMPETENCIA

É competente para adoptar o acordo de aprobación inicial da modificación puntual nº 7 do PXOM o Pleno do Concello de Vigo (art. 123.1.i LBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local (art. 127.1.c LBRL), a proposta do Consello de Xerencia (art. 10.1.b] e j] en relación co art. 3.1 dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo)."

S. Ordinaria 26.03.12

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 9 de marzo, ditaminou favorablemente o informe-proposta emitido.

O Secretario Xeral do Pleno, con data 13 de marzo, informa do que segue:

“Lexislación Aplicable:

- LBRL. Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- LOUGA. Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Antecedentes:

En data 13.01.2011 o TSX de Galicia, no recurso 4653/2011, sentenza 25/2011, fallou o seguinte: *“(...) debemos estimar e estimamos ... o recurso contencioso-administrativo interposto ... contra a Orde da CPTOPT do 16 de maio de 2008 que aprobou definitivamente o PXOM do Concello de Vigo ... referida exclusivamente á omisión do trazado con aliñacións e retranqueos do vial co inicio no Ramal 4 do Camiño da Balsa e final na finca nº 48, ... anulamos parcialmente dita Orde no ... extremo relativo á ... omisión de aliñacións do vial ... debéndose proceder pola administración competente a trazar ditas aliñacións ...(...)”*

En execución da sentenza e en virtude do informe emitido polo arquitecto municipal en data 21.02.2011 no que se conclúe que, *“(...) a determinación e definición concreta da aliñación debe efectuarse a través dunha modificación puntual (...)”*, tense incoado o expediente 13312/411 relativo á modificación puntual nº 7 do PXOM.

En data de 09.11.2011 remítese á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o anteproxecto da modificación puntual nº 7 do PXOM como documento de inicio para a avaliación estratéxica, en data 12.01.2012 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental dita decisión pola que se acorda non someter ao procedemento da avaliación ambiental a modificación proposta.

En data 27.02.2012 a Oficina de Planeamento e xestión do concello de Vigo elabora o “DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL” no que consta a seguinte solución técnica:

“(...) unha vez estudadas as características existentes do camiño, das edificacións e dos servizos, propóñense unhas aliñacións para o vial cun ancho de 6 m., cun fondo de saco en "martelo" definido por un cadrado de lado 10 m. A

S. Ordinaria 26.03.12

aliñación polo leste será a definida polo lateral oeste do alpendre existente no número 48, a aliñación polo oeste a 6 m. da anterior e o martelo para o cambio de sentido situarase tamén para o oeste. Sobre a rasante do camiño propónse manter a existente.

Sobre os servizos existentes: o vial camiño de Balsa con ancho definido de 10 m. presenta canalización municipal de abastecemento e saneamento, instalación de iluminación pública e canalización aérea de enerxía eléctrica (...) "

O 28.02.2012, cumprimentando o sinalado no art. 85.1 da LOUGA, os servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento emitiron informe sobre a legalidade e calidade técnica da ordenación (aliñación) proxectada, o 29.02.2012 emítese por técnico de administración xeral proposta de aprobación inicial respecto da modificación puntual tramitada, nesta proposta se indica e se motiva que tal modificación non ten incidencia no dominio público regulado na normativa sectorial polo que non resulta necesario a emisión dos informes sectoriais sinalados na lexislación de costas, estradas, ferrocarrís, aeroportos e augas.

O artigo 123.2. da LBRL, advirte que requirirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno a adopción de acordos correspondentes á tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística.

A lexislación urbanística, é dicir, a LOUGA, no seu artigo 85.2 indica que, os concellos que formulen o planeamento xeral acordarán a súa aprobación inicial, aprobación que, segundo a lexislación básica, segundo o artigo 123.1.i) da LBRL, corresponde o Pleno. En definitiva, este trámite/acordo de aprobación inicial require do voto favorable da maioría absoluta de membros da Corporación.

O artigo 122.5.e).2º da LBRL sinala que corresponderá ó secretario xeral do Pleno o asesoramento preceptivo deste órgano (emisión de informe) cando se trate de asuntos/acordos nos que se esixa unha maioría especial (maioría absoluta).

Cumprimentando o anterior trámite emítese o seguinte, informe:

No concepto "tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística" deben entenderse incluídos os expedientes relativos ás modificacións puntuais dese planeamento xeral, modificacións que deben fundamentarse, art. 94.1 da LOUGA, en razóns de interese público debidamente xustificadas. No suposto que nos ocupa o interese público reside na execución dunha sentenza firme polo que inclusive a modificación en cuestión resulta obrigada.

Mediante auto do 16 de xullo de 1991 o TS ten indicado o seguinte:

S. Ordinaria 26.03.12

"(...) A execución de sentenzas non pode concibirse unicamente como un dereito do particular interesado na execución senón que é tamén un esencial interese público o que está implicado niso, como fundamento do Estado do Dereito, que demanda que se cumpran as sentenzas dos Tribunais e que se cumpran nos seus propios termos e non nos que decidan as partes segundo as súas conveniencias ou arbitrios (...)".

Non existen causas que imposibiliten material ou legalmente o cumprimento da sentenza recaída na forma e termos nela consignados. O art. 105 da Lei Xurisdiccional, que menciona tal imposibilidade, debe entenderse no sentido máis restritivo e estrito e en termos de imposibilidade absoluta; isto é, manifesta imposibilidade física ou evidente imposibilidade xurídica de cumprir o fallo.

O art. 93.4 da LOUGA advirte que as modificacións dos plans xerais suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

Na tramitación do expediente consta o cumprimento exacto das disposicións aplicables non sendo neste suposto preceptivo o informe previo á aprobación inicial que menciona o artigo 85.1 da LOUGA ó se tratar dunha modificación (trazado de aliñacións) que non implica nin reclasificación de solo, nin incremento da intensidade de uso, nin alteración dos sistemas xerais previstos no PXOM vixente, artigo 93.4 segundo parágrafo da LOUGA.

No expediente de modificación puntual consta a documentación técnica precisa.

Procedemento:

A aprobación provisional que no seu día se acorde -que poñerá fin á tramitación municipal- corresponde ao Pleno do Concello, art. 123.1.i) LBRL, en virtude disto é de aplicación o sinalado no art. 127.1.c. da LBRL polo que o proxecto de modificación, antes da súa consideración polo Pleno, ten que ser aprobado pola Xunta de Goberno Local.

Trala aprobación inicial que acorde o Pleno -co quórum antes indicado- o expediente, art. 85.2 LOUGA, someterase a información pública polo prazo de dous meses mediante anuncios publicados no DOG e en dous xornais de maior difusión na provincia, simultaneamente, sen prexuízo do anteriormente indicado, instarase das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios que haberán de ser emitidos no prazo dun mes, salvo que a lexislación sectorial sinale outro prazo distinto.

Conclusión:

Infórmase favorablemente a tramitación do expediente e a proposta de acordo que consta no mesmo."

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 16 de marzo, prestou a súa aprobación a proposta emitida.

(Está ausente a Sra. Egerique Mosquera do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a «Modificación puntual nº 7 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, relativa á definición de aliñacións no camiño de Balsa (Matamá)», redactada polos servizos técnicos e xurídicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, en execución da sentenza 00025/2011, do 13.01.2011 (PO 0004653/2008) da Sala do contencioso administrativo (Sección 002) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Segundo.- Aos efectos do art. 77.2 da LOUGA, determinar expresamente que a área afectada pola modificación comprende exclusivamente as parcelas lindantes co vial do Camiño de Balsa do que se trazan as aliñacións, de referencias catastrais 54057A088003480000AI, 54057A088003520000AJ, 1320801NG271250001OD e 1320819NG271250001YD.

Terceiro.- Abrir un trámite de información pública polo prazo de dous meses, mediante a inserción de anuncios no DOG e en dous dos xornais de maior difusión da provincia, e dar audiencia simultaneamente polo mesmo prazo aos municipios limítrofes.

Ao mesmo tempo, recabar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios; en particular, da Consellería de Economía e Industria tocante aos datos reflectidos no Rexistro Mineiro de Galicia.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Sala do contencioso administrativo (Sección 002) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para o seu coñecemento.

S. Ordinaria 26.03.12

3.14.(55).- MODIFICACIÓN DO CAMBIO DE USO DOTACIONAL DE EDUCATIVO A ASISTENCIAL DA PARCELA SITUADA NA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA, NÚM. 6 (CASA DO PESCADOR). EXPTE. 13652/411 (437/1101)

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 1 de marzo de 2012, o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión, coa conformidade do xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico e máis da xerente, informa do que segue:

“1.- O 30.11.2011, en sesión extraordinaria e urxente, a Xunta de Goberno Local acordou, examinadas as actuacións do expediente 69737/301 e visto o informe proposta do xefe de área de Política de Benestar do 28.11.2011, conformado pola concelleira delegada de Política de Benestar, e con informe da Titular da Asesoría Xurídica do 26.11.2011:

“1.- Aprobar a proposta de cesión de uso dos bens patrimoniais da Fundación “Casa del Pescador-Institución Valeriola” ao Concello, ofrecida no documento nº.110151979 (que a continuación se transcriben as condicións).

2.- Remitirlle este acordo ao departamento de Urbanismo para o inicio de expediente de cambio de uso de dotacional educativo a dotacional asistencial, así coma outros que fora preciso.

3.- Efectuar comprobación do inventario e do estado dos bens que quedan en depósito así como dos referenciados no anexo da cesión.

4.- Remitir o acordo aos distintos departamentos do Concello para o aboamento dos distintos gastos xerados (luz, teléfono, seguro, impostos etc.). [...]”

2.- O 17.01.2012, o xefe de Área de Benestar Social remitiu oficio á Xerencia Municipal de Urbanismo dando traslado de copia do citado acordo, aos efectos de dar cumprimento ao punto 2, iniciando o expediente de cambio de uso dotacional educativo a dotacional asistencial das instalacións sitas en Marqués de Valterra, 6.

3.- O 15.02.2012, o arquitecto municipal xefe da Área de Desenvolvemento Urbanístico emitiu informe -ao que acompaña plano de situación, fichas do catálogo de bens culturais e consulta descritiva e gráfica da parcela sita en Marqués de Valterra, 6-, no que conclúe o seguinte:

S. Ordinaria 26.03.12

“Para dar cumprimento ao punto segundo do acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de novembro de 2011, en canto a “remitirlle este acordo ao departamento de urbanismo para o inicio do expediente de cambio de uso dotacional educativo a dotacional asistencial, así coma outros que fora preciso” procede tramitar o procedemento previsto no artigo 47.4 da LOUGA, a través dun acordo adoptado polo Concello Pleno por maioría absoluta, sen necesidade [de] seguir o procedemento dunha modificación de plan.”

4.- O 15.02.2012, a concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos remitiu oficio á Área de Educación do Concello de Vigo, solicitando un informe acreditativo de que na parcela de referencia non se ven desenvolvendo ningunha actividade educativa nin se prevé a súa necesidade para usos educativos.

O 22.02.2012, a aparelladora municipal da Área de Educación informa de que segundo acordo do Pleno do 02.09.2002 -do que xunta copia-, o Concello de Vigo prestou a súa conformidade á cesión en uso por parte da Fundación Casa do Pescador-Institución Valeriola, a favor da institución relixiosa “Misión del Silencio”, indicando que na dita data xa se retirara a “Compañía de la Caridad de San Vicente de Paúl”, que ata entón viña prestando servizos como centro de educación preescolar, e que “Misión del Silencio” estableceu un centro de acollida para pobres, marxinados e transeúntes. Indica tamén que non parece necesario o seu uso para fins educativos a medio prazo, sinalando a proximidade do inmovible de Marqués de Valterra número 6 ao colexio de educación infantil e primaria Ramón y Cajal (Picacho), e á escola infantil municipal 0-3 anos de Santa Marta.

5.- O 28.02.2012 pasa o expediente a informe do técnico de administración xeral que subscribe.

II.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; *Boletín Oficial do Estado* -BOE- nº 154, do 26.06.2008 (TRLS 2008)
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; *Diario Oficial de Galicia* -DOG- nº 252, do 31.12.2002 (LOUGA)
- Real decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE nº 221, do 15.09.1978 (RPU)
- Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE nº 27, do 31.01.1979 (RXU)

S. Ordinaria 26.03.12

- Real decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE nº 175, do 23.07.1997
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo do 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes do 16 de maio de 2008 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* -BOP- nº 151, do 06.08.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13 de xullo de 2009 (BOP nº 175, do 10.09.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009) (PXOM)
- Plan xeral de ordenación urbana de Vigo de 1993, aprobado definitivamente en Consello da Xunta de Galicia do 29 de abril de 2003; DOG nº 87, do 10.05.1993. (PXOU 1993)
- Código civil; BOE nº 206, 25.07.1889 (CC)
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; BOE nº 167, do 14.07.1998 (LXCA)
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE nº 285, do 27.11.1992
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local; BOE nº 80, do 03.03.1985 (LBRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG nº 149, do 05.08.1997 (LALGA)
- Real decreto legislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; BOE nº 96, do 22.04.1986 (TRRL)
- Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; BOE nº 305, do 22.12.1986 (ROF)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo do 6 de setembro de 2010 (BOP nº 193, do 06.10.2010)

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A.- Características do inmovible de Marqués de Valterra, 6

O arquitecto municipal xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico no seu informe de 15.02.2012, sinala as características urbanísticas da parcela de referencia :

[...] é a nº 000118 do Inventario xeral municipal, coa referencia catastral nº 2261803NG2726S0001OH, denominada «Casa do Pescador», propiedade do Padroado da Fundación Casa do pescador-Institución Valeriola, que está presidido polo Sr. Alcalde, na que existe un edificio de baixo e dúas plantas, e que estivo destinado a escola infantil ata finais do ano 2002, na que dito padroado cedeu as

S. Ordinaria 26.03.12

instalacións á Misión do silencio, como centro de acollida.

No vixente PXOM a parcela está clasificada como SOLO URBANO CONSOLIDADO, e cualificada como dotación pública EQUIPAMENTO LOCAL EDUCATIVO, ordenanza de aplicación 13, non contemplándose en dita ordenanza 13 entre os seus usos tolerados ou compatibles o uso asistencial en edificio exclusivo. O motivo de tal cualificación parece ser un erro de apreciación do PXOM, xa que na cartografía aparecía rotulado sobre a parcela a antiga “Escola Infantil “Casa del Pescador”, instalación inexistente nesa parcela hai tempo, xa que se ven destinando a albergue dende hai varios anos.

O edificio situado na parcela atópase catalogado como elemento A-041 do catálogo de bens culturais anexo ao PXOM, co nivel de protección ambiental 1. na que se consideran obras prohibidas a alteración dos elementos protexidos e permitidas a restauración para volver a súa imaxe orixinal, máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. Así mesmo a parcela está dentro do ámbito de protección do xacemento arqueolóxico catalogado GA36057085 Necrópole de Picacho/San Francisco, polo que calquera obra que se propoña deberá adaptarse á normativa de protección arqueolóxica do Plan [...]”

A dita parcela, segundo se recolle na consulta descritiva e gráfica de datos catastrais obrantes ao expediente, ten unha superficie de solo de 2.330 m², e unha superficie construída de 1.782 m², nun único inmovible construído en 1931.

No informe do 12.08.2002 do xefe de Patrimonio, obrante como antecedentes do acordo do Pleno do 02.09.2002 cuxa copia se xunta ao informe da aparelladora municipal da Área de Educación de 22.02.2012, indícase o seguinte:

“A Institución Valeriola constituíuse por vontade dos Marqueses de Valterra que nos anos 1930 fixeron unha doazón pecuniaria ó Concello co fin da construción dun edificio chamado Casa do Pescador, para a instalación de servizos propios da cooperativa de pescadores, escolas de nenos, etc. Para o cumprimento dos ditos fins constituíuse o Padroado Institución Valeriola do que é membro fundador o Alcalde, segundo resulta da escritura pública de doazón outorgada polo Marques de Valterra o 11 de abril de 1930, xunto á Comandancia de Mariña, o Bispo da Diocese de Tui-Vigo e un representante dos pescadores.”

B.- Vixencia e modificación dos plans. Cambio de uso dotacional.

B.1.-Segundo dispón o art. 92.1, os plans de ordenación terán vixencia indefinida, sen prexuízo da súa modificación ou revisión; modificación que, en atención ao art. 94.1 da LOUGA, deberá fundamentarse en todo caso en razóns de interese público debidamente xustificadas.

Polo que respecta á súa tramitación, o art. 93.4 da LOUGA preceptúa que a

S. Ordinaria 26.03.12

revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e ordenanzas se suxeitarán ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

B.2.- Porén, o art. 47.4 da LOUGA prevé que o concello en Pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso de terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e espazos libres públicos.

B.3.- O art. 5.5.4.3 da normativa urbanística do PXOM contempla unha previsión semellante á do art. 47.4 da LOUGA:

“A substitución de usos dotacionais, de acordo co Artigo 47.4 da Lei 9/2002 deberá facerse polo Pleno do Concello por maioría absoluta legal, sen que dita substitución sexa considerada modificación do Plan Xeral de Ordenación.”

Esta norma do PXOM, a pesares da súa remisión expresa ao art. 47.4 da LOUGA, introduce dous matices ao disposto na referida norma, ao indicar que a maioría necesaria é a maioría absoluta “legal” (que cabe ser entendida como maioría absoluta do número legal de membros da Corporación), e ao dispor que a substitución non será considerada coma unha modificación do PXOM.

C.- Xustificación da necesidade do cambio de uso dotacional

No acordo da Xunta de Goberno Local do 30.11.2011 xustifícase a vontade municipal de aceptar a cesión de uso dos bens da Casa do Pescador para destinalo a un centro de inclusión adaptado á normativa autonómica na materia e á atención perentoria de fins sociais.

Consta no expediente de referencia a solicitude do xefe de Área de Benestar social do 17.01.2012 e comunicando o acordo da Xunta de Goberno Local e instando da Xerencia Municipal de Urbanismo á tramitación deste expediente.

Figura tamén no expediente o informe da apareladora municipal da área de Educación do Concello, do 22.02.2012, no que se indica que a parcela non se destina ao menos dende o ano 2002 a fins educativos, senón a usos asistenciais, e que dada a proximidade do edificio existente ao colexio de educación infantil e primaria Ramón y Cajal (Picacho) e á escola infantil municipal 0-3 anos de Santa Marta, non parece necesario o seu uso para fins educativos a medio prazo.

O informe do arquitecto municipal xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico de 15.02.2012 sinala no seu penúltimo parágrafo que “[...] estes expedientes de modificación do uso dotacional tramítanse no Concello de Vigo con audiencia previa das concellerías delegadas con competencias dotacionais

relacionadas co asunto (neste caso: Educación e Benestar Social)”; ambos departamentos municipais emitiron manifestacións favorables ao cambio de uso.

En todo caso, a teor dos informes do arquitecto e da aparelladora municipal, queda constancia de que o uso existente no edificio á data de aprobación do PXOM xa non era o dotacional educativo, senón o asistencial.

3.- COMPETENCIA

Á vista do exposto, de considerar o Pleno da Corporación suficientemente xustificado o cambio de uso dotacional promovido pola Xunta de Goberno Local (art. 47.4 da LOUGA, en relación cos arts. 123.1.p. da LBRL e 64.2.ñ. e o. da LALGA), previo informe preceptivo da Secretaría Xeral (arts. 122.5.e.2 da LBRL, 54.1.b do TRRL, e 173.1.b. do ROF) e a fiscalización da Intervención (arts. 54.1.b. do TRRL e 173.1.b do ROF), e a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (arts. 2.4.A.2 e 10.1.j. dos Estatutos XMU), podería adoptar, coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, o acordo que a seguir se propón...

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo na súa sesión do día 9 de marzo, ditaminou favorablemente a proposta emitida polo técnico de administración Xeral da Xerencia de Urbanismo con data 1 de marzo de 2012, citada anteriormente.

O Secretario xeral do Pleno, con data 13 de marzo, emitiu o seguinte informe:

“Lexislación aplicable:

- LBRL: Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- LOUGA. Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia.

...

No expediente consta informe da aparelladora da Área de Educación do Concello de data 22.02.2012 no que se indica que a parcela non se destina, ao menos dende o ano 2002, a fins educativos senón a usos asistenciais e que dada a proximidade da mesma ao colexio de educación infantil e primaria Ramón y Cajal e á escola infantil municipal de Santa Marta, non parece necesario o seu uso para fins educativos a medio prazo.

S. Ordinaria 26.03.12

O informe do arquitecto municipal xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico de 15.02.2012 sinala que os departamentos municipais de Educación e Benestar Social emitiron manifestacións favorables ao cambio de uso.

A teor dos informes do arquitecto e da aparelladora municipal queda constancia de que o uso do edificio á data de aprobación do PXOM non era o “dotacional educativo” senón “dotacional asistencial”, trátase polo tanto de regularizar xuridicamente unha situación de feito xa existente.

Por “uso urbanístico” podemos entender o destino que teñen, ou poden ter, as superficies que compoñen o territorio ordenado a través do planeamento. En similar senso o artigo 5.1.1 da normativa do PXOM indica que os usos regulan as diferentes utilizacións dos terreos e as edificacións segundo as actividades que poidan desenvolverse neles.

O PXOM cando fala de *usos globais* distingue entre residencial, terciario-hostaleiro, terciario-xeral, industrial e dotacional

O art. 5.5.1 define o “uso dotacional” como aquel que corresponde aos espazos e locais destinados a actividades dotacionais ou de equipamentos, de uso público ou colectivo e dominio tanto público como privado, tales como centros destinados á educación e á cultura, garderías, clubs sociais, centros culturais, centros sanitarios, servizos públicos, relixiosos, etc...

As normas pormenorizan o uso global dotacional en nove clases diferentes (*usos pormenorizados*) sendo o educativo, con nove categorías, e o asistencial, con dous, dous desas clases. Por “dotacional asistencial” se entende a actividade de prestación de asistencia, non especificamente sanitaria, ás persoas mediante os servizos sociais.

Trátase polo tanto dun simple cambio da clase dun mesmo uso dotacional, do cambio dun uso pormenorizado, co exclusivo obxecto de adecuar a parcela e o inmovible nela existente o destino/actividade, é dicir, o uso concreto que nela se desenvolve, isto posibilitará a concesión da preceptiva licenza pois na tramitación destas, como sinala o art. 194 da LOUGA, débese comprobar a adecuación do proxectado o ordenamento xurídico vixente, en definitiva, tamén ao planeamento xeral e aos usos nel previstos.

Conclusión:

Infórmase favorablemente a tramitación do expediente e a proposta de acordo que consta no mesmo.”

(Está ausente a Sra. Egerique Mosquera do Grupo Popular)

S. Ordinaria 26.03.12

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar, segundo o disposto no art. 47.4 da LOUGA, o cambio de uso dotacional de educativo a asistencial da parcela situada en Marqués de Valterra número 6, con referencia catastral 2261803NG2726S0001OH, propiedade do Padroado da Fundación Casa do Pescador-Institución Valeriola.

Segundo.- Instar da Oficina de Patrimonio a modificación, no sentido exposto, da descrición da parcela municipal de referencia, inscrita no IMBD co número 000118.

Terceiro.- Publicar este acordo no BOP e na páxina web do Concello, e notificalo, para o seu coñecemento, á Fundación Casa do Pescador-Institución Valeriola e ás concellerías delegadas de Área e xefaturas dos servizos municipais responsables de Educación e Benestar Social, e aos Servizos de Cartografía, Intervención urbanística e Información da Xerencia de Urbanismo.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se formularon.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación Municipal e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1.- (56).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO Á XUNTA E AO GOBERNO DO ESTADO A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE PROTECCIÓN PARA AS PERSOAS AFECTADAS POLAS PARTICIPACIÓNS

S. Ordinaria 26.03.12

PREFERENTES E INICIAR CAMPAÑA DE INSPECCIÓN. EXPTE. 418/1101.

5.2.- (57).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN APOIO Á PLATAFORMA DE AFECTADOS POR NOVAGALICIA EN RELACIÓN COAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES. EXPTE. 434/1101.

5.5.- (60).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA E AO GOBERNO DO ESTADO A ADOPTAR MEDIDAS DE PROTECCIÓN PARA CLIENTES DE ENTIDADES FINANCEIRA QUE ADQUIRIRON PRODUTOS DE RISCO. EXPTE. 435/1101.

Coa conformidade dos voceiros dos grupos políticos que compoñen a Corporación, a Presidencia somete a debate conxunto as tres mocións presentadas referentes ás persoas afectadas polas participacións preferentes.

Moción formulada polo voceiro do Grupo Municipal do BNG por escrito de data 14 de febreiro, número 418/1101:

“Nos últimos meses persoas deste concello están denunciado a comercialización irregular de participacións preferentes por parte das entidades financeiras pola falta de transparencia na súa colocación.

As participacións preferentes son un produto de investimento moi complexo, cun risco elevado. Trátase de valores que non teñen liquidez inmediata, para os que non existe garantía sobre o capital investido, onde o consumidor pode ter perdas.

Esa colocación masiva de participacións preferentes tivo como obxectivo a milleiros de clientes particulares, non familiarizados cos investimentos financeiros, que non eran informados debidamente das características destes produtos nin dos seus riscos, e en especial da escasa ou nula liquidez e da perpetuidade deste produto. Como resultado deste proceso, ao non comunicar ás persoas interesadas as advertencias necesarias dos riscos que entrañan estes produtos financeiros, as persoas afectadas -na súa maioría aforradores con historial carente de investimentos arriscados, que case sempre rendibilizaran os seus aforros coa contratación de depósitos bancarios ou investimentos simples a determinado prazo fixo- están a comprobar agora, pola negativa das entidades

S. Ordinaria 26.03.12

financeiras, a imposibilidade de recuperar o diñeiro investido.

A Comisión do Mercado de Valores (CNMV) advertiu en 2009 que non se trataba dun produto financeiro idóneo para a colocación no tramo comerciante polo miúdo, entre pequenos e medianos aforradores. Con todo, durante 2010 e 2011 continuaron estas emisións como forma de mellorar os cocientes de solvencia das entidades financeiras, sen cumprirse a normativa de protección de consumidores de produtos financeiros, que no caso de clientes minoristas concrétnanse na realización de tests personalizados de conveniencia co fin de asegurar se responde ás necesidades e características dos clientes destinatarios.

A presente moción pretende esixir das autoridades competentes, tanto da Xunta de Galicia -dado que moitas emisións foron emitidas polas extintas caixas de aforro antes da súa conversión en Nova Galicia Banco-, como do Goberno do Estado, que proporcionen unha solución satisfactoria ao problema descrito da colocación de participacións preferentes entre pequenos aforradores, que debe pasar pola devolución íntegra do nominal investido nestes títulos sen rebaixa de ningún tipo e, con vistas ao futuro, pola observancia estrita da normativa de protección de consumidores de produtos financeiros.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a que adopten medidas efectivas de protección dos clientes de entidades financeiras que investiron os seus aforros en instrumentos financeiros opacos sen que por parte das entidades fosen informados debidamente dos riscos do produto e sen que se cumprisen as demais obrigas establecidas na normativa, co fin de que poidan recuperar os seus aforros no prazo de tempo máis breve posíbel.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que os centos de adquirentes de participacións preferentes das extintas Caixas de Aforro podan recuperar inmediatamente o investimento realizado.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a que demanden do Banco de España e da Comisión do Mercado de Valores (CNMV) emprender unha campaña de inspección sobre a comercialización por parte das entidades financeiras das participacións preferentes, esixindo, no seu caso, a depuración das responsabilidades aos executivos e directivos das entidades financeiras que impulsaron e cometeron o fraude masivo aos pequenos aforradores.”

Moción presentada polo voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, por escrito de data de entrada 19 de marzo, número 434/1101:

S. Ordinaria 26.03.12

“A Plataforma de afectados por Novagalicia banco, constituída por titulares vigueses de participaci3ns preferentes, reclaman a devoluci3n dos seus aforros investidos neste produto.

A maioría da poboaci3n de mediana idade e maiores invisten os seus aforros exclusivamente baixo a recomendaci3n dos empregados bancarios. Estes, sen coñecemento do produto que o seu banco comercializa, convértese en vendedores do produto que o banco determina. Véndense produtos sen analizar a tolerancia de risco do investidor e os investimentos son diferentes en cada etapa da vida do cliente. A venda masiva de participaci3ns preferentes, un produto de duraci3n infinita, perpetuo, ten un resultado catastr3fico para os aforros de milleiros de espa3ois entre os que se encontran varios centos de vigueses.

Nunha situaci3n de crise econ3mica tan severa como a que estamos a vivir, dende as instituci3ns p3blicas hai que defender os intereses da cidadanía e en particular aos máis desfavorecidos.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporaci3n a aprobaci3n do seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Banco de Espa3a e á Comisi3n Nacional do Mercado de Valores para que promova e, no seu caso, preste as autorizaci3ns necesarias a Novagalicia Banco e ao resto das entidades financeiras, para dar soluci3n á recuperaci3n do investimento realizado polos subscritores de participaci3ns preferentes en Galicia que desexen recuperar os cartos investidos neste produto.

Segundo.- Instar á entidade financeira Novagalicia Banco a promover unha soluci3n aos subscritores de participaci3ns preferentes que desexen recuperar os cartos investidos neste produto, permitindo aos afectados a recuperaci3n íntegra do investimento realizado.

Terceiro.- Apoiar e informar aos posibles afectados pola comercializaci3n das participaci3ns preferentes sobre as vías de reclamaci3n das que dispoñan a través da oficina municipal de informaci3n ao consumidor (OMIC).

Cuarto.- Demandar das autoridades competentes o cumprimento estrito da normativa MIFID (Directiva sobre mercados de Instrumentos Financeiros) na comercializaci3n no tramo minorista de produtos financeiros.”

Moci3n presentada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, por escrito de data de entrada 19 de marzo, número 435/1101.

“Nos últimos anos, veuse pondo de manifesto que os consumidores no ámbito

S. Ordinaria 26.03.12

internacional e os españois en particular, demandan con crecente frecuencia unha maior transparencia nos produtos financeiros que subscriben coas súas entidades de crédito.

En non poucas ocasións, cando un cidadán contrata un préstamo hipotecario ou un produto financeiro de maior complexidade, descoñece cales son os riscos que teñen ditas operacións ou o alcance real das súas obrigas.

Dende o Partido Popular cremos que non todos os produtos que ofertan as entidades de crédito son iguais, que o risco é moi diferente en función do valor que elixamos e que non deberían ofrecerse sen unha información adecuada produtos de risco ou complexos a quen non os comprende ou ten un perfil contrario ao risco.

Consideramos igualmente que as condicións deben ser entendibles por todos, claras e transparentes; e que as entidades de crédito deben facer un esforzo por axustar os produtos que ofrecen ás características dos seus clientes.

O asesoramento financeiro e a información contractual deben ser sinxelos e todas as condicións financeiras deberían quedar correctamente reflectidas.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordo:

Primeiro.- Instar a Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a adoptar medidas de protección dos clientes das entidades financeiras que adquiriron produtos de risco co fin de que poidan recuperar os seus aforros no prazo mais breve posible.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a continuar co labor de información e asesoramento aos adquirintes, así como continuar coa tramitación das reclamacións a través do Instituto Galego de Consumo ao servizo de atención ao cliente da CNMV, así como continuar coa investigación da inspección de consumo sobre a fórmula de comercialización destes produtos.

Terceiro.- Instar ao Concello de Vigo a apoiar a iniciativa presentada no Congreso dos Deputados de cara á creación dunha subcomisión sobre a transparencia na información dos produtos financeiros e hipotecarios das entidades de Crédito.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Patrimonio, na súa sesión do 19 de marzo, ditaminou favorablemente as tres mocións anteriores.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: No punto quinto da orde do día figuran tres mocións

presentadas polos tres grupos municipais do BNG, PSdeG-PSOE e PP que teñen que ver coas participacións preferentes. Ao seren tres mocións que tratan do mesmo tema, propoño que se debatan conxuntamente e logo, se o debate así o sinala, interromperase o Pleno para buscar unha resolución conxunta ou ben votar por separado as tres mocións. Remítome ao que os grupos decidan ao efecto.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: É bo que o Bloque Nacionalista Galego presente mocións. Mágoa que polo regulamento non teñamos máis ca unha posibilidade de presentar unha moción en cada Pleno, que acatamos porque así votamos o regulamento. Digo que mágoa porque cada vez que o Bloque Nacionalista Galego presenta unha moción sobre temas que son realmente importantes, aparecen despois tanto o Partido Socialista como o Partido Popular presentando ditas mocións por urxencia nas propias comisións informativas.

De todos os xeitos está ben que tanto o Partido Socialista coma o Partido Popular nesta ocasión se engadan á presentación desta moción que, repito, presentouse polo BNG en rexistro e posteriormente polo PSOE e polo PP como urxentes nas propias comisións informativas. Pero isto non é o importante. Evidentemente non é importante quen presente primeiro a moción, nin quen as presente.

O importante é sen ningunha dúbida o serio problema que hoxe están a vivir moitas familias de Vigo, da comarca e de toda Galicia diante do que non se pode cualificar xa como máis ca un auténtico escándalo e unha auténtica estafa financeira. Non se lle pode dar a este problema máis ca estas palabras. O tema das participacións preferentes foi un auténtico escándalo e estafa financeira.

Os nacionalistas non entendemos que cando neste país e neste Estado se fixo unha reforma dunha Constitución en quince días ás agochadas, cando acabamos de ver por desgracia como se fai unha reforma laboral á presa e correndo para substituír e machacar os dereitos máis elementais dos traballadores e traballadoras, como cando veñen Merkel e Sarkozy a España, ou vai o Sr. Rajoy Francia ou Alemaña todos se poñen firmes e fan aquilo que a Sra. Merkel e o Sr. Sarkozy lles piden e en troques algo tan elemental e fundamental como é que a

todas estas persoas que foron estafadas se lles devolva sen máis dilación os seus cartos, non entendemos como isto non se pode arranxar cos distintos instrumentos que ten o Estado para facer, para obrigar ás caixas e ás entidades financeiras que fixeron esta estafa, a que reinvestan os cartos. Son cartos de pequenos aforradores e ademais neste tema, como todos e todas sabemos, se estiveron vulnerando as máis elementais e mínimas medidas de seguridade á hora de poñer á venda estes produtos financeiros.

Xa no 2009 a Comisión Nacional do Mercado de Valores alertaba de que estes produtos non eran un produto financeiro idóneo para os pequenos e medianos aforradores, pero nin pola parte daqueles gobernos, nin pola do Consello Nacional do Mercado de Valores non se fixo absolutamente nada.

O que é máis grave é que o Banco Central Europeo fixo unha achega de 500.000 millóns de euros a xuros do 1% ao Banco de España e este empregou para adquirir bonos do Estado, para lle dar á gran banca que pode adquirir bonos do Estado e cuxa rendibilidade chega mesmo en casos ao 12%.

É dicir, unha vez máis cos cartos públicos estase axudando a que a gran banca de España e de Europa siga facendo un labor altamente especulativo e sen embargo se está consentindo que se lles roube a milleiros de vigueses e viguesas, de galegos e galegas os seus aforros de toda a vida.

Diante disto o Bloque Nacionalista Galego presenta unha moción pola que fundamentalmente queremos instar á Xunta de Galicia e ao goberno do Estado a que de xeito xa inmediato adopten as medidas efectivas para que a estes clientes que foron estafados se lles poida reinvestir os seus cartos.

Tamén queremos instar á Xunta de Galicia e ao goberno do Estado a que demanden xa urxentemente do Banco de España e da Comisión do Mercado de Valores que emprendan xa dunha vez por todas unha campaña de inspección sobre a comercialización por parte destas entidades.

O que é máis importante: que se investigue e que haxa sancións para os culpables desta estafa e deste espolio económico a milleiros e milleiros de familias.

SR. LÓPEZ FONT: Coido que o importante é solucionar o problema. O menos importante é o aspecto partidista de quen presentou a moción antes ou despois porque eu podería dicir aquí que o alcalde de Vigo ten a maior preocupación polos vigueses que se atopan nesta situación e a proba é que recibiu á Plataforma de afectados, ás persoas que se consideraban afectadas e que a súa intención, que se materializou con posterioridade, era que houbera unha moción do Grupo municipal Socialista sobre este tema. A preocupación do Grupo municipal Socialista e o máis importante é atender ás persoas que se atopan nesta situación tan complexa e en tempos económicos moi difíciles.

Eu transmito aquí a nosa preocupación, todo o apoio tal como o fixo o alcalde de Vigo coas persoas que se entrevistaron con el,.

É verdade que estamos nunha situación provocada por un produto financeiro que está causando un prexuízo considerable a moitos vigueses e a moitos galegos. Un produto financeiro que as súas características eran descoñecidas pola maioría das persoas que o subscribiron e que estaban claramente nunha situación de indefensión. Aí é onde as institucións temos que nos envorcar, no apoio ás persoas que están desa situación. Esta é a hora dos gobernos, é o momento de cada quen dentro das nosas responsabilidades institucionais nos envorquemos no apoio destas persoas e fagamos viable unha solución en base a toda a nosa influencia institucional.

Nese sentido sigo trasladando o apoio que o alcalde de Vigo fixo no nome do Concello, ofreceu toda a colaboración a estas persoas mesmo poñendo á súa disposición a Oficina municipal de Información ao Consumidor e a nosa proposta é que se deben utilizar todos os instrumentos de mobilización institucional en apoio ás persoas que se atopan nesta situación. Tamén estamos a favor de que se tomen medidas preventivas para que non volva acontecer.

É verdade que nesta situación atópanse persoas de mediana idade e persoas que na maioría dos casos descoñecen o produto financeiro que se lles ofertou. Por iso a proposta que realizan e que tratan de levar a cabo de que se lles devolvan o seus aforros, de que en todo caso se convertan nun prazo fixo, este é o noso apoio e o noso compromiso con eles.

S. Ordinaria 26.03.12

Estamos de acordo coa postura que avanzaba o alcalde e hai moitas similitudes entre as tres mocións que presentamos os grupos municipais e coido que precisamente o idóneo debe ser unha votación conxunta, dos vinteseite concelleiros, para que as persoas que atravesan por esta difícil situación se sintan apoiadas polo Concello de Vigo, polos tres grupos municipais e polos vinteseite concelleiros.

Na nosa moción en concreto propoñemos, e coido que é a onde hai que levar esta moción e este acordo, instar ao Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores para que se dean as autorizacións necesarias. Tamén ao resto das entidades financeiras que se atopan con este tipo de produtos para que os clientes poidan recuperar o investimento que realizaron nas participacións preferentes.

Instar a Novagalicia banco, que parece ser que ten o maior número de persoas nesta situación, a que tamén busque unha solución. O apoio municipal que antes citei a través da OMIC e tamén demandar das autoridades competentes na Unión Europea o cumprimento da normativa.

Neste sentido dende o Partido Socialista a preocupación é extrema por esta situación e máximos dirixentes do noso partido levaron a cabo xestións e tarefas de apoio ás persoas afectadas. Por iso facemos o chamamento aos tres grupos para buscar un texto conxunto para que sexa moi concreto o nivel de actuación para resolver esta situación que coido que é o que nos debe importar e non a parte partidista.

SR. FIDALGO IGLESIAS: O venres pasado moitos dos meus compañeiros máis eu, fomos comer a un bar de Beade e alí puidemos comprobar a indignación, que compartimos absolutamente, de Donato. É un home maior que apenas sabe escribir e que foi á súa caixa contratar un prazo fixo para colocar os aforros de toda a súa vida. Déronlle a asinar uns papeis e aseguráronlle que contrataba un produto co que o seu diñeiro estaba blindado e que podería dispoñer del cando o necesitara.

Donato non podía maxinar que a Caixa de toda a vida o que lle estaba colocando

eran participacións preferentes, uns títulos de alta rendibilidade pero tamén de alto risco que compraba a cambio de ceder o capital a perpetuidade. O seu diñeiro quedábalo a Caixa para sempre a cambio dos intereses.

Donato está enfermo e ten dous fillos en paro que agora necesitan máis que nunca a súa axuda. Está desesperado e encóntrase impotente porque foi o empregado da Caixa no que tiña máxima confianza e co que tomaba café, quen lle vendeu aquilo.

Este é un problema que afecta a máis de 70.000 galegos. En Galicia comercializaron participacións preferentes dezaseis entidades financeiras, oito bancos e oito caixas de aforros, entre elas a antiga Novacaixa Galicia que ten en circulación entre pequenos clientes un volume aproximado de 1.080 millóns de euros. Estamos convencidos de que as entidades financeiras comercializaron estes instrumentos de risco, que son difíciles de entender para os cidadáns, non cumprindo a normativa e ás veces, por que non dicilo, inducindo ao erro.

Os tres partidos compartimos absolutamente o diagnóstico. O Partido Popular é consciente deste grave problema que se orixinou fundamentalmente nos anos 2008, 2009, 2010 e 2011. Quen gobernaba en España neses anos? Que fixeron os socialistas para o frear? Porque nesta historia, para moitos pesadelo, se hai que buscar responsables, hainos.

En primeiro lugar as entidades financeiras; en segundo lugar a Comisión Nacional do Mercado de Valores cuxo presidente nomea o Goberno. En terceiro lugar o Banco de España cuxo gobernador tamén nomea o Goberno. E en cuarto lugar o Ministerio de Economía do Goberno socialista. Ninguén actuou. Como se permitiu isto? Como o permitiron, señores do Partido Socialista?

Agora parece ser que, un pouco por se lavar a cara ou a conciencia, xorden ideas de cambiar estas participacións por prazos fixos e parécenos moi ben, pero se tiveran solucións antes, por que non llas dixeron no seu día ao señor Zapatero ou ao Sr. Fernández Ordóñez?

Estamos todos de acordo en que houbo falta de transparencia e que hai que impedir que isto volva acontecer. Hai que procurar unha solución para os afectados. Existe xa un consenso no Parlamento de Galicia e tamén no

Parlamento de España. Esperamos que tamén o haxa aquí e que entre os tres grupos políticos se aprobe por unanimidade algunha solución para que os afectados polas participacións preferentes poidan volver ver o seu diñeiro.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Por parte do Bloque Nacionalista Galego non haberá ningún problema para que entre os tres grupos cheguemos a un acordo. Non a solucións porque ogallá tivésemos as solucións neste Pleno da Corporación. Evidentemente o que temos que facer é chegar a un acordo para instar ás distintas administracións, que si teñen competencias na materia, a que solucionen de inmediato este problema.

Eu sigo a insistir en que a solución é que o Goberno do Estado emita dunha vez por todas os decretos necesarios, as leis necesarias, que obriguen ás caixas e ás entidades financeiras a devolver os cartos porque aquí houbo unha estafa e polo tanto ten que haber sancións. Igual que un Goberno se move rapidamente para facer unha reforma laboral en contra dos traballadores, que tamén se mova rapidamente para devolver a moitos traballadores e traballadoras o que as entidades financeiras lles quitaron.

Volvemos estar outra vez igual: o Partido Popular botando a culpa ao Partido Socialista e seguramente logo o Sr. Font botará a culpa ao Partido Popular. Mentres a xente está a reclamar na rúa os seus dereitos. Efectivamente culpa si que a tivo o anterior Goberno, eu teño escoitado a moitos dirixente e a algúns dos que están aquí, incluído o Sr. Alcalde, cando o BNG quería facer unha verdadeira lei de caixas para exercer un control político sobre o que se estaba facendo, se nos ten dito que o que queríamos era controlar politicamente ás caixas. Pois claro que si e se o tivéramos feito naquel intre, ao mellor hoxe non estaríamos a falar desta estafa, deste auténtico roubo a estas persoas, a estes pequenos e maiores aforradores.

Pero o Partido Popular está a gobernar dende hai tres anos na Xunta de Galicia e a Xunta ten que insistir porque tan culpable é o Partido Socialista do Sr. Zapatero coma o Sr. Feijóo que nestes tres anos non foi quen de reclamar insistentemente ao Goberno do Estado e ao Banco Central que tomaran as medidas oportunas

para que esta xente puidera recuperar estes cartos. Tan culpable é un coma o outro.

Pero nestes momentos déixense por favor de buscar culpables porque vostedes tamén teñen maneira de incidir nos seus respectivos partidos para que a nivel do Estado haxa un acordo inmediato e urxente para que este tema se solucione. Botar balóns uns contra dos outros é o que sempre se fai nestes casos e, mentres, a xente que foi estafada e roubada segue sen ter restituídos os seus dereitos.

Por parte do BNG imos facer todo o posible para chegar a un acordo e que de aquí salga unha declaración unánime pero, iso si, sen esquecer que hai que instar ás dúas administracións a que este tema se solucione de xeito urxente e inmediato.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Domínguez Olveira, non se trata de botar a culpa a uns ou a outros, trátase da responsabilidade de cada quen e en tres minutos sería difícil contestarlle da responsabilidade que temos cada quen na fusión das caixas de aforros. Pero os vigueses falamos, tanto cando foi o proceso da fusión de caixas como nas eleccións municipais e coido que a responsabilidade que ten o seu grupo político na desaparición de Caixanova é fundamental como para que vostede agora, cando tratamos de buscar unha solución e un consenso entre os grupos políticos, faga mención a aquela situación.

Que este Goberno e o Partido Socialista defende aos cidadáns de Vigo, defendeu a Caixa que tiñamos en Vigo e que perdemos por culpa do Sr. Núñez Feijóo e de quen lle apoiaron, iso é unha verdade palpable e é unha realidade na cidade de Vigo.

Eu non pretendo facer enfrontamentos pero é evidente que cada quen ten a responsabilidade que ten. Que o Sr. Fidalgo aproveite un problema de milleiros de vigueses para facer unha cuestión partidista é mala cousa, cada quen xulgarao. Nós non imos buscar enfrontamentos, fixemos unha intervención destinada a identificar a quen temos que instar institucionalmente para resolver este problema e isto é o que nos debe preocupar. Non se trata de enfrontamentos,

trátase de que parece que os socialistas si defendemos ás persoas que están nesta situación e outros o único que buscan é a crítica partidista.

Pero Sr. Fidalgo, téñolle que dicir quen é o presidente da Xunta de Galicia dende o ano 2009. Que incidencia tiñan o presidente da Xunta e o Partido Popular sobre as caixas de aforros de Galicia antes da súa conversión en banco? É increíble que con persoas afectadas nos aforros de toda a súa vida, vostede o que quere é botar a culpa ao gobernador do Banco de España, ao Partido Socialista, a non sei quen... e que faga unha lista completa na que lle falta o presidente da Xunta de Galicia a quen o outro día o único que se lle ocorría era buscar un laudo arbitral.

O presidente da Xunta o que ten que facer é poñerse ao fronte do problema que teñen moitos vigueses e moitos galegos e deixar de facer política partidista que é o único que fan vostedes. Eu reafirmo aquí que buscamos unha solucións entre os tres grupos e non vou facer ningún enfrontamento, quen o quere é o Partido Popular, iniciouno vostede e vergoña debería darlle a situación na que están moitos vigueses,.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Font eu nunca falei de culpa, falei de responsabilidade. É bo que os cidadáns, os consumidores e os afectados polas participacións preferentes saiban quen ten a responsabilidade que é: en primeiro lugar as entidades financeiras, en segundo lugar a Comisión Nacional do Mercado de Valores, terceiro lugar o Banco de España, en cuarto lugar O Ministerio de Economía. Por suposto que o Sr. Feijóo, co que vostedes están obsesionados porque tentan botarlle a culpa de calquera cousa a el e á Xunta de Galicia, se puxo ao fronte para axudar aos afectados.

O Instituto Galego de Consumo fixo numerosas xuntanzas cos afectados; fíxose o tema do laudo arbitral; trasladouse este problema ao fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, houbo xuntanzas mesmo coa oficina municipal de Información ao Consumidor e estanse axilizando as cousas, pero a responsabilidade non é do Sr. Feijóo, é de vostedes que estiveron gobernando oito anos e estaban mirando cara outro lado ou é que non se decataban de nada que tamén pode ser.

Respecto ao Concello, que está a facer? Que fai o alcalde? Recibiu aos afectados, pois faltaría máis pero nos seus programas de televisións di que vai prestar todo o asesoramento, que non se preocupen, que igual que defendeu a Caixanova no seu día agora ten que os defender a eles... Pero facer non fai absolutamente nada.

Dígolle o que podería facer: prestar asesoramento e información; trasladar as reclamacións ao Servizo de Atención ao Cliente das entidade financeiras e se en dous meses non contestan facer a reclamación perante a Comisión Nacional do Mercado de Valores. Non seren irresponsable e dicir como di que vaian á Xunta anotarse porque cantos máis mellor. A Xunta si se está a encargar de facer esas xestións. Imos apoiar a moción pero non podo pasar polas súas mentiras e de que vostedes manipule tratando de pasar esa responsabilidade ao Sr. Feijóo. Están obsesionados con el.

Tivo que ser o Partido Popular quen limitara os salarios e as indemnizacións dos directivos das caixas e dos bancos. Tivo que ser un Goberno do Partido Popular porque vostedes, que tanto presumen, o que fixeron foi sentarse coas grandes fortunas, co Sr. Botín, indultar no seu último consello de ministros ao conselleiro delegado do Banco de Santander e non defender aos traballadores. Por algo deixaron de ir a Rodiezmo e sentábanse xa cos bancos e coas grandes fortunas.

A PRESIDENCIA: Gracias Sr. Concelleiro. En todo caso si que lle quero contestar eu. Recibín a implicados neste serio problema, trateinos coa dignidade que se merecen pola situación de engano na que están, ofrecín axuda pública, fixen un chamamento público para que se resolvese este problema, transmitinllo ao presidente de Novagalicia Banco, díxenlle que tiña que ser resolto de forma inmediata, abrín unha liña na OMIC deste Concello de atención a todos os afectados, ofertei axuda xurídica e obrigueilles a vostedes a traelo a este Pleno. Se lles parece pouco...

Suspendemos a sesión para que se poñan de acordo nunha moción.

Sendo as dez horas e catro minutos a Presidencia interrompe a sesión a fin de que se reúnan os representantes dos tres grupos políticos para a redacción dunha proposta conxunta. Continúase a sesión ás dez horas e vintedous minutos.

A PRESIDENCIA: Continuamos a sesión e votariamos unha moción conxunta que tivesen como primeiro punto “Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a que adopten medidas efectivas de protección dos clientes de entidades financeiras que investiron os seus aforros en instrumentos financeiros opacos, sen que por parte das entidades fosen informados debidamente dos riscos do produto e sen que se cumprisen as demais obrigas establecidas na normativa, co fin de que poidan recuperar os seus aforros no prazo de tempo máis breve posible”.

Un segundo punto sería: “Instar ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores ao obxecto de que promovan unha solución para a recuperación do investimento realizado polos subscritores de participación preferentes en Galicia.

O terceiro punto: “Demandar das autoridades competentes o cumprimento estrito da normativa MIFID (Directiva sobre mercados e instrumentos financeiros) na comercialización no tramo minorista de produtos financeiros”.

O cuarto punto: “Instar á entidade financeira Novagalicia Banco a promover unha solución aos subscritores de participacións preferentes que desexen recuperar as cantidades investidas nestes produtos permitindo aos afectados a recuperación íntegra do investimento realizado”.

E o quinto punto: “Esixir a depuración de responsabilidades aos executivos e directivos das entidades financeiras que impulsaron e cometeron o fraude masivo aos pequenos aforradores”.

É un acordo acadado por unanimidade e propoño a súa votación se lles parece ás señoras e señores concelleiros.

(Está ausente a Sra. Egerique Mosquera do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada conxuntamente polos Grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG, co seguinte texto:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a que adopten medidas efectivas de protección dos clientes de entidades financeiras que investiron os seus aforros en instrumentos financeiros opacos, sen que por parte das entidades fosen informados debidamente dos riscos do produto e sen que se cumprisen as demais obrigas establecidas na normativa, co fin de que poidan recuperar os seus aforros no prazo de tempo máis breve posible.

Segundo.- Instar ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores ao obxecto de que promovan unha solución para a recuperación do investimento realizado polos subscritores de participación preferentes, cotas participativas, débeda subordinada e outros produtos de risco en Galicia.

Terceiro.- Demandar das autoridades competentes o cumprimento estrito da normativa MIFID (Directiva sobre mercados e instrumentos financeiros) na comercialización no tramo minorista de produtos financeiros.

Cuarto.- Instar á entidade financeira Novagalicia Banco a promover unha solución aos subscritores preferentes ou de calquera outro produto de risco que desexen recuperar as cantidades investidas nestes produtos permitindo aos afectados a recuperación íntegra do investimento realizado.

Quinto.- Esixir a depuración de responsabilidades aos executivos e directivos das entidades financeiras que impulsaron e cometeron o fraude masivo aos pequenos aforradores.

5.3.- (58).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A TOMAR DIFERENTES MEDIDAS EN RELACIÓN CO PLAN CONCERTADO DE PRESTACIÓNS BÁSICAS DE SS.SS E RISGAS. EXPTE.

S. Ordinaria 26.03.12

431/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data no Rexistro do Pleno do 16 de marzo, número 431/1101, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte moción:

“A.- O Plan Concertado de prestacións básicas de SS.SS é a ferramenta de cooperación orzamentaria entre as corporacións locais, as comunidades autónomas e a administración do Estado, que ten como finalidade garantir o acceso universal ao sistema de servizos sociais, para todos os cidadáns.

A través deste convenio interadministrativo estanse a cofinanciar as prestacións básicas de servizos sociais que prestan os concellos aos seus veciños, entre outras:

- servizo de axuda a domicilio -básico-
- servizo de información orientación e valoración
- programa de inserción social
- programas de prevención e cooperación social
- programas de convivencia alternativa

Así financia gastos derivados da retribución do persoal que dende as UTS prestan o servizo de información, orientación e asesoramento, os seus desprazamentos e formación continuada.

Tamén financia gastos derivados da prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) na modalidade de prestación básica -ou tamén denominada de libre concorrencia-, SAF na modalidade de dependencia, e outros programas que se lles prestan aos cidadáns en xeral e tamén aos sectores con problemáticas específicas (programas de integración social ao pobo xitano, programa de intervención en familias desestruturadas, etc.

No ano 2011, o financiamento que recibiu o Concello de Vigo a través do Plan Concertado supuxo unha minoración de 310.797 euros con respecto ao recibido no exercizo 2010 (subliñase, que o incremento nas demandas dos cidadáns neste ano 2011 foi dun 15% respecto do 2010).

Desagregando por conceptos, cabe destacar unha minoración de 23.332 euros en persoal de UTS, de 216.840 euros en servizo de axuda no fogar de libre concorrencia, 34.225 euros en programas de prevención e cooperación e 36.400 euros do programa de intervención familiar para minorías étnicas.

B.- Unha das funcións dos servizos sociais comunitarios básicos é a de tramitar

S. Ordinaria 26.03.12

prestacións económicas para persoas sen recursos e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención en cada caso.

Estas prestacións económicas son principalmente RISGAs e Axudas de Emerxencia Social reguladas pola Lei 9/1991, do 2 de outubro, Galega de medidas básicas para a inserción social.

Dende o Concello de Vigo enviáronse á Xunta 1.020 RISGAs e 970 Axudas de Emerxencia social de familias que cumprían os requisitos para a súa percepción.

A Xunta ten sen resolver estas axudas dende novembro de 2011. Isto significa que máis de 400 familias de Vigo, que carecen de recursos para cubrir as súas necesidades máis básicas -alimentación, aluguer, subministrados auga, luz, etc.- que teñen dereito a esas prestacións, non as están recibindo.

Como consecuencia disto, estas persoas demandan axudas para as súas necesidades tanto dos servizos sociais municipais como a organizacións da cidade que se ven desbordadas por tanta demanda.

Por todo o exposto, solicítase a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a que teña en conta o esforzo que se está realizando dende os concellos -administracións máis achegadas aos cidadáns- e o aumento das demandas que estes reciben e manteña cando menos o financiamento que estaba a prestar ás entidades locais no ano 2010.

Segundo.- Instar á Xunta a que resolva con axilidade estas axudas destinadas a afrontar necesidades básicas das familias, que xa esgotaron todas as prestacións do INEM e atópanse nunha situación dramática tanto no aspecto material como no emocional.

Terceiro.- Aumentar os cartos destinados a estas para que ningunha familia galega estea sen unha axuda básica, nesta situación tan complicada economicamente.

Cuarto.- Instar á mesa provincial regulada na Lei Lei 9/1991, do 2 de outubro, Galega de medidas básicas para a inserción social, art. 37, composta por representantes da Xunta, representantes das centrais sindicais de ámbito autonómico, organizacións empresariais e representantes dos concellos, para un seguimento dos procesos de concesión destas axudas e, no seu caso, propoñer á mesa autonómica as medidas que considere necesarias e as propostas de modificación que axuden a mellorar estes procesos, así como os recursos necesarios para dar resposta a todas as demandas."

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 19

S. Ordinaria 26.03.12

de marzo, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: O Plan Concertado de prestacións básicas é a ferramenta de cooperación orzamentaria entre as corporacións locais, as comunidades autónomas e a administración do Estado, que ten como finalidade garantir o acceso universal ao sistema de servizos sociais para todos os cidadáns.

A través deste convenio estanse a cofinanciar as prestacións básicas de servizos sociais que prestan os concellos aos seus veciños, entre outras: servizo de axuda a domicilio que é básico, servizo de información orientación e valoración, programa de inserción social, programas de prevención e cooperación social e programas de convivencia alternativa

Así financia gastos derivados da retribución do persoal que dende as unidades de traballo social prestan o servizo de información, orientación e asesoramento, e os seus desprazamentos e formación continuada.

Tamén financia gastos derivados da prestación do servizo de axuda no fogar na modalidade de prestación básica -ou tamén denominada de libre concorrencia-, servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia e outros programas que se lles prestan aos cidadáns en xeral e tamén aos sectores con problemáticas específicas: os programas de integración social ao pobo xitano, por certo, que acaba de suprimir a Xunta de Galicia, programa de intervención en familias desestruturadas, etc.

No ano 2011, o financiamento que recibiu o Concello de Vigo a través do Plan Concertado supuxo unha minoración de 310.797 euros con respecto ao recibido no exercizo 2010. Sinalando que o incremento nas demandas dos cidadáns foi dun 15%.

Unha das funcións básicas dos servizos sociais comunitarios é tramitar prestacións económicas para persoas sen recursos e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención en cada caso.

Estas prestacións económicas son principalmente RISGAs e Axudas de Emerxencia Social, reguladas pola Lei 9/1991, do 2 de outubro, Galega de

S. Ordinaria 26.03.12

medidas básicas para a inserción social.

Dende o Concello de Vigo enviáronse á Xunta 1.020 RISGAs e 970 Axudas de Emerxencia social de familias que cumprían os requisitos para a súa percepción.

A Xunta ten sen resolver estas axudas dende novembro de 2011. Isto significa que máis de 400 familias de Vigo, que carecen de recursos para cubrir as súas necesidades máis básicas -alimentación, aluguer, subministros auga, luz, medicinas, etc.- e que teñen dereito a esas prestacións, non as están recibindo.

Como consecuencia disto, estas persoas demandan axudas para as súas necesidades tanto dos servizos sociais municipais como a organizacións da cidade que se ven desbordadas por tanta demanda.

A modo de exemplo, cada venres reúnese unha comisión de seguimento destas peticións de axuda de emerxencia e soamente da última pódense imaxinar a cantidade de familias que temos que atender, estamos nunha media de 12.000 euros cada semana.

Por todo isto solicítase: Instar á Xunta de Galicia a que teña en conta o esforzo que se está realizando dende os concellos -administracións máis achegadas aos cidadáns- e o aumento das demandas que estes reciben e manteña cando menos o financiamento que estaba a prestar ás entidades locais no ano 2010.

Instar á Xunta a que resolva con axilidade estas axudas destinadas a afrontar necesidades básicas das familias que xa esgotaron todas as prestacións do INEM e atópanse nunha situación dramática tanto no aspecto material como no emocional.

Aumentar os cartos destinados a estas para que ningunha familia galega estea sen unha axuda básica nesta situación tan complicada economicamente.

Instar á mesa provincial regulada na Lei Lei 9/1991, do 2 de outubro, Galega de medidas básicas para a inserción social, art. 37, composta por representantes da Xunta, representantes das centrais sindicais de ámbito autonómico, organizacións empresariais e representantes dos concellos, para un seguimento dos procesos de concesión destas axudas e, no seu caso, propoñer á mesa autonómica as medidas que considere necesarias e as propostas de modificación que axuden a mellorar estes procesos, así como os recursos necesarios para dar

S. Ordinaria 26.03.12

resposta a todas estas demandas.

Coido que estaremos de acordo e que o Partido Popular vai apoiar estas medidas porque cánsase de repetir que a crise non a teñen que pagar os máis necesitados. Ás veces eu poño un exemplo: un cidadán ou cidadá, unha familia que non percibe ningún tipo de prestación do INEM porque acabou a prestación por desemprego, que está sen resolver a súa prestación do RISGA, que ven pedindo socorro ao Concello ou a aquela asociación de veciños que ten a carón da súa casa e que ten que recorrer a nós, séntense en tan absoluta necesidade que ás veces piden 28,71 euros para pagar un recibo.

SRA. VELOSO RÍOS: Por suposto dende o BNG imos apoiar esta moción porque entendemos que o Concello ten a necesidade de afrontar a situación de moitas persoas na nosa cidade, moitas familias que están a pasar por unha situación realmente grave e por iso é preciso seguir prestando os servizos sociais que precisan.

Por iso cando fomos responsables dos servizos sociais deste Concello fixemos un esforzo orzamentario moi importante para poder atender todas as necesidades da cidadanía e agora dende a oposición esiximos do goberno municipal que os recursos adicados a servizos sociais segan a ser elevados, fundamentalmente nun momento de crise económica coma este.

Ademais somos perfectamente conscientes de que nestes momentos os concellos están a facer un esforzo e a verdade é que á forza. Estamos facendo un esforzo porque é necesario compensar os tremendos recortes en servizos sociais que se están a producir dende a Xunta de Galicia. A comunidade autónoma, que ten grandes competencias e recursos para facer fronte a esta situación de crise e poder axudar ás familias máis necesitadas, pola contra está a aplicar unha serie de recortes nos servizos sociais supostamente pola crise cando realmente todo o mundo somos conscientes de que non son os recortes sociais os que van axudar a superar esta crise senón que todo o contrario.

Están a aplicar recortes que xa no mes de setembro, cando vimos os orzamentos para este ano da Xunta de Galicia, nós denunciámos que había 2,3 millóns de

euros menos adicados aos servizos sociais que prestan os concellos e seguen os recortes porque, como cada vez a situación é máis grave, os recortes teñen que seguir aplicándose e iso faise precisamente para facer pagar a crise ás persoas máis desfavorecidas, mentres que non se aplican a outras cuestións que poden ser máis prescindibles ou menos prioritarias pero, iso si, dan máis páxinas nos medios de comunicación. Por suposto mentres seguen se se executar como deben os orzamentos da Xunta de Galicia.

Ademais converteron a Galicia nun laboratorio de probas para a aplicación de recortes sociais e agora moito nos tememos que dende o Goberno do Estado van seguir aplicando este tipo de medidas.

O BNG xa presentou unha serie de propostas de resolución no Parlamento Galego pedindo que se paguen as mensualidades debidas da RISGA porque antes falábamos das débedas das administracións, das facturas que se pagan, cantos días se tardan en pagar, pero cando estamos a falar de axudas básicas coma a RISGA ou coma o salario da liberdade, estamos a falar de persoas que precisan deses cartos para sobrevivir, para comer e dar de comer aos seus fillos e fillas. Non pode ser que sega a haber atrasos na tramitación e nos pagos deste tipo de axudas.

Solicitamos tamén o mantemento das actuacións en servizos do Plan Concertado, que non se paralice a Lei da dependencia e que se aumente o complemento autonómico das pensións non contributivas. Estas son medidas que axudan á cidadanía a superar estes momentos de crise e non os recortes nos servizos sociais. Cando unha persoa está no paro o que necesita é apoio das administracións, non recortes nos servizos sociais. Esa é a realidade.

Esperamos tamén que o Partido Popular apoie esta moción. Sabemos que presentan unha emenda solicitando tamén que o Goberno do Estado apoie ás persoas con menos recursos e, tendo en conta que agora tamén están no Goberno do Estado, esperamos que iso sexa unha realidade. Cando non gobernaban dicían que o problema era do Estado que lexislaba a costa das comunidades autónomas; agora esperamos que se poñan de acordo consigo mesmos para atender á xente que realmente o necesita.

Por suposto imos apoiar esta moción.

SRA. CENDÓN ALONSO: Sra. Abelairas, xa no pasado mes de novembro presentou vostede unha moción neste sentido, reclamando presuposto para o Plan Concertado. Naquela ocasión pedía que volvésenos aos presupostos do ano 2009, seguramente porque ao seren os últimos do bipartito vostede pensaba que eran os máis beneficiosos. Agora pide os presupostos do ano 2010 o que entendo que é un recoñecemento implícito ao esforzo que o Goberno do Sr. Feijóo está a facer polos servizos sociais. Agradézollo.

Entón compartíamos con vostede a preocupación polo mantemento dos presupostos e do financiamento dos servizos sociais; seguimos compartíndoa pero seguimos mantendo o mesmo que entón: que isto é unha tarefa das tres administracións, tanto a estatal, coma a autonómica, coma a local, porque nada podemos facer se non conseguimos o financiamento estatal, por iso nós presentamos esta emenda.

Sra. Veloso, efectivamente nós somos responsables e dámonos conta de que se antes tiñamos que reclamar ao Goberno central socialista presuposto, tamén llo temos que demandar agora. O que non é de recibo é que a comunidade autónoma, tendo que pagar o 50% da dependencia, estea a pagar o 70% e o Estado só o 30%. Dese xeito é insostible a atención e dende logo que a comunidade autónoma non poderá facer máis esforzos.

Naquela ocasión non aceptaron a nosa emenda porque estaba o Goberno Socialista en Madrid. Supoño que agora, dado que está o PP, non terán ningún inconveniente en pedirlle orzamento e espero que apoiem esta emenda.

Os presupostos da comunidade autónoma de 2012 falan por si sós. Máis das tres cuartas partes do presuposto da nosa comunidade adícase a servizos sociais, o 76%. Non podemos seguir a facer máis esforzos, facemos os suficientes. En tempos de axustes incrementáronse todas as partidas: de emerxencia social, RISGA, inclusión, os comedores sociais, albergues, centros de acollida. Non é certo que se paralizaran as RISGAs, a día de hoxe estanse a cobrar na nosa comunidade 5.400 RISGAs, un incremento do 10% con respecto ao ano pasado e

dende a data que vostede cita producíronse 402 novas altas.

Benestar aumenta este ano a partida da RISGA nun 13%, tres millóns de euros máis para a RISGA, Sra. Abelairas, o que na situación que vivimos é máis que necesario.

Tamén aumentan as axudas sociais ata acadar os tres millóns de euros. Sen embargo non lle vou negar que os atrasos nas tramitacións, en persoas que esgotaron todas as posibilidades, non son sostibles e nós como vostedes estamos preocupados por esta situación. Por iso o que fixo tamén a Consellería foi adiantar as partidas aos concellos. Non lle teño que lembrar que no ano 2008, con goberno bipartito, non se cobrou nin un duro por parte dos Concellos ata o mes de outubro e ao ano seguinte foi en xaneiro.

Nós o que fixemos agora, coma outro esforzo da comunidade autónoma, é que no primeiro cuadrimestre do ano percíbese a metade das achegas do Plan Concertado e tamén a dependencia, que antes non se aboaba ata finais do ano, agora liquídase trimestralmente. Coido que iso é un esforzo importante que deberíamos facer tamén no Concello porque espero que non lle teña que lembrar que o bono-taxi seguimos a tramitalo e vostede comprometérase comigo que no primeiro trimestre sería adxudicado. Estamos no mes de abril, seguimos a tramitalo e seguimos sen o bono-taxi.

Dito isto, nós aceptamos a súa mocións en todos os seus puntos. A nosa é unha emenda de adición e vai no sentido de pedir ao Goberno Central que a achega do 50% que ten que facer, que a faga a tempo. Espero que apoiem a nosa emende e, se é así, contarán co apoio para a súa moción.

SR. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Cando menos estamos sorprendidos cos señores do Partido Popular, chame a Rajoy e pregúntelle que está a facer coa Lei de dependencia. Vostede non se decata pero afortunadamente os cidadáns decátanse, infórmanse e sofren as consecuencias das súas políticas que iso é o perigoso.

Non me veña agora dicir iso cando os recortes nos servizos sociais foi de máis do 80%. O que me está a dicir cóntello á peticionaria número 885 que pide 57,25

euros porque non están atendidos dende onde o teñen que estar.

Voulle contar como aforra o Partido Popular. En tres meses fíxese o que aforrou o Estado: en xaneiro a Sra. Ministra de Emprego e Seguridade Social, dona Fátima Ibáñez, manda unha carta a todos os pensionistas onde lles di que lles vai aumentar a pensión un 1%. Custe desa carta 3.6 millóns de euros. En febreiro manda outra carta comunicando que soben o 1% pero que agora van baixar porque tamén sobe o IRPF polo que pide desculpas. Outros 3.6 millóns de euros. Total 7,2 millóns de euros .

Dígalle a Rajoy que isto é un escándalo. En primeiro lugar non mo conte que cando vaia cobrar a pensión xa o verei e inda por riba logo pide as desculpas. Imaxínense o que son sete millóns de euros para esta familia que pide 57 euros.

A súa emenda é unha trampa e xa non estamos por iso. Como se atreven dicir “Instar ao Goberno central a que financie o 50% do custe do servizo”. Claro, o Goberno do Estado paraliza a Lei de dependencia, non ten nada para ela, pedímoslle que financie o 50% e como está paralizada xa non ten que financiar nada. Admítolla sempre e cando vostede admita que lle engada eu a súa emenda: E que igualmente se aplique este modelo de financiamento ao servizo de axuda a domicilio de persoas que, sen ter a resolución de dependencia, a teñan solicitado e que pola súa situación estean a recibir o servizo de axuda municipal.

Se de verdade lle preocupan os servizos sociais, así seríamos xustos, engadímoslle este texto, non hai absolutamente ningunha trampa pero tampouco hai escusa.

Emenda formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Cendón Alonso, por escrito de data 26 de marzo:

Engadir un novo punto co seguinte texto:

Instar ao Goberno do Estado o mantemento das cantidades que tiña destinadas ao cofinanciamento dos plans e programas sociais. Demandar, así mesmo, en relación ao servizo de axuda a domicilio a persoas en situación de dependencia que está a prestar dende as entidades locais, o financiamento do 50% do custe

S. Ordinaria 26.03.12

do servizo.

Ao non seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, a Alcaldía-Presidencia non a somete a votación.

(Está ausente a Sra. Egerique Mosquera do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, instando á Xunta de Galicia diversas medidas sobre o Plan Concertado de prestacións básicas de SS.SS., RISGAs e axudas sociais, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4.- (59).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A PRESENTACIÓN DUN PROXECTO DE LEI ALTERNATIVO Á REFORMA LABORAL. EXPTE. 433/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 16 de marzo, número do Rexistro do Pleno 433/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

S. Ordinaria 26.03.12

“De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo desexa someter á consideración do Pleno a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As disposicións contidas no Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, aprobado polo Goberno de España van ter, no caso de que sexan aprobadas polas Cortes Xerais, consecuencias moi negativas sobre os dereitos dos traballadores.

1.- A Reforma pretende que o despedimento sexa a opción máis fácil para que unha empresa mellore a súa competitividade. A reforma traerá máis paro: nun momento de recesión como no que estamos a vivir unha reforma laboral como esta, só serve para facilitar e abaratar o despedimento, para facilitar máis a destrución de postos de traballo, pero non para incentivar a contratación. Ademais está pensada por un Goberno que carece dunha axenda de reformas para impulsar o crecemento. O Goberno só ten unha axenda de axuste, de triplo axuste:

- Axuste presupostario
- Axuste de rendas de traballo (subida do IRPF), e
- Axuste nos dereitos dos traballadores.

2.- A reforma supón un retroceso dos dereitos dos traballadores porque:

- **Xeneraliza o abaratamento do despido a 20 días**, ao vinculala a unha situación habitual no ciclo recesivo da economía, como é, a caída durante tres trimestres dos ingresos (independentemente do que os beneficios aumenten).
- **Abre a porta a unha rebaixa xeral dos salarios sen necesidade de acordo**. A reforma laboral reforzará o poder dos empresarios nas relacións de traballo. Terán máis fácil modificar as condicións laborais ata o punto de que poderán baixar o salario aos traballadores sen necesidade de acordo, simplemente, por razóns de competitividade ou produtividade.
- **Crea un novo contrato con bonificacións que permite o despedimento libre e gratuíto** durante o primeiro ano. Este contrato desvirtúa completamente o período de proba e pode provocar unha xeneralización de contratos formalmente indefinidos pero que, na práctica, non duren mais dun ano ou que conclúan aos 3 anos cando finalicen as bonificacións.
- **Abre o camiño dos despedimentos colectivos no sector público**. Esta reforma afecta a un millón de empregados públicos porque no só incumbe aos que traballan nas empresas públicas, senón tamén ao persoal

laboral contratado directamente polos concellos, as comunidades autónomas ou os propios ministerios.

3.- A Reforma anula a capacidade de negociación dos sindicatos para defender os dereitos dos traballadores.

Unha gran reforma laboral precisa do pacto dos axentes sociais para ser garantía de éxito. A que presentou o goberno facilita a inaplicación do pactado nos convenios ("descolgues"). Establecese un procedemento para saltarse o disposto nos convenios, similar pero mais fácil, que o que se pode usar para o despedimento por causas económicas.

Suprime a autorización da autoridade laboral dos expedientes de regulación de emprego (ERE), co que se reduce seriamente a capacidade dos sindicatos á hora de negociar, e asúmese un risco engadido de xudicialización das relacións laborais.

En definitiva, **a Reforma laboral non vai resolver a grave crise que sofre a economía española e non vai rebaixar a alta taxa de paro existente**. O que si vai supoñer é unha degradación das condicións de traballo, un empobrecemento da poboación e un ataque á cohesión social.

A reforma proposta vai derivar nun incremento do número de despedimentos e rebaixas nos salarios dos traballadores que afectará moi negativamente ao consumo das familias, deprimirá a demanda interna e en consecuencia producirá diminucións do Produto Interior Bruto que a súa vez suporá mais desemprego.

A reforma é ineficaz, dende a perspectiva do emprego, porque favorece o despedimento e con iso o aumento do desemprego. É inxusta, porque os traballadores perden dereitos e porque dá todo o poder aos empresarios sobre os traballadores creando ademais inseguridade nos traballadores.

Unha reforma inxusta cos traballadores, ineficaz para a economía e inútil para a creación de emprego, en resumidas contas, unha reforma feita para despedir.

Quedou reflectido o seu rexeitamento na rúa o pasado domingo 19 de febreiro e o 11 de marzo nas masivas mobilizacións convocadas pola UGT e CC.OO a nivel estatal, e con milleiros de participantes na cidade de Vigo.

En base a todo o anterior, o Concello de Vigo solicita:

Primeiro.- Que o Pleno Municipal do Concello de Vigo inste ao Goberno de España a presentar no Congreso dos Deputados un proxecto de lei alternativo e pactado cos axentes sociais e as forzas políticas que teña como obxectivo a creación de emprego de calidade e a estabilidade no emprego.

S. Ordinaria 26.03.12

Segundo.- Que o Pleno Municipal do Concello de Vigo dea traslado da presente moción ao Presidente do Goberno, á Ministra de Emprego, ao Presidente do Congreso dos Deputados, aos voceiros dos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados e aos representantes dos axentes sociais.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión do 19 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Co consentimento do resto da Corporación, a Alcaldía Presidencia somete a debate xuntamente esta moción, coa presentada coma urxente polo Grupo municipal do BNG relativa ao apoio a folga xeral do día 29 de marzo, e que figura co número 6.1 da orde do día.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Estamos a ver coma as disposicións contidas no Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, aprobado polo Goberno do Partido Popular de España, están a ter en pouco máis dun mes de aplicación unhas consecuencias moi negativas sobre os dereitos dos traballadores e das traballadoras.

En primeiro lugar esta reforma pretende que o despedimento sexa a opción máis fácil para que unha empresa mellore a súa competitividade, pero non por outros medios. Esta reforma traerá máis paro; o propio goberno do Partido Popular anuncia que neste ano 2012 vai haber seiscentos desempregados máis.

Nun momento de recesión coma o que estamos a vivir, unha reforma laboral como esta só serve para facilitar e abaratar o despedimento e así facilitar máis a destrución de postos de traballo, pero non para incentivar a contratación. Ademais está pensada por un goberno que carece dunha axenda de reformas para pular o crecemento. O goberno do Partido Popular só ten unha axenda de axuste, diríamos de triplo axuste: orzamentario, axuste de rendas de traballo coa subida do IRPF e axuste nos dereitos dos traballadores e traballadoras.

En segundo lugar esta reforma supón un retroceso dos dereitos dos traballadores porque xeneraliza e abarata o despedimento a vinte días ao vinculalo a unha

situación habitual no ciclo recesivo da economía coma é a caída durante tres trimestres dos ingresos, aínda que poida haber beneficios e estes aumenten. Tamén abre a porta a unha rebaixa xeral dos salarios sen necesidade de acordo. Esta reforma reforza o poder dos empresarios nas relacións laborais porque teñen máis fácil modificar as condicións de traballo, modificar a xornada, modificar as quendas de traballo e ademais poden rebaixar o salario fixado nos convenios colectivos sen necesidade de acordo, sinxelamente aducindo razóns de competitividade ou produtividade.

Esta reforma tamén crea un novo contrato con bonificacións que permite o despedimento libre e gratuíto, sempre durante o primeiro ano. Aquí xa non operan nin os vinte días. Este contrato desvirtúa completamente o período de proba e pode provocar unha xeneralización de contratos formalmente indefinidos, pero que na práctica non duren máis dun ano ou que conclúan aos tres anos cando rematen as bonificacións.

Tamén abre o camiño aos despedimentos colectivos no sector público. Esta reforma afecta tamén a máis dun millón de empregados públicos porque non só afecta aos que traballan nas empresas públicas, senón tamén ao persoal laboral contratado directamente polos concellos, polas comunidades autónomas e polos propios ministerios.

En terceiro lugar esta reforma anula a capacidade de negociación das organizacións sindicais para defender os dereitos dos traballadores. Unha reforma laboral precisa do pacto dos axentes sociais para ter garantía de éxito. A reforma que presentou o goberno do partido Popular facilita a non aplicación do pactado no convenio colectivo, establece un procedemento para se saltar o disposto nos convenios, pódese usar para despedimento por causas económicas e suprime a autorización dos expedientes de regulación de emprego e así hoxe estamos vendo como algúns rexeitados se poñen en práctica.

En definitiva, esta é unha reforma inxusta cos traballadores, ineficaz para a economía e inútil para a creación de emprego. En resumidas contas, unha reforma feita para despedir.

Por todo isto o Grupo municipal Socialista solicita que o Pleno do Concello de Vigo

inste ao goberno de España a presentar no Congreso dos Deputados un proxecto de lei alternativo e pactado cos axentes sociais e as forzas políticas que teña como obxectivo a creación de emprego.

Tamén presentamos neste Pleno unha emenda de adición á nosa moción que di así: “O Pleno do Concello de Vigo fai un chamamento á participación na folga xeral convocada polos sindicatos o día 29 de marzo de 2012 contra a reforma laboral imposta polo goberno do Partido Popular”.

SR. ALONSO PÉREZ: O goberno do Estado en só catro meses xa deixou claro para quen goberna. O goberno do PP goberna exclusivamente para levar adiante o programa dos grandes poderes económicos e financeiros. Ademais o PP está continuando a liña de recortes iniciada polo anterior goberno do PSOE, liña que xa demostrou o seu fracaso contra a crise. As políticas de recortes só serven para levar adiante axustes económicos que atentan contra os dereitos e conquistas sociais da maioría.

Ao PP só lle interesa o voto dos traballadores e traballadoras, do pequeno comercio e dos pequenos empresarios, unha vez conseguido este fai a política contraria aos seus intereses, pero o máis grave é que aínda por riba o fai con mentiras. O Partido Popular está utilizando a mentira para xustificar a súa política contra a maioría social. É mentira que despedindo máis barato se consiga crear emprego. Hai que dicir claro que é unha auténtica mentira que abaratando os salarios se saia da crise, estas son xustificacións para recortar os dereitos da maioría social.

Só hai unha verdadeira razón pola que o Partido Popular fai a reforma laboral: o goberno quere satisfacer as demandas de minoritarias elites económicas, necesita satisfacer á banca e mellorar a taxa de beneficios e o reparto de dividendos entre os accionistas das grandes corporacións.

A realidade é que despedir máis barato só trae máis desemprego; baixar os salarios castiga aos traballadores e ás traballadoras; o resto é mentira. Pero o que é máis grave é que baixando os salarios se está comprimindo a economía e ao final os comerciantes e os pequenos empresarios continúan afondando na

crise.

Para saír da crise só hai unha alternativa: hai que cambiar o rumbo e o Partido Popular non o quere facer porque está preso, está sometido aos grandes poderes económicos. Hai que cambiar o rumbo, hai que ir unha banca pública.

Perdemos as caixas de aforros porque o Partido Socialista e o Partido Popular decretaron a bancarización das caixas e por moito que digan estes partidos todo o mundo sabe que nos quedamos sen as caixas porque fixeron un decreto para a súa bancarización, abriron o camiño do que temos hoxe.

Pero hai que mirar cara ao futuro e por iso nós apostamos por unha banca pública, por unha reforma fiscal para que pague máis quen máis ten, hai que reducir os gastos militares que é o único que sobe, son os únicos que se disparan mentres se recortan os salarios dos traballadores; hai que ir dunha vez por todas eliminar as deputacións que non son máis ca un niño de caciques.

Claro que hai outras alternativas pero para as levar adiante hai que ser valentes, non hai que ser submisos dos poderosos, hai que se poñer ao carón da maioría social.

As organizacións sindicais máis representativas convocaron unha folga xeral para o vindeiro día 29 de marzo a fin de que os traballadores e traballadoras se sumen e rexeiten esta reforma laboral de contido anti-social que é un saqueo para clase traballadora. Dende o BNG manifestamos o noso apoio á folga. Os tres concelleiros do BNG imos facer folga o día 29.

Solicitamos da Corporación municipal que adopte o seguinte acordo: “Manifestar o apoio ás mobilizacións e á folga xeral convocadas para o 29 de marzo polas organizacións sindicais máis representativas en contra da reforma laboral aprobada polo RD 3/2012, do 10 de febreiro”.

Ademais, para votar a moción do Partido Socialista, pedimos que tamén incorpore o apoio claro á folga do día 29 xa que na moción inicial non viña ese apoio. Cremos que hai que manifestar o apoio expreso á folga do 29. O BNG faino e solicita a todo o mundo que secunde a folga do 29 para paralizar esta reforma laboral agresiva contra a maioría social.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sinxelamente fago manifestación pública de que diante do que estamos percibindo neste Pleno o Partido Popular non vai intervir.

SR. ALONSO PÉREZ: É normal que o Partido Popular quede mudo porque non ten argumentacións, non pode seguir mentindo dicindo que fai a reforma laboral para saír da crise e para crear emprego. Nestes momentos toda a sociedade sabe que iso é unha gran mentira, aínda que polo que se ve creou un emprego, semella que o compañeiro da Sra. Sáenz de Santamaría acaba de ser empregado en Telefónica, empresa na que eu traballei máis de trinta anos, porque Telefónica está facendo un axuste laboral pasando de 80.000 traballadores no ano 82 a 20.000 que ten hoxe e quere seguir, entón emprega ao home da Sra. Sáenz de Santamaría, o único emprego que seica vai dar a reforma laboral, para seguir despedindo en Telefónica.

Coido que nestes momentos a sociedade é madura. O que non pode ser é que os partidos políticos nos presentemos ás eleccións e agochemos as razóns e a política que logo faremos. O Partido Popular fixo un fraude á toda a cidadanía nas últimas eleccións de novembro do ano 2011, un fraude tremendo porque non clarexou todas as medidas de recortes e axustes que ía facer. O Partido Popular por desgracia, colleu o voto de moitos traballadores e traballadoras inocentes abafados pola crise pero realmente foi normal que llo deran porque cando alguén o está pasando realmente mal agárrase a un ferro ardente. Pero o duro ferro do Partido Popular llo acaban de cravar na man. O Partido Popular utilizou o voto e agora castígaos, rise da maioría social utilizando o voto dos traballadores, dos comerciantes ou dos pequenos empresarios que ven como teñen que pechar os seus comercios porque os traballadores non teñen salarios para investir e a crise segue avanzando.

Por iso o Partido Popular hoxe queda mudo. Quedará moito máis mudo porque os traballadores e as traballadoras o día 29 ímolo enmudecer na rúa porque vai ser unha marea humana de traballadores e traballadoras a que vai saír o día 29 a demostrarlle ao Partido Popular que con esa política de dereitas, de desprezo á maioría, ten os días contados. Utilizou o voto contra a maioría que llo deu e iso é

un fraude que en democracia non se pode consentir.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O pasado domingo 19 de febreiro e os días 10 e o 11 de marzo houbo masivas mobilizacións convocadas polas organizacións sindicais Unión Xeral de Traballadores, CCOO e CIG, mobilizacións que tiñan que ter feito reflexionar ao goberno do Partido Popular para chegar a un acordo como propoñen as centrais sindicais para unha reforma laboral que non sexa daniña para os traballadores e traballadoras.

Seguen dando as costas a esa realidade e agora as organizacións sindicais convocaron unha folga para o día 29 deste mes que o Grupo municipal Socialista apoia, como así manifestamos nesta emenda de adición que presentamos, como non podía ser doutra maneira, para que o goberno do Partido Popular se decate da súa tremenda “metida de pata”.

Señores do Partido Popular, os sindicatos lembráronlles que por aí non. No día de onte en Andalucía e en Asturias volvéronlles dicir que por aí non cos votos.

Sra. García Míguez, hai que respectar a democracia. Nesta sala estiveron vigueses e viguesas que unhas veces eran críticos co goberno municipal e outras non, pero en todos os casos sempre falamos e debatemos. Vostede e o seu grupo non respectan a democracia, non son quen de falar diante dos vigueses e das viguesas que reclaman lexitimamente tamén nun Pleno municipal que se defendan os seus dereitos. Sra. García Míguez, non nos desprece non falando porque os vigueses e viguesas a queren escoitar. Ao mellor é que vostede non está para iso.

Señores do PP, vostedes van crear 600.000 desempregados máis en España e non van ter alternativa para 5.300.000 parados que van seguir parados. Polo tanto o que fan as organizacións sindicais é asumir a súa responsabilidade, unha gran responsabilidade e nós estamoslles agradecidos sobre todo nuns momentos de tanta dificultade.

Sra. García Míguez, xa empeza haber empresas que negocian como vostede dicía no último Pleno: de igual a igual co empresario. En Frigalsa xa se modificaron de xeito unilateral os horarios e as quendas e as xornadas continuas pasaron seren

partidas. En Audasa houbo un traslado masivo ao Ferrol, en Eroski deuse un despedimento dunha traballadora por ter unha baixa de maternidade, iso negociando de igual a igual co empresario. En produtos Koala os corenta traballadores foron trasladados a Huesca e os avogados laboristas dicían hoxe que pouco máis ca informar era o que podían facer.

Miren vostedes en que lea nos meteron.

A PRESIDENCIA: Se lles parece aos grupos, someteremos a votación de forma conxunta a integración da proposta do Grupo Socialista e do Grupo do BNG.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non, nós queremos que se voten por separado as dúas mocións. Xa manifestamos o noso apoio tanto á do PSOE como evidentemente á nosa, pero preferimos que se voten por separado as dúas mocións.

A PRESIDENCIA: Hai unha proposta de emenda de adición dunha frase terceira á proposta do Grupo Socialista que me gustaría que se lese para seren incorporada.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: A emenda de adición di: “O Pleno do Concello de Vigo fai un chamamento á participación na folga xeral convocada polos sindicatos o día 29 de marzo de 2012 contra a reforma laboral imposta polo goberno do Partido Popular”.

A PRESIDENCIA: Significa por tanto que imos votar unha moción que di: “Primeiro.- Que o Pleno municipal do Concello de Vigo inste ao goberno de España a presentar no Congreso dos Deputados un proxecto de lei alternativo e pactado cos axentes sociais e as forzas políticas que teña como obxectivo a creación de emprego de calidade e a estabilidade no emprego. Segundo.- Que o Pleno municipal do Concello de Vigo dea traslado da presente moción ao presidente do goberno, á ministra de Emprego, ao presidente do Congreso dos Deputados, aos voceiros dos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados

e aos representantes dos axentes sociais. Terceiro.- O Pleno do Concello de Vigo fai un chamamento á participación na folga xeral convocada polos sindicatos o día 29 de marzo do 2012 contra a reforma laboral imposta polo goberno do Partido Popular". Esta é unha proposta do Grupo Socialista.

Emenda formulada por escrito de data 26 de marzo, polo relator da moción, Sr. Rodríguez Díaz:

Engadir un novo punto co seguinte contido:

O Pleno do Concello de Vigo fai un chamamento á participación na folga xeral convocada polos sindicatos o día 29 de marzo de 2012 contra a reforma laboral imposta polo Goberno do PP".

(Está ausente a Sra. Egerique Mosquera do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Oliveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Que o Pleno Municipal do Concello de Vigo inste ao Goberno de España a presentar no Congreso dos Deputados un proxecto de lei alternativo e pactado cos axentes sociais e as forzas políticas que teña como obxectivo a creación de emprego de calidade e a estabilidade no emprego.

Segundo.- Que o Pleno Municipal do Concello de Vigo dea traslado da presente moción ao Presidente do Goberno, á Ministra de Emprego, ao Presidente do Congreso dos Deputados, aos voceiros dos Grupos Parlamentarios do Congreso

dos Deputados e aos representantes dos axentes sociais.

Terceiro.- O Pleno do Concello de Vigo fai un chamamento á participación na folga xeral convocada polos sindicatos o día 29 de marzo de 2012 contra a reforma laboral imposta polo Goberno do PP.

5.5.- (60).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA E AO GOBERNO DO ESTADO A ADOPTAR MEDIDAS DE PROTECCIÓN PARA CLIENTES DE ENTIDADES FINANCEIRA QUE ADQUIRIRON PRODUTOS DE RISCO. EXPTE. 435/1101.

A presente moción tratouse xuntamente coas presentadas polos Grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE relativas ao mesmo asunto e cos números 5.1 e 5.2 da orde do día, figurando a súa transcripción e debate no devandito punto da presente acta.

6.- ASUNTOS URXENTES.

6.1.- (61).- MOCIÓN DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, INSTANDO O APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS E Á FOLGA XERAL CONVOCADAS PARA O DÍA 29 DE MARZO. EXPTE. 439/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 22 de marzo, número de Rexistro do Pleno 439/1101, o voceiro do Grupo municipal do BNG formula a seguinte moción:

“A reforma laboral recentemente aprobada polo Goberno do Estado, a través do Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro, constitúe outro chanzo máis na aplicación de políticas regresivas e inxustas socialmente.

A curta estancia do actual Goberno no poder xa nos permite albiscar a asunción

S. Ordinaria 26.03.12

plena do programa económico dos grandes poderes económicos e financeiros, e a disposición para levar a termo políticas de axuste económico que atentan contra dereitos e conquistas sociais atinxidas a prol das maiorías sociais.

A regulación laboral agora en vigor socava dereitos dos traballadores e traballadoras, actuando para iso sobre a rebaixa das indemnizacións por despedimento, a ampliación das facultades da empresa para ordenar modificacións discrecionais nas condicións de traballo e a devaluación da negociación laboral. O obxectivo último é a procura dunha maior precariedade e desregulación nas relacións laborais, que conduzan a unha redución real das rendas salariais, que xa viñan sufrindo un retroceso antes e, sobre todo, despois do estoupido da crise fronte ás rendas de capital.

Por outra banda, esta non é a reforma no eido do réxime laboral que se precisa para afrontar unha recuperación económica baseada na creación de emprego estábel e digno, que é a principal aspiración da maioría das persoas no noso país, especialmente dunha parte importante que atravesa graves dificultades económicas. Esta afirmación, non procede das organizacións e persoas contrarias á reforma, senón que mesmo foi emitida polo Goberno e partido impulsores de dita reforma laboral, que recoñeceron a súa nula contribución cara a xeración de emprego, evidenciando dese xeito que a verdadeira xustificación para adoptala é a de satisfacer as arelas de minoritarias elites económicas de reducir os dereitos laborais a mínimos para mellorar en exclusiva a taxa de beneficios e o reparto de dividendos entre os accionistas das grandes corporacións empresariais.

As organizacións sindicais máis representativas convocaron unha folga xeral para o vindeiro día 29 de marzo, a fin de que os traballadores e traballadoras expresen o seu rexeitamento á reforma laboral, tanto polo contido antisocial concreto que contén, como por representar unha medida máis dentro da política de retallamentos sociais que o actual Goberno do Estado está disposto a emprender.

No noso concello a maioría da poboación é traballadora, polo que se verá directamente afectada pola minoración de dereitos no desempeño do seu labor profesional imposta por esta reforma laboral, o que require un apoio explícito da institución local representativa ás medidas de rexeitamento da mesma.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Manifestar o apoio ás mobilizacións e á folga xeral convocadas para o 29 de marzo de 2012 polas organizacións sindicais representativas en contra da reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro.”

A presente moción debateuse xuntamente coa presentada polo Grupo municipal do PSdeG-PSOE, referente á reforma laboral, que figura co número 5.4 na orde

do día, figurando o texto do debate transcrito no citado punto.

(Está ausente a Sra. Egerique Mosquera do Grupo Popular).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia da moción.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quintero,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, instando o apoio ás mobilizacións e á folga xeral convocadas para o día 29 de marzo, en contra da reforma laboral aprobada por Real decreto 3/2012, do 10 de febreiro, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

S. Ordinaria 26.03.12

**1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS
DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU
ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

1.1.- (62).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 23 de febreiro e 22 de marzo de 2012.

1.2.- (63).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS
DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 23 de febreiro e 22 de marzo de 2012.

1.3.- (64).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 29.02.12, DE RÉXIME
DE DEDICACIÓN DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR,
SR. PÉREZ DÁVILA. EXPTE. 412/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 29 de febreiro, número 412/1101, o voceiro do Grupo municipal do PP comunica que o concelleiro do devandito Grupo don Alejandro Pérez Dávila exercerá as súas funcións en réxime de dedicación parcial de nove horas semanais.

Visto o anterior, por decreto de data 29 de febreiro a Alcaldía-Presidencia ditou a

S. Ordinaria 26.03.12

seguinte resolución:

“O Pleno do Concello, na súa sesión de data 16.06.2011, ao abeiro do sinalado no artigo 75.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), acordou as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial, así como ó réxime de dedicación destes últimos.

O art. 75.5 da LBRL sinala que corresponde ao presidente da Corporación determinar os concelleiros/as e membros da Xunta de Goberno Local que realizarán as súas funcións nas dedicacións mencionadas.

Téndose comunicado a esta Alcaldía, mediante escritos de data 28 de febreiro de 2012, polo voceiro do Grupo municipal do Partido Popular a asignación nominativa da dedicación do concelleiro D. Alejandro Pérez Dávila e sen prexuízo de posteriores resolucións en similar sentido,

RESOLVO:

Primeiro.- Exercerá as súas funcións en réxime de dedicación parcial de nove horas semanais cun importe de 12.283,79 €.

Segundo.- As retribucións especificadas en réxime de dedicación parcial de nove horas aboaranse en doce pagas. Os importes das retribucións revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ao servizo do Concello.

Terceiro.- As retribucións terán efecto dende a data da súa toma de posesión como concelleiro da Corporación, realizada o día 27 de febreiro de 2012.

Cuarto.- Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ao Sr. Pérez Dávila asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que corresponda.

Quinto.- Notificar a presente resolución ao interesado, á Unidade de Recursos Humanos deste Concello, á Tesourería e á Intervención Xeral e dar conta ao Pleno da Corporación na próxima sesión que realice.

Sexto.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Taboleiro de Editos do Concello.”

Do anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO

S. Ordinaria 26.03.12

REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron.

4.- MOCIÓNS.

4.1.- (65).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR A CREACIÓN DA TARXETA "VIGO XOVE" PARA USO DO TRANSPORTE PÚBLICO. EXPTE. 419/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de marzo, número 419/1101, a Sra. Alonso Alonso e o Sr. Pérez Dávila, concelleiros do Grupo municipal do Partido Popular, formulan a seguinte moción:

"O transporte público de Vigo é o máis caro de Galicia cunhas tarifas que ano tras ano aumentan. Este ano a suba foi de cinco céntimos, un incremento dun 4,27% que afecta a diario aos usuarios do transporte público vigués.

Dende o grupo municipal do PP entendemos que neste momento de dificultades económicas as administracións públicas deben facer un maior esforzo para negociar mellores condicións coas concesionarias e poder ofertar solucións reais que melloren a calidade de vida dos cidadáns.

A mobilidade nunha cidade como a nosa ten que ser unha acción primordial para o Goberno local. Vigo é unha cidade cun gran número de poboación que actualmente conta con graves problemas de tráfico e aparcamento, sobre todo no centro da cidade, polo que é necesario e unha responsabilidade do Goberno local dar solución e establecer un servizo de calidade que axude tamén ao fomento do uso do transporte público urbano.

Dende hai anos as frecuencias e a distribución de liñas non resollen as necesidades dos vigueses o que fixo que se incrementasen as queixas dos usuarios e provocou un gran descenso no número de usuarios volvendo a datos do inicio do ano 2000.

Uns dos usuarios potenciais máis afectados por estas subas son os mozos e

mozas da cidade de Vigo. Na maioría dos casos son estudantes sen ingresos, menores de idade que aínda non poden conducir ou mozos que estudan ou traballan cun salario baixo que non lles permite acceder á compra dun vehículo. Este sector da poboación sufriu nas súas tarifas un maior incremento que a tarifa ordinaria, un 6,7% máis caro no caso da tarxeta universitaria.

Temos un Goberno municipal que sendo coñecedor desta circunstancia atópase despreocupado da situación que a mocidade de Vigo sufrimos. Un Goberno municipal máis preocupado doutras cuestións menores que de atender a un sector tan estratéxico como a mocidade.

Existen outras cidades tanto en Galicia como no resto de España con tarifas máis económicas, nalgúns casos onde o prezo da tarifa ordinaria é similar á de Vigo os mozos e mozas benefíciense dunhas tarifas especiais moito máis reducidas e do sistema de abono mensual que demostra que ser mozo é máis doado noutras cidades que en Vigo.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno de Corporación que adopte o seguinte acordo :

Primeiro.- Creación da tarxeta Vigo Xove (de 0 a 30 anos):

- Establecendo a gratuidade do servizo entre os mozos de ata 16 anos xa que a educación é obrigatoria nesa franxa de idade. De 17 a 30 anos establecer unha tarifa plana mensual que permita viaxes ilimitados.
- Establecer uns requisitos mínimos para acollerse a tarxeta Vigo Xove (modalidade 17-30 anos) segundo a renda dos beneficiarios.
- Darlle continuidade de uso á tarxeta Vigo Xove para nun futuro dotar dun acceso máis rápido e económico aos distintos servizos municipais a este sector poboacional (instalacións deportivas, eventos, instalacións culturais e educativas...)

Segundo.- Revisión e propostas máis económicas das tarifas para o resto da poboación viguesa non incluída na Vigo Xove.”

A comisión informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, na súa sesión do 19 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. ALONSO ALONSO: Antes de comezar quero agradecer o traballo da Comisión de Xuventude do Partido Popular de Vigo, así como o do meu compañeiro, D. Alejandro Pérez, xa que traballamos xuntos nesta moción que

paso relatar.

O transporte público de Vigo é o máis caro de Galicia cunhas tarifas que ano tras ano foron en aumento. Este ano, malia a petición do Partido Popular e do BNG de conxelar as tarifas, o goberno local decidiu unha suba de cinco céntimos, un incremento do 4,27% que afecta acotío aos usuarios do transporte público vigués.

Dende o Grupo municipal do Partido Popular entendemos que neste momento de dificultades económicas, as administracións públicas deben facer un maior esforzo para negociar mellores condicións coas concesionarias e poder ofertar solucións reais que melloren a calidade de vida dos cidadáns.

A mobilidade nunha cidade como a nosa ten que ser unha acción primordial para o goberno local. Vigo é unha cidade cun gran número de poboación que carece de alternativas de transporte urbano, a única opción posible, agás o taxi, é o autobús. Ademais os vigueses viron dificultada a circulación en automóbil coa supresión de centos de prazas de aparcadoiro o que derivou en maiores problemas de tráfico, sobre todo no centro da cidade, polo que é necesario e é unha responsabilidade do goberno dar solución e establecer un servizo de calidade que axude tamén ao fomento do uso do transporte público urbano.

Dende hai anos as frecuencias e a distribución de liñas non resolven as necesidades dos vigueses o que fixo que se incrementasen as queixas dos usuarios e provocou un gran descenso no número de viaxeiros volvendo a datas de inicio do ano 2000.

Algúns usuarios potenciais máis afectados por estas subas son os mozos e mozas da cidade de Vigo. Na maioría dos casos son estudantes sen ingresos, menores de idade que aínda non poden conducir ou mozos que estudan ou traballan cun salario baixo que non lles permite a merca dun vehículo. Este sector da poboación sufriu nas súas tarifas un maior incremento ca tarifa ordinaria, no caso da tarxeta universitaria falamos dun 6,7% máis cara.

Existen outras cidades, tanto en Galicia como no resto de España, con tarifas escolares máis económicas. Nalgúns casos onde o prezo da tarifa ordinaria é similar ao de Vigo, os mozos e mozas benefíciense dunhas tarifas especiais moito

máis reducidas, como en Xixón onde os menores de trece anos viaxan gratis. Ademais case todas teñen implantado o sistema de aboamento mensual ou o sistema de dez viaxes.

Por todo isto instamos ao goberno municipal a que poña en marcha no transcurso deste ano un plan específico de mobilidade xuvenil coa creación da tarxeta “Vigo-xove”, establecendo a gratuidade do servizo entre os mozos e mozas de 0 a 16 anos, xa que a educación é obrigatoria nesa franxa de idade, e de 17 a 30 anos establecer unha tarifa plana mensual que permita viaxes ilimitados, tendo en conta no caso dos traballadores a súa renda. Por outra banda darlle continuidade de uso a esta tarxeta para nun futuro poder acceder coa mesma a servizos municipais, como poden ser as instalacións deportivas, os eventos, as instalacións culturais, educativas, etc.

No segundo punto propoñemos a revisión e propostas máis económicas das tarifas para o resto da poboación viguesa non incluída na “Vigo-xove”. Por exemplo, poderíase ampliar a tarxeta social para que todos os desempregados se poidan acoller a ela, tal e como sucede nas cidades da Coruña ou Lugo.

O que o Grupo municipal do Partido Popular propón son novas formas de pagamento do transporte público moito máis económicas, que se adapten á actual situación de crise que vivimos. Unha medida que de seren aprobada e posta en práctica mellorará o fluír do tráfico e axudará a que dende ben pequenos os rapaces se habitúen ao uso do transporte público. Non só axudaremos ás economías familiares, senón que tamén fomentaremos dende nenos o uso do mesmo.

Vitrasa fixo un esforzo por se adaptar ás novas tecnoloxías implantando wifi en algúns autobuses, na colocación de paneis informativos, aínda que na maioría dos casos non funcionan correctamente; na implantación da aplicación “Bus-Vigo”, pero realmente o que lle reclama o usuario e na propia web da concesionaria reflíctese, son prezos moito máis económicos. Uns trece mil usuarios que representan o 50% quéixanse do prezo e uns cinco mil dos tempos de agarda.

Dende o Grupo municipal do Partido Popular cremos que este plan de mobilidade

xuvenil que afectaría arredor de 90.000 mozos é un primeiro paso para a mellora e modernización do servizo, que comparado con outras cidade de España de semellante poboación vai con moito atraso.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Coincidimos en parte co Partido Popular na súa xustificación á hora de presentar esta moción. Coincidimos en que efectivamente a suba que se efectuou nesta cidade das tarifas do transporte público urbano, as tarifas de Vitrasa, foi unha medida unilateralmente tomada polo goberno municipal, unha medida á que nós evidentemente nos opuxemos e nos seguimos opoñendo porque cremos, e así o expresamos no seu momento, que nunha situación económica de crise como a actual esta suba prexudica sen ningunha dúbida ás familias con menos recursos, ás menos favorecidas e ademais tampouco é unha boa medida de promoción do transporte colectivo, que é algo no que o BNG sempre insistiu e sempre traballou cando tiña responsabilidades na materia, no sentido de favorecer e impulsar un transporte colectivo que sen ningunha dúbida é o mellor e iren disuadindo do uso do vehículo privado.

Hai algunhas contradicións entre o que vostede di, Sra. Concelleira, e o que o Partido Popular proclama logo cando ten responsabilidades de goberno. É unha contradición vir aquí pedir gratuidades para favorecer ao transporte público colectivo cando vostedes, por poñeren un caso, acaban de suprimir o “noitebús” que era un elemento moi utilizado polos mozos e mozas de Galicia e tamén de Vigo. Deste xeito aos mozos e mozas non lles queda outra posibilidade que utilizar precisamente os vehículos privados ou cando menos os taxis que como xa sabemos son algo máis caros que o propio transporte colectivo. Será porque a vostedes lles gustan moito os carnés xa que teñen na Xunta o carné xove, o carné de alberguista, o de estudante internacional, o de profesor internacional, o carné internacional e tamén coido que subvencionan con 200 euros aos mozos para que saquen o propio carné de conducir.

Como ve hai algunhas contradicións no que vostede expresa na moción pero nós si estamos de acordo en que hai que abaratar e facer que as tarifas do transporte público colectivo sexan moito menores. Por iso nós tamén, como vostedes

fixeron, pedíamos a conxelación das tarifas neste momento de crise e solicitámolo diante desa decisión unilateral que tomou este goberno municipal coa que nós evidentemente non estamos de acordo.

Dito isto, o que non compartimos é a resolución da propia moción. Vostedes din que por mor desa tarxeta se estableza a gratuidade entre mozos ata os 16 anos. Témoslles que preguntar se as mozas tamén poderían ir gratis ou non. En todo caso a nós parécenos que isto non se pode facer así porque, por que o fillo dunha familia con rendas altas, moi altas, ten que ir gratuitamente nun transporte urbano?

Nós estamos pola redistribución da riqueza, pola progresividade fiscal e por iso nós dicimos que ten pagar quen máis ten e temos que conseguir dotar dos servizos aos que non teñan. Ademais esta é a argumentación que lembro que vostedes utilizaron para suprimir a gratuidade dos libros de texto. Polo tanto non se pode ser contradictorio.

En todo caso nós cremos que si teñen razón en que a subida de Vitrasa foi desmesurada e nós non estamos de acordo con ela e, como si estamos de acordo co profundo sentir da moción, é polo que lle propoñemos unha emenda de substitución que di: “Instamos ao goberno municipal a que elabore un estudo económico para establecer a posibilidade de revisar as tarifas do transporte urbano de Vigo co fin de favorecer aquelas rendas máis baixas, ou ás familias sen recursos económicos”.

Se esta emenda se aproba o BNG estará moi atento a que se faga este estudo e a que se cumpra con esta rebaixa de tarifas.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Alonso, se o que pretende o Partido Popular é preocuparse pola xuventude, o que convén é que se dirixan ao Sr. Rajoy e se preocupen porque as bolsas non se reduzan, pola renda de inserción e por que a reforma laboral da que acabamos de falar non penalice tanto aos xoves. Si sería bo que vostedes fixeran iso na defensa das políticas de xuventude.

Con respecto ás tarifas debo lembrar que neste Concello gobernaron tanto o Partido Popular como o Bloque Nacionalista Galego e ningún deses partidos nin

deses alcaldes procederon a unha conxelación da tarifa, agás a do ano 2011 que fixo este goberno sendo alcalde de Vigo Abel Caballero. Coido polo tanto que cando se fala de tarifas hai que ser polo menos rigorosos.

Na moción fanse algunhas afirmacións que carecen de todo fundamento. Non é a tarifa máis cara de Galicia nin moito menos, entre outras cousas porque a tarifa está condicionada pola reversión dos terreos.

Dicir que nesta cidade hai graves problemas de tráfico e aparcadoiros..., a verdade é que só os deben ver vostedes porque os estudos e a opinión dos cidadáns é ao contrario, ese gran número de queixas non se ve por ningures.

Logo, que na súa moción fagan vostedes afirmacións como a de que en número de viaxeiros estamos a nivel do ano 2000 denota un descoñecemento absoluto dos datos. O ano que houbo máis número de viaxeiros no transporte público desta cidade foi o 2008 sendo alcalde de Vigo Abel Caballero e con 21.424.373 viaxeiros. No ano 2000, Sra. Alonso, houbo 19.500.000 viaxeiros. Isto polo tanto non se corresponde en absoluto coa realidade.

Insisto en que este foi o único goberno que conxelou a tarifa o ano pasado. Mantivemos a conxelación que proviña do ano anterior neste ano e polo tanto non é, nin moito menos, unha subida moi grande. A conxelación do ano pasado supuxo para as arcas municipais 650.000 euros.

É sorprendente que vostedes presenten esta moción e que falen de aposta polo transporte público cando eu lle podo lembrar as cifras que tiña presupostadas o goberno da Sra. Porro. Cando no ano 2007 nós chegamos ao goberno o orzamento para transporte público era de 5.012.000 euros. Ao mes de chegaren tivemos que faceren un modificación orzamentaria por 2.500.000 euros máis para o transporte público. Nos anos 2008, 2009 e 2010 incrementamos o orzamento ata 8.500.000 de euros e este ano, Sra. Alonso, como haberá podido comprobar nos orzamentos, a cantidade destinada a transporte é de 10.700.000 euros que supón un incremento do 9,18% con respecto ao ano anterior, o dobre que o que tiñan vostedes cando gobernaban no ano 2007. Coido que o que expón cae nunha clara contradición.

Esmiuzando a proposta que vostedes fan o custe é de 10.000.000 de euros,

S. Ordinaria 26.03.12

porque se vostedes pretenden que o billete sexa gratuíto para uns tramos de idade, decátense que só entre as persoas censadas neste Concello entre 17 e 30 anos, só considerando que sexan o 25%, custa 6.000.000 de euros. A gratuidade entre 0 e 4 é outro dos erros da súa moción porque xa está, ata os 16 anos supón case 4.000.000 de euros.

Paréceme unha grave irresponsabilidade, Sra. Alonso, presentar esta moción. Entendo que ao mellor vostede guiada pola súa xuventude e por favorecen á mocidade faga esta proposta, pero que a subscriba o voceiro do seu grupo, que coñece perfectamente o que supón porque leva vinte e cinco anos como concelleiro, é unha mostra de irresponsabilidade. Non se pode estar trasladando aos cidadáns que isto sexa gratis cando custa diñeiro.

Teño aquí a emenda aos orzamentos asinada polo Sr. Bernárdez no nome do Partido Popular. Onde está a cobertura, Sra. Alonso, para pagar o que vostede propón na súa moción? Onde está nestes tres millóns de euros que propoñen de cambios dunhas partidas a outras? Con que se vai pagar o que vostede propón? Estamos en contra da súa moción por seren irresponsable e absolutamente inviable.

SRA. ALONSO ALONSO: Como son vostedes moi previsibles, eu xa sabía que falarían da Xunta, de Rajoy, etc., como di Paco Umbral: “Eu vin aquí falar do meu libro”. Coido que tanto o BNG como o PSOE teñen os seus propios representantes a nivel autonómico e nacional para defender propostas. Do “noitebús” xa se falou o ano pasado e xa percibo que a “Vigo-xove” non lles interesa moito.

Vimos aquí falar do presente e do futuro de Vigo. Eu non vou falar do pasado porque entón tamén tería que falar de vostedes que levan xa cinco anos no goberno e aínda non presentaron unha proposta para a mocidade neste aspecto. O goberno local presume de boas contas polo que non lle debería resultar difícil a creación deste plan. O prezo do billete é unha decisión política e existen gobernos que lle dan prioridade ás humanizacións e outros á mellora das economías familiares, a mobilidade, o benestar social; en definitiva, a calidade de vida dos nosos veciños.

En canto ao sistema de renda, que dicía o Sr. Domínguez que non é correcto, dicir que as bolsas PILI tamén se lles conceden a todos sen ningún tipo de clasificación de renda.

Por outra banda os datos dos que eu dispoño son datos oficiais tanto, da páxina web da concesionaria, como do Concello de Vigo. Se son errados ánimoos a que os cambien.

É certo que o ano pasado si que houbo unha conxelación das tarifas, aí si negociaron coa concesionaria porque había unhas eleccións municipais, pero este ano non as hai.

Dicir que esta medida que traemos hoxe ao Pleno só ten un obxectivo, compararnos á cidade que vostedes tanto usan: A Coruña, que ten unha poboación similar á de Vigo e os prezos aquí son o dobre. Os de alí son: universitario 0,63, desempregados 0,64. Quero manifestar que no caso de desempregados na Coruña e en Lugo esta tarifa é válida para todos os desempregados, mentres que aquí so o é para os que están cobrando o subsidio de desemprego ou para os que están incluídos na Renda activa de inserción.

Coido que sería importante aprobar esta medida xa que afectaría a 90.000 mozos e non hai agora mesmo unha alternativa para que poidan viaxar.

A PRESIDENCIA: Hai unha proposta de emenda de substitución do Bloque Nacionalista Galego, acéptana?

SRA. ALONSO ALONSO: Non a aceptamos.

Emenda de substitución formulada mediante escrito de data 26 de marzo, polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira:

“Instamos ao Goberno municipal a que elabore un estudo económico para establecer a posibilidade de revisar as tarifas do transporte urbano de Vigo co fin de favorecer a aquelas rendas máis baixas ou ás familias sen recursos económicos”.

S. Ordinaria 26.03.12

Ao non seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, a Alcaldía- Presidencia non a somete a votación.

(Está ausente a Sra. Egerique Mosquera do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polos concelleiros do Grupo Popular, Sra. Alonso Alonso e Sr. Pérez Dávila, instando a creación da tarxeta “Vigo xove” para uso do transporte público, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2.- (66).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A ADOPCIÓN DE MEDIDAS AO OBXECTO DE QUE O APARCADOIRO DA PRAZA DE PORTUGAL SE TRANSFORME NUN APARCADOIRO DE RESIDENTES. EXPTE. 414/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de marzo, número 420/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, formula a seguinte moción:

“O 4 de novembro de 2010 expirou a concesión do servizo de aparcadoiro da Praza de Portugal e esta prorrogouse 6 meses como máximo legal, co cal acabou

S. Ordinaria 26.03.12

o 4 de maio de 2011.

O Pleno da corporación mediante acordo plenario asumiu a explotación do aparcadoiro por parte do Concello ata non se finalice a tramitación do expediente administrativo nº 78889/210 e se adxudique a xestión do servizo a un novo concesionario.

Esta asunción de xestión directa o Concello resólvea a través dun contrato menor executado por INTERPARKING, cun período de validez de servizo de 4 de maio de 2011 a 4 de outubro de 2011.

A partir do 4 de outubro ata a data e non podendo prorrogarse por máis tempo, a situación é descoñecida, non coñecemos quen, a cambio de que e en que condicións se está xestionando este servizo.

Esta situación xa foi denunciada polo Grupo Municipal do Partido Popular en dúas ocasións o 22 de marzo de 2010 e o 13 de outubro de 2010 e, vendo que o Grupo de Goberno segue facendo caso omiso ás decisións do Pleno deste Concello como máximo órgano de goberno, volvemos solicitar ao Pleno do Concello de Vigo que se dea una solución a este aparcadoiro.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno de Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que de maneira inmediata se adopten as medidas oportunas para que o aparcadoiro de Praza de Portugal pase ser estacionamento para residentes”.

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 19 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. ARAÚJO PEREIRA: Dende o Grupo municipal do Partido Popular queremos manifestar o noso asombro e a incredulidade que nos inspiran algunhas das argumentacións que o grupo de goberno e o noso alcalde presentan á opinión pública e a este Pleno como máximo órgano democrático da nosa cidade. Nesta ocasión a incredulidade ven ocasionada pola falla de planificación e xestión sobre temas de mobilidade, en concreto sobre os aparcadoiros centrándonos no da Praza de Portugal. Semella increíble que logo de tres anos teñamos que seguir falando deste tema e se sega sen resolver. Esta forma de traballar é a que o Grupo municipal do Partido Popular, os cidadáns e as

S. Ordinaria 26.03.12

xeracións que representamos non podemos compartir.

Se facemos de forma resumida un extracto da evolución do expediente de concesión do aparcadoiro da Praza de Portugal queda patente o desinterese polo o resolver.

A concesión a favor de Interparking expirou o 4 de novembro de 2010, prorrogouse seis meses que é o máximo legal e rematou o 4 de maio de 2011. O Pleno da Corporación e por acordo plenario asumiu a explotación do aparcadoiro por parte do Concello ata que non se remate a tramitación do expediente administrativo e se adxudique a xestión do servizo a un novo concesionario. Esta asunción de xestión directa resólvese polo Concello dun xeito un tanto irregular a través dun contrato menor executado por Interparking cunha partida de 28.000 euros e cun período de validez de servizo de 4 de maio a 4 de outubro do 2011, mentres non se sacaba a concesión a concurso. A partir do 4 de outubro ata a data actual e non podendo prorrogarse a concesión por máis tempo, a situación é descoñecida. Non coñecemos como, quen, nin ata cando estará xestionado este servizo.

O Grupo municipal do Partido Popular xa denunciou esta situación e a falla de xestión do concelleiro-delegado, Sr. López Font, mediante sucesivas intervencións realizadas o 22 de marzo do 2010 instando ao goberno a comezar os trámites de licitación e á redacción do regulamento xeral de Réxime Interior sobre o servizo de aparcadoiro, e coa intervención do 13 de outubro de 2010 reiterando os avisos sobre o remate da xestión e a desidia do equipo do Sr. Alcalde na realización das accións correspondentes para a licitación do aparcadoiro da Praza de Portugal.

Nestas mocións o Grupo Popular posicionouse a favor de que, tanto neste aparcadoiro como no da Porta do Sol se dispuxera de prazas para residentes, dando así solución a un antigo problema dos veciños da zona histórica e do contorno de Churruca.

A única acción que constatamos que realizou o actual equipo de goberno, que deixa de manifesto a súa desconfianza nos traballadores municipais malia da súa promoción nos medios da defensa dos servizos públicos, foi a contratación de asesores externos para a elaboración e redacción dos pregos para a contratación

da concesión do aparcadoiro da Praza de Portugal á empresa Eydom por un importe de 22.270 euros.

O grupo de goberno segue facendo caso omiso ás decisións do máximo órgano de goberno. Volvemos solicitar ao Pleno do Concello que se lle dea unha solución a este aparcadoiro propoñendo que se adopte o seguinte acordo: “Sendo coñecedores que das 7.000 prazas de aparcadoiro que temos no Concello de Vigo máis do 70% están na zona centro da cidade, destas 4.800 prazas a porcentaxe de prazas para residentes a todas luces é insuficiente, polo que instamos a que de maneira inmediata se adopten as medidas oportunas para que o aparcadoiro da Praza de Portugal pase a seren estacionamento para residentes”.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Alcalde e Sr. López Font, en todo este tema para nós hai algo que é fundamental. Si coido que o goberno nos debe informar de xeito urxente en como e en que condicións se está prestando este servizo porque aquí se falou do remate dunha concesión e dun contrato menor.

Pensamos que efectivamente, aí coincidimos co representante do Partido Popular, nos ten que informar o goberno de como se está prestando o servizo nese aparcadoiro municipal porque aí se segue cobrando por aparcar. Polo tanto queremos saber e coido que o deber do goberno é explicarnos en que condicións se está xestionando ese servizo.

Nós estaríamos dispostos a estudar a recuperación desa concesión, en todo caso xa non se trata de recuperación, mellor dito de estudar novos usos da concesión deste aparcadoiro e mesmo tampouco estamos en contra de que se dedique a residentes. Pero nós pensamos que hai que facer ben as cousas.

En primeiro lugar, logo da irrupción na nosa cidade dun número importante de aparcadoiros, vemos como en moitos deles seguen quedando prazas baleiras tanto de vendas como de alugueres. Pensamos polo tanto que cando menos habería que facer un estudo para aquilatar realmente cales son as demandas que hai e sobre todo nunha situación de crise como a actual.

Vostedes aquí falan de que “pase a seren estacionamento para residentes”. Nós pensamos que hai que facer un estudo porque pode ser complicado ou moi difícil

facer viable economicamente un aparcadoiro que só sexa para residentes e en todo caso habería que estudar o xeito de conxugalo con prazas de uso libre. Nese sentido si nos parece ben que algunhas prazas se poidan reservar para residentes.

Estamos de acordo con vostedes e en todo o que sexa potenciar a mobilidade e o uso preferente do peón sobre o vehículo privado sempre nos van ter ao seu carón. O BNG defende sempre que a cidade é para o cidadán e que os peóns teñen que ter prioridade sobre os vehículos e para iso é importante crear aparcadoiros disuasorios, é importante para que o Casco Vello, Sr. Alcalde, sega sen ter tráfico indiscriminado. É moi importante porque non paga a pena facer esforzos por construíren aparcadoiros na nosa cidade ou ter un aparcadoiro recién inaugurado en Policarpo Sanz e ter tentacións nalgúns momentos de querer que o tráfico volva pasar polo Casco Vello.

Estamos de acordo co fondo do tema, de acordo con que hai que estudar esa posibilidade pero facendo ben as cousas e por iso construtivamente nós lle propoñemos unha emenda para que onde di: “que de maneira inmediata se adopten as medidas oportunas”, se cambien esas catro primeiras palabras e que diga: “que logo de realizados os estudos necesarios se adopten as medidas oportunas para que o aparcadoiro da Praza de Portugal...”

SR. LÓPEZ FONT: Os maiores interesados en que toda a Corporación teña a información da situación na que nos atopamos somos nós e polo tanto de solicitaren información neste mandato sobre a situación da concesión lla facilitaríamos.

Coido que o concelleiro do Partido Popular fai un relatorio de datas que non se corresponden porque por unha banda fala dun desinterese, dunha falla de planificación de tres anos cando aínda non levamos un ano logo de venceren a concesión.

O que eu lles quero trasladar é que estamos intentando traballar coa maior seguridade xurídica, cunha fórmula legal e transparente. É evidente, e así se desprende do relatorio da súa moción, que todos os pasos que demos en relación

con esta nova concesión aprobáronse polo Pleno. Hai un acordo plenario no que se decide a forma de xestión e se deron, aínda que non me vou estender nas argumentacións para que se fixera por xestión directa; aprobouse un regulamento de servizo, importante novidade que non se daba en anteriores concesións e que levou máis tempo e tamén, por unha reforma legal no tema da contratación, achégase ao expediente o anteproxecto de obras previstas e de explotación do servizo. Todo isto obriga a dar uns pasos administrativos que non estaban previstos e por iso houbo que adoptar esta serie de medidas.

Non estamos desinteresados, senón que xustamente pola contra estamos traballando de xeito seguro xuridicamente.

Neste momento hai unha xestión directa, é dicir, o Concello, unha vez que lle encarga esta xestión á empresa Interparking porque non temos os medios para a xestión de forma directa pero sempre dentro da legalidade, estamos recibindo os ingresos que se realizan neste aparcadoiro e tamén sufragando a parte de gastos. Con isto teño que dicir que economicamente para o Concello de Vigo a situación é boa. Legalmente estámolo facendo ben.

É verdade que a maior preocupación de vostedes, pero tamén a nosa e a do anterior concelleiro de Seguridade, é o uso de prazas para residentes e así o din na súa moción, pero é que xa está previsto. De preguntaren vostedes diríalles que está previsto no prego de condicións para esta concesión que se elaborou polos funcionarios desta casa e non como di vostede por empresas alleas; diferente cuestión é que empresas externas elaboraron o anteproxecto de obras. O Título VII do prego di: "Uso das prazas de residentes" e nel se contempla que o licitador, do consideraren economicamente viable, poida ofertar o número de prazas para residentes que estime oportuno. É dicir, o licitador podería chegar convertelo nun aparcadoiro de residentes. Agora ben, pídolles a vostedes rigor e seriedade porque dicir que un aparcadoiro que actualmente está en rotación pase directamente a seren de residentes, sen ningún tipo de estudo económico ou argumentación, é algo que non pode ser.

No Título VII do prego de condicións atópase contemplado todo o relativo a residentes co que coido que damos demanda. Pero xa a estábamos dando e xa se

dixo polo anterior concelleiro de Mobilidade neste Pleno a forma na que trataríamos isto.

Eu síntome doído cando vostedes falan de desinterese e de falla de planificación. Nós estamos traballando con seguridade xurídica e non como vostedes, porque o goberno de seu anterior, o último mes antes da eleccións de maio do 2007 adxudicou o servizo do guindastre dun xeito absolutamente gravoso para este Concello como nin sequera se maxina vostede. Pero a maiores, un mes antes das eleccións adxudicaron o servizo do XER cuxa concesión se revogou polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Agora tamén lles informamos do que lles vai custar esa broma de mala xestión a vostedes en relación con este Concello.

Convén que nin vostede, nin o Partido Popular falen moito de aparcadoiros en tanto non lles expliquen aos cidadáns de Vigo como admiten que a Xunta regale doce millóns de euros á cidade da Coruña para facer o aparcadoiro do Parrote. Cando vostedes teñan unha explicación para os vigueses de por que na Coruña se regalan doce millóns coa conformidade dos concelleiros do Partido Popular estarán autorizados a falar.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Coido por unha banda que o Sr. López Font non coñece os investimentos que a Xunta de Galicia ten para esta cidade que ascenden a bastante máis de doce millóns de euros.

Nós non temos información sobre ese prego de condicións, nin moito menos sobre o Título VII, pero o que si é verdade é que é un pouco contradictorio que nos diga que o licitador ten que decidir cal é número de prazas para residentes que vai meter na licitación cando o Sr. Calviño, que coido que tamén era do grupo de seu, argumentaba no propio Pleno que das duascenas prazas consérvanse como mínimo un 40% de abonamentos destinados a residentes, así como un 20% para motocicletas de residentes.

Sr. Domínguez, basicamente a idea é que das 200 prazas que é o aforo do aparcadoiro, meter case 120 prazas para residentes co que quedarían 70 prazas no centro de Vigo cos aparcadoiros que temos agora. Obviamente hai que estudalo, pero creo que o expediente xa leva dous anos de estudo porque a

primeira conversa sobre este tema no Pleno data de marzo de 2010.

Concluimos denunciando por unha banda a indolencia e falla de xestión do grupo de goberno do Concello de Vigo, do concelleiro-delegado con responsabilidades de Tráfico que leva máis dun ano para licitar o concurso de concesión administrativa do aparcadoiro da Praza de Portugal, aínda que por fin parece que xa temos os pregos e parece que si se vai licitar.

Por outra banda, amosar o noso asombro e a incredulidade que nos inspiran algunhas das argumentacións que non se corresponden con ningún tipo de planificación, nin de modelo de cidade porque, por exemplo, o 19 de febreiro de 2008 se lle dicía á prensa que a tarifa dos aparcadoiros se incrementaba nun 50% nos 80 primeiros minutos. A noticia di: “O Concello autoriza aos doce subterráneos de concesión municipal a subida do prezo na primeira hora e vinte minutos”. O 16 de setembro de 2008: “Caballero anuncia un plan masivo de aparcadoiros con prioridade para residentes”. O 11 de setembro do 2009: “O Concello inicia en Bouzas un plan para construír once novos aparcadoiros: Plan de obras de Bouzas, Travesía, Teis, contorno de Balaídos, Coia, periferia...”

Díganos onde están eses aparcadoiros ou se pola contra hai un cambio de plans.

A PRESIDENCIA: Hai unha proposta de emenda do BNG, acéptase, Sr. Concelleiro?

SR. ARAÚJO PEREIRA: Si, aceptámola.

Emenda formulada por escrito de data 26 de marzo, polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira:

Substituír a frase “Que de maneira inmediata...” por “Que logo de realizados os estudos necesarios...”

(Está ausente a concelleira Sra. Egerique Mosquera, do Grupo Popular).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos

S. Ordinaria 26.03.12

vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a anterior emenda.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Que, logo de realizados os estudos necesarios, se adopten as medidas oportunas para que o aparcadoiro de Praza de Portugal pase ser estacionamento para residentes.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

Tratada no punto 6, "Asuntos urxentes", moción do Grupo do BNG instando apoio e mobilizacións á folga do 29 de marzo.

5.- (67).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE FORMALIDADES NAS RESPOSTAS POR ESCRITO ÁS PREGUNTAS FEITAS NO PLENO.

SRA. VELOSO RÍOS: Este é un rogo referido ao cumprimento de formalidades na resposta por escrito ás preguntas presentadas no Pleno do Concello.

Refírome concretamente ao caso dunha pregunta que xa presentei no mes de decembro, logo no mes de xaneiro e despois no mes de febreiro. Reitereina porque a resposta que se me enviou por escrito nun primeiro momento era un correo electrónico sen asinar por ninguén, sen facer sequera referencia a que pregunta se lle daba resposta e con tres liñas realmente pouco informativas. Por iso volvíñ presentar esa pregunta

Pola resposta que se me deu de que se me ía contestar por escrito, xa deducín que tampouco había información por parte do presidente deste Pleno de que esa pregunta fose respondida tal e como parecía, porque non viña asinada e se me

S. Ordinaria 26.03.12

volveu contestar por correo electrónico outra vez, sen asinar e nun papel sen ningún tipo de cabeceira.

Paréceme que as preguntas que se presentan no Pleno da Corporación son o suficientemente importantes como para que se garden as formas. Polo menos teño que poder estar segura de que as respostas veñen dadas por quen teñen que vir dadas e asinadas tamén pola persoa á que se lle fan as preguntas.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, tomamos conta do rogo.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ, INSTANDO Á ALCALDÍA A QUE RECIBA Á PRESIDENTA DO CLUB SAMPAIO DE FÚTBOL.

SR. ALONSO PÉREZ: Este é un rogo para que o alcalde reciba á presidenta do Club Sampaio de Fútbol quen, segundo nos manifestou na oficina do Grupo municipal do BNG, está solicitando unha reunión porque, como sabe a Corporación, o Sampaio ten un campo de fútbol na Comunidade de Montes de Teis que non ten herba sintética.

Houbo un desencontro entre a Comunidade de Montes e o Concello. A Deputación tiña pensado poñer herba sintética que ao final non sabemos se era unha intención ou unha realidade, pero o que si é certo é que a Comunidade de Montes de Teis e o Club Sampaio acordaron que a primeira dispuxera trasladar o campo de fútbol á parte posterior do actual campo de fútbol de Candeán, co que todas as instalacións deportivas quedarían nun mesmo espazo, cuestión esta coa que está tamén de acordo o Club Sampaio. Maniféstanos que queren isto, así como que tamén é necesaria a aprobación do Concello.

O club de fútbol maniféstanos que está intentando realizar unha reunión coa Alcaldía ou con quen delegue e que ata hoxe non o conseguiu e por iso dende o BNG facémonos eco e mediante este rogo solicitamos que se reúnan coa presidenta do Club de Fútbol Sampaio e intenten dar solución a este problema.

S. Ordinaria 26.03.12

A PRESIDENCIA: Tomamos nota do rogo.

- * ROGO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, REITERANDO PETICIÓN Á ALCALDÍA PARA QUE MEDIE ENTRE A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE LAVADORES E A ASOCIACIÓN DE XUBILADOS VILLA GALICIA.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Hai uns plenos, non lembro se hai dous ou tres, comparecían diante deste Pleno da Corporación tanto os representantes da Asociación veciñal de Lavadores, como os representantes da Asociación de xubilados “Villa Galicia”.

Naquel Pleno eu persoalmente facíalle un rogo ao goberno local para que intentara mediar nunha situación que estaba levando a que houbo un colectivo importante de Lavadores e da propia asociación que non dispoñía de ningún tipo de espazo e que non se lle deixaba utilizar o propio espazo veciñal.

Cando ademais nos últimos días a cousa empeza a ter outras tinguiduras, cando mesmo xa hai sentenzas xudiciais que están a dicir que hai certos medios que utiliza a asociación veciñal custeados con fondos públicos que se están utilizando, tal e como di a sentenza, para desprezar ou menos valorar a persoas determinadas.

O rogo é insistir en que o goberno local debe mediar nesta situación para poder solucionar.

Non esquezamos que estamos falando dun colectivo que ten todos os dereitos e está debidamente regularizado e legalizado neste Concello para que tamén sexa atendido.

A PRESIDENCIA: É un conflito entre particulares pero tomamos nota do rogo.

6.- (68).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

- * PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVA Á VISITA Á ETEA DO DEVANDITO GRUPO.

SR. ALONSO PÉREZ: Queremos saber cando imos visitar a ETEA. Realmente hai un problema de peche de axenda porque non hai maneira de ver cando imos visitar a ETEA.

Pedímolo en sucesivos Plenos. Estivemos agardando e seguimos agardando.

A PRESIDENCIA: Tan pronto poida ser. Sen dúbida o máis axiña posible.

- * PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, SR. BERNÁRDEZ DE DIOS, RELATIVA Á CANTIDADE DA QUE DISPÓN O CONCELLO DE VIGO EN REMANENTES DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS AO DÍA DA DATA.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: No informe de liquidación aparece cal é o remanente de Tesourería con datos do 31 de decembro cunha cantidade de oitenta millóns de euros. Como preguntan o dato a día 20 de marzo: "Recibido informe tanto por parte da Tesourería, na que se fixo fronte a case corenta e cinco millóns de euros, o interventor xeral fai constar que a día de hoxe, 23 de marzo, hai un remanente de Tesourería para gastos xerais dispoñibles que ascende a 79.198.772,39 euros".

- * PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, SR. BERNÁRDEZ DE DIOS, RELATIVA A CANTIDADE QUE O CONCELLO TEN QUE DEVOLVER AO ESTADO CORRESPONDENTE Á LIQUIDACIÓN DO ANO

2010.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Cando lin esta pregunta tiven dúbidas porque o Concello sabe a cantidade que ten que devolver ao Estado do ano 2008 e 2009, pero a cantidade que ten que devolver o Concello ao Estado do 2010 ten que ser comunicada polo Estado.

Entendo polo tanto que esta pregunta debe dirixirse ao Sr. Rajoy, que lle diga ao Concello de Vigo cal é a cantidade que o Concello ten que devolver, se ten ou non que devolver, se sae ou non positiva. Esta é unha información que o Estado adoita remitirle ao Concello alá polo mes de maio-xuño,.

Polo tanto quen ten que responder a esta pregunta é o Sr. Rajoy ou en todo caso o ministro de Facenda, Sr. Montoro.

O Concello de Vigo non ten ningunha notificación oficial da cantidade que lle corresponde pola liquidación do ano 2010.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión ás once horas e corenta e un minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

S. Ordinaria 26.03.12